- 3. Exercicios , actividades e traballos realizadas na aula, na casa (fichas dadas polo profesor) e o caderno de clase. Valorando os seguintes aspectos: puntualidade, atención, participación e grafía musical. Ponderación: 30%.

A valoración realizarase do seguinte xeito:

a) Traballos terase en conta: - Presentación / Exposición: 40%. - Redacción: 20%. - Puntualidade, dentro do prazo: 10%. - Contidos: 30%.

b) Na valoración do caderno de clase terase en conta: - Presentación: 40%. - Redacción : 20%. - Posta ao día: 20% (o caderno poderá ser revisado polo profesor en calquera momento). - Contidos: 20%

. 4. Actitude na aula: Participación activa na aula , cunha actitude positiva respectando as intervencións dos compañeiros e do profesorado nas interpretacións instrumentais ou orais e os traballos feitos polos compañeiros. Ponderación: 10%.

Pautas xerais de actuación:

A nota da avaliación será a suma dos apartados anteriores; sempre que a cualificación das probas obxectivas acade os mínimos esixidos.

Probas obxectivas: Como mínimo farase unha proba escrita por avaliación. O alumnado que non asista a algunha

proba obrigatoria deberá achegar xustificante médico ou similar de carácter oficial, en caso contrario será cualificado con 0 puntos.

Traballo na aula e na casa: Non se admitirán actividades fóra do prazo indicado pola profesora sen un xustificante oficial; por tanto, serán puntuadas con 0 puntos.

Calquera proba considerárase suspensa (cualificarase con 0 puntos) se se detecta que un alumno ou alumna copiou, permitiu que outros copiasen nos exames, no seu traballo ou participou en calquera actividade ou estratexia deshonesta para mellorar os resultados (propios ou alleos).

O aprobado da materia acádase cunha puntuación mínima de 5.

A nota final será o resultado da aplicación das seguintes porcentaxes dos tres trimestres:

- 1º Trimestre: 30%

- 2º Trimestre: 30%

- 3º Trimestre: 40%

Cando a nota de cada avaliación ou final dea números con decimais, se estes están por debaixo de 0.5 tenderase a nota enteira inferior, e se están por enriba de 0.5 tenderase a nota enteira superior, por exemplo, se a media é de 7.3 a nota será 7; se a media é 7.7 a nota será 8

Criterios de recuperación:

Ao rematar cada avaliación farase unha recuperación que constará dunha proba escrita sobre os contidos teóricos e prácticos da materia.

Se non se supera a materia na avaliación ordinaria o alumnado terá que presentarse á avaliación extraordinaria con toda a materia para a realización dun exame escrito.

Para superar a materia será preciso obter un 5 na proba extraordinaria.

Cando a nota de cada avaliación ou final dea números con decimais, se estes están por debaixo de 0.5 tenderase a nota enteira inferior, e se están por enriba de 0.5 tenderase a nota enteira superior, por exemplo, se a media é de 7.3 a nota será 7; se a media é 7.7 a nota será 8.

6. Medidas de atención á diversidade

Prestaremos especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ofrecendo diferentes formas de organización dos espazos e tempos da clase, e metodoloxías variadas que permitan a todo o alumnado seguir as explicacións e actividades propostas.

O obxectivo fundamental é asegurar a normalización, inclusión e non-discriminación deste alumnado coa fin de que poida acceder a unha educación de calidade con igualdade de condicións.

Para garantir un apoio axeitado a este alumnado, é fundamental establecer canles de colaboración entre o diverso profesorado que intervéñen na súa educación, e organizar os recursos persoais e materiais do centro coa fin de desenvolver actividades encamiñadas á inserción e promoción.

Estudiaranse as circunstancias concretas de cada caso, con especial atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, tendo en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, establecendo as liñas educativas a seguir e garantindo así os apoios necesarios. Para elo, a función da coordinación entre docentes, alumnado e familias é fundamental a través da titoría.

Con todo, para a atención á diversidade do alumnado de bacharelato estarase ao disposto na lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.

Algunhas posibles ferramentas para organizar a atención á diversidade serían:

1. Organizar ao alumnado en diferentes agrupamentos nas actividades segundo os seus intereses e motivacións.
2. Utilizar materiais variados en ditas actividades: escritos, audiovisuais, etc.
3. Aplicar diversas técnicas e metodoloxías para explicar un mesmo contido.
4. Manter o contacto permanente con este alumnado a través de entrevista persoal e titorías coas familias para saber que parte da asignatura cóstalles máis seguir.
5. Ofrecerlle tempo extra para asimilar as explicacións (por exemplo algún recreo a semana para consultar dúbidas) e para resolver probas específicas.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita								
ET.3 - Comunicación audiovisual								
ET.4 - Competencia dixital								
ET.5 - Emprendemento social e empresarial								
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade								

	UD 9	UD 10
ET.1 - Comprensión lectora	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita		X
ET.3 - Comunicación audiovisual		X
ET.4 - Competencia dixital		X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial		X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X
ET.9 - Creatividade		X

Observacións:

Comprensión lectora: Traballárase principalmente a través dos textos para aprender os contidos teóricos.
 Expresión oral e escrita: A través da redacción de textos explicativos e traballos de exposición oral.
 Creatividade: actividades de práctica instrumental, adaptación de proxectos musicais.
 Actividades que implican traballo grupal e controlar o noso propio rol dentro do grupo. .
 Igualdade entre sexos: Utilización de obras de diversos estilos e épocas compostas tanto por homes como por mulleres, fomentando especialmente o repertorio composto por mulleres e intérpretes femininas.
 Fomento do espírito crítico. A través da comprensión dos elementos que conforman a produción musical e dos distintos estilos e xéneros o alumnado conformará unha opinión obxectiva e crítica e isto contribuirá a fomentar un consumo responsable .
 Educación emocional e en valores. Actividades grupais nas que é primordial respectar as interpretacións dos demais e axudarse mutuamente para conseguir un produto conxunto.
 Competencia dixital: investigación e consulta de contido na rede, traballo na busca de información fiable e filtrada.
 Comunicación audiovisual: Gravación, publicación e distribución dos proxectos.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia a un concerto	Asistir como público a algún concerto didáctico de música.	X	X	X
Interpretación conxunta	Participar nalgunha actividade do centro interpretando algunha das pezas traballadas durante o curso.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Ben ou Acadado
Metodoloxía empregada
Ben ou Acadado
Clima de traballo na aula
Ben ou Mellorable

Descrición:

A programación é un documento aberto e susceptible de cambios segundo observemos os procedementos que funcionan e os que non. Debe revisarse cada ano coa fin de adaptala mellor á realidade das aulas. A posta en práctica de dita programación é o que nos permite melloralas, recollendo a través dos procedementos de avaliación da propia programación e da práctica docente, a información necesaria para reformalas. O proceso de avaliación da propia programación e da práctica docente realízase dentro do Departamento coa información recollida polos docentes sobre diferentes aspectos do desenvolvemento da mesma, que debería incluír unha valoración/avaliación dos estudantes, do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe, que pode realizarse a través dun cuestionario ou unha entrevista con cada alumno a final de curso. Algúns dos ítems a contemplar para avaliar a propia programación e a

práctica docente mediante rúbrica son os seguintes:

- Comprobación dos obxectivos propostos: se estes se adaptan ao curso correspondente, se se poden acadar coas unidades propostas, a porcentaxe de alumnado que consegue ditos obxectivos, etc.
- Idoneidade das unidades didácticas propostas: se hai correlación entre obxectivos, contidos e criterios de cualificación nestas, a corrección da temporalización. e se contribúen realmente a acadar as competencias clave.
- Utilidade dos materiais didácticos empregados: comprobar se o alumnado os entende, se son variados, se están adaptados para o alumnado con necesidades educativas específicas e de apoio educativo, se inclúen TIC, etc.
- Valoración dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación: se son útiles e precisos, se os instrumentos de avaliación inclúen métodos cualitativos e cuantitativos, se se inclúen procedementos de recuperación, etc.
- Grao de implicación dos estudantes no proceso de ensino-aprendizaxe: coñecen os obxectivos propostos, o repertorio e actividades parécenlles adecuados, coñecen os criterios de avaliación e cualificación, etc.
- Tido en conta o anterior, elaboración de propostas de mellora.

Os ítems anteriores avaliaranse mediante os indicadores ben ou acadado, mal ou non acadado e regular ou mellorable no caso de que sexa acadado pero que se poida revisar e mellorar.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para o seguimento da programación, avaliación desta e propostas de melloras utilizaremos unha táboa de indicadores considerando os ítems expostos no punto anterior: "avaliación do proceso de ensino e práctica docente", valorando para cada un deses ítems o grao de consecución e facendo propostas de mellora naqueles puntos que se observen carencias. Así o procedemento de seguimento e avaliación da programación e da práctica docente farase mediante táboas de indicadores, ficha con preguntas a cubrir polo alumnado e entrevista persoal co alumnado.

A partir da análise dos datos extraídos destes procedementos de seguimento, faranse as correspondentes propostas de mellora.

Dito seguimento farase trimestralmente acordando en reunión de departamento os cambios a introducir na programación a través da aplicación proens en cada trimestre e a final de curso de cara ao ano seguinte.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023090	IES Macías o Namorado	Padrón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Historia de España	2º Bac.	3	87

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	39
4.2. Materiais e recursos didácticos	40
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	40
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	41
6. Medidas de atención á diversidade	44
7.1. Concreción dos elementos transversais	44
7.2. Actividades complementarias	46
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	46
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	47
9. Outros apartados	48

1. Introducción

A materia de Historia de España introduce ao alumnado na perspectiva do pensamento histórico, indispensable para a observación, interpretación e comprensión da realidade na que vive. Atender aos principais retos e problemas aos que se enfrenta no século XXI resulta esencial para o exercicio da súa madurez intelectual e persoal, ao situalo ante os desafíos sociais do presente. A análise do pasado constitúe unha referencia imprescindible para entender o mundo actual. Ademais, conforma un rico legado que o alumnado debe saber apreciar, conservar e transmitir, como legado das distintas xeracións que nos antecederon. Desta maneira, ao estudar os acontecementos vividos por outros, as dificultades ás que tiveron que facer fronte e as decisións que adoptaron, o alumnado ten a oportunidade de coñecer os factores que condicionan a actuación humana e o papel que cobran na historia determinados elementos como a organización do territorio, a articulación das relacións económicas, as crenzas e o desenvolvemento das ideas. Tamén aprende a valorar e comprender a evolución social ata chegar ao actual estado constitucional no que se fundamenta a nosa convivencia democrática.

Entendemos que a función da ensinanza é facilitar a aprendizaxe ao alumnado, axudándoos a construír, adquirir e desenvolver as competencias clave que lles permitan integrarse na sociedade do coñecemento e afrontar os continuos cambios que se impoñen en todas as ordes da nosa vida.

Por competencias enténdese, nun sentido amplo, a concatenación de saberes que artellan unha concepción do ser, do saber, saber facer e saber convivir. A competencia supón unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións, e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz.

A inclusión das competencias clave no currículo ten como finalidade que as alumnas e os alumnos a) poidan facer posible o pleno exercicio da cidadanía no marco da sociedade de referencia; b) constrúan un proxecto de vida satisfactorio; c) alcancen un desenvolvemento personal emocional e afectivo equilibrado; e d) accedan a outros procesos educativos e formativos posteriores con garantías de éxito.

A través do estudo da Historia de España, o alumnado deberá adquirir determinados valores e hábitos de comportamento, como a actitude crítica cara ás fontes, o recoñecemento da diversidade de España ou a valoración do patrimonio cultural e histórico recibido. Así mesmo, tal estudo deberá contribuír a fomentar unha especial sensibilidade cara á sociedade do presente e a súa problemática, que anime a adoptar unha actitude responsable e solidaria coa defensa da liberdade, a igualdade de entre homes e mulleres, os dereitos humanos, a non-discriminación e os valores democráticos. A materia proporcionalle ao alumnado unha visión útil e funcional da historia orientada a promover a observación, análise e interpretación da súa contorna real e a exercer unha cidadanía activa e implicada na vida social.

Por iso é polo que a materia de Historia de España adquire un papel fundamental para o exercicio do espírito crítico, fundamentado e razoado, para previr a desinformación e permitir exercer con liberdade o conxunto de valores cívicos que enmarca a nosa Constitución. Todo iso desde unha concepción activa da cidadanía, na que o alumnado se sinta parte implicada da contorna na que vive, colaborando na súa mellora e contribuíndo, desde as súas posibilidades, a unha sociedade máis xusta, equitativa e cohesionada.

Doutra banda, a aproximación á metodoloxía histórica obriga o alumnado ao uso rigoroso e crítico das fontes, á utilización precisa dos conceptos e a historiografía, e ao coñecemento das principais teorías e correntes académicas que foron desenvolvéndose no ámbito da historia e doutras ciencias sociais afíns. Así mesmo, a metodoloxía histórica promove o exercicio de procesos indutivos e de indagación relacionados con estratexias de utilización de documentos e probas, así como á procura e ao tratamento de información e fontes textuais, gráficas, audiovisuais, artísticas, literarias, hemerográficas e sonoras, accesibles en moitos casos grazas a plataformas dixitais.

Preténdese con iso destacar o valor funcional e significativo da aprendizaxe da Historia de España e dos saberes que esta materia ofrece, dotándoos dun sentido práctico e relacionándoos coa contorna real do alumnado.

Relaciónanse os contidos da España contemporánea e actual, que contan con maior presenza, cos de etapas históricas anteriores. Preténdese incidir con iso no carácter funcional das aprendizaxes e na conexión do pasado máis afastado coas épocas máis recentes. En calquera caso, os feitos e acontecementos deben formularse contextualizados no seu momento histórico, caracterizando debidamente cada etapa da historia e situándoa adecuadamente na liña do tempo, evitando así unha visión presentista.

O enfoque competencial do bacharelato e da Historia de España abre novas oportunidades e posibilidades para crear escenarios de aprendizaxe máis activos, nos que dotar de maior protagonismo o alumnado, que permitan o traballo en equipo, os procesos de indagación e investigación, a creatividade e a transferencia do coñecemento adquirido.

Contextualización

O IES “Macías o Namorado” atópase na vila de Padrón. Consta aproximadamente de algo máis de 53 profesores que imparten ensinanzas de ESO, Bacharelato e Ciclos formativos a uns 450 alumnos no curso actual. O alumnado deste

centro procede basicamente do núcleo de Padrón, e de concellos limítrofes: Carcacía, Rois, Dodro, Cesures, Herbón, Extramundi e Valga.

Na vila hai outro IES (“Camilo José Cela) e Padrón conta con unha biblioteca municipal. Tamén o noso centro conta tamén con unha biblioteca, cunha grande dotación de libros. A pesares destes medios, detectamos pouco hábito lector no alumnado.

O centro conta con pizarras dixitais en practicamente tódalas aulas, ordenador e canón en todas elas. A meirande parte do alumnado conta cun ordenador na casa e está moi familiarizado co uso das novas tecnoloxías.

O alumnado caracterízase por ter bo comportamento, sendo moi infrecuente as condutas disruptivas; sen embargo, e con carácter xeral, é un alumnado que carece de hábitos de estudo, e que tende a non esforzarse... carencias que sobre todo se detectan na ESO nos últimos anos.

Con respecto aos hábitos lingüísticos, son moitos os alumnos cuxa lingua materna é o galego, e o manexan con fluidez.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Valorar os movementos e accións que promoveron as liberdades na historia de España, utilizando termos e conceptos históricos, a través da análise comparada dos distintos réximes políticos, para recoñecer o legado democrático da Constitución de 1978 como fundamento da nosa convivencia e garantía dos nosos dereitos.	2				12-31	1-2		
OBX2 - Recoñecer e valorar a diversidade identitaria do noso país, por medio do contraste da información e a revisión crítica de fontes, tomando conciencia do papel que xoga na actualidade, para respectar os sentimentos de pertenza, a existencia de identidades múltiples e as normas e símbolos que establece o noso marco común de convivencia.	3				31	1-2-3		1-2
OBX3 - Analizar e valorar a idea de progreso desde a perspectiva do benestar social e da sostibilidade, a través da interpretación dos factores modernizadores da economía española, o uso de métodos cuantitativos e a análise crítica das desigualdades sociais e territoriais, para considerar o emprendemento, a innovación e a aprendizaxe permanente como elementos fundamentais nunha contorna económica e profesional en constante cambio.			1-4	2	12-20	1-4		
OBX4 - Tomar conciencia da diversidade social a través da análise multidisciplinaria dos cambios e continuidades da sociedade española ao longo do tempo, a evolución da poboación, os niveis e modos de vida, as condicións laborais e os movementos e conflitos sociais, para valorar o alcance das medidas adoptadas e os progresos e limitacións para avanzar na igualdade, o benestar, a xustiza e a cohesión social.	2-4		4	1	40	1-3		2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Analizar criticamente o papel das crenzas e das ideoloxías na articulación social, no uso do poder e na configuración de identidades e proxectos políticos contrapostos, a través do estudo de fontes primarias e textos historiográficos e a fundamentación de xuízos propios, para debater sobre problemas actuais, transferir coñecemento, valorar a diversidade cultural e mostrar actitudes respectuosas ante ideas lexítimas diferentes ás propias.	3		4		31-40	1-2-3		1
OBX6 - Interpretar o valor xeoestratéxico de España e a súa conexión coa historia mundial, sinalando as analoxías e singularidades da súa evolución histórica nun contexto global cambiante, por medio da procura e o tratamento de información, para avalar os compromisos do noso país en materias de cooperación e seguridade, promover actitudes solidarias e asumir os valores do europeísmo.			4		11-40	1-2-3		1-2
OBX7 - Incorporar a perspectiva de xénero na análise da España actual e da súa historia, a través da contextualización histórica de fontes literarias e artísticas e a investigación sobre o movemento feminista, para recoñecer a súa presenza na historia e promover actitudes en defensa da igualdade efectiva de mulleres e homes.	4				11-12-31	2-3		1-2
OBX8 - Valorar o patrimonio histórico e cultural como legado e expresión da memoria colectiva, identificando os significados e usos públicos que reciben determinados acontecementos e procesos do pasado, por medio da análise da historiografía e do pensamento histórico para o desenvolvemento da iniciativa, o traballo en equipo, da creatividade e da implicación en cuestións de interese social e cultural.			3		11-31-32	1-3	3	32

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Historiografía e metodoloxía histórica. As raíces históricas: A Idade antiga. A Idade media: Al-Ándalus e os	Explicar as características dos principais feitos e procesos históricos da Península Ibérica desde a antigüidade ata a desaparición da monarquía visigoda, e identificar as súas causas e consecuencias.	3	9	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Reinos cristiáns.	<p>Os pobos prerromanos da Península Ibérica. Conquista e romanización. A monarquía visigoda.</p> <p>Explicar a evolución dos territorios musulmáns na Península, describindo as súas etapas políticas e a realidade socioeconómica.</p> <p>Explicar a evolución e configuración política dos reinos cristiáns, en relación co proceso de reconquista e o concepto patrimonial da monarquía.</p> <p>Analizar a reconquista e repoboación. Describir o réxime feudal e a sociedade estamental.</p> <p>Comprender as crises baixomedievais (os Irmandiños).</p>	3	9	X		
2	Os reis católicos e o Imperio dos Austria. O S.XVIII: O reformismo dos Borbón e a Ilustración. Os Decretos de Nova Planta e o Antigo Réxime.	<p>Analizar o reinado dos Reis Católicos como unha etapa de transición entre a Idade Media e a Idade Moderna (unión dinástica, reorganización político administrativa). Explicar a evolución e a configuración do imperio español no século XVI.</p> <p>Explicar as causas e as consecuencias da crise do século XVII: aspectos socioeconómicos e políticos (crise demográfica e económica, as reformas de Olivares e a crise da monarquía).</p> <p>Economía e sociedade na Galicia dos Austrias.</p> <p>Analizar o cambio dinástico e a guerra de Sucesión (causas da guerra, bandos en conflito, a paz de Utrecht).</p> <p>Describir as características do novo modelo de Estado, especificando o alcance das reformas.</p> <p>O reformismo borbónico en Galicia (a matrícula de mar, o arsenal de Ferrol, a apertura do comercio colonial).</p> <p>A Ilustración en España (características da Ilustración e do Despotismo Ilustrado).</p>	30	9	X		
3	A crise do Antigo Réxime (1788-1833): Liberalismo fronte a Absolutismo.	<p>Analizar as relacións entre España e Francia desde a Revolución Francesa ata a Guerra da Independencia.</p> <p>As Cortes de Cádiz e a constitución de 1812.</p> <p>A restauración de Fernando VII e do absolutismo (as etapas do reinado).</p>	6	6	X	X	
4	A construción do Estado liberal (1833-1868).	<p>Describir o fenómeno do carlismo como resistencia absolutista fronte á revolución liberal.</p> <p>Analizar a transición definitiva do Antigo Réxime ao réxime liberal burgués durante o reinado de Isabel II.</p>	7	6	X	X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	A construción do Estado liberal (1833-1868).	Explicar o proceso constitucional durante o reinado de Isabel II.	7	6	X	X	
5	O Sexenio Democrático (1868-1874). A Revolución Gloriosa e a constitución de 1869. A primeira república (proxecto de constitución federal e cantonalismo).	Explicar o Sexenio Democrático como período de procura de alternativas democráticas.	7	6		X	
6	Economía e Sociedade (1833-1900).	A reforma agraria liberal: as desamortizacións. Os principais sectores industriais e o papel do ferrocarril. O movemento obreiro (Sexenio Democrático e Restauración).	7	6		X	
7	A Restauración Borbónica (1875-1902).	O retorno da monarquía; constitución de 1876; e vida política). Explicar o sistema político da Restauración. A cuestión nacional no último terzo do século XIX. Analizar os movementos políticos e sociais excluídos do sistema. Explicar o desastre colonial e a crise do 98.	7	6		X	
8	A crise da Restauración Borbónica (1902-1931).	Analizar a desarticulación do sistema canovista. Relacionar o rexeneracionismo xurdido da crise do 98. A Semana Tráxica e as súas consecuencias (1909-1917). A crise de 1917, os gobernos de concentración e a guerra de Marrocos. A ditadura de Primo de Rivera (golpe de estado e etapas: delimitación temporal e características principais).	5	6		X	X
9	A II República española (1931-1939).	Explicar a II República como solución democrática ao afundimento do sistema político da Restauración. O establecemento da II República (forzas políticas e constitución de 1931). Analizar as grandes reformas da República. Diferenciar as etapas da República ata o comezo da Guerra Civil	5	9			X
10	A Guerra Civil (1936-1939).	Analizar a Guerra Civil, identificando as súas causas e as consecuencias, a intervención internacional e o curso dos acontecementos nas dúas zonas. A guerra civil: sublevación, bandos en conflito e a súa dimensión internacional.	5	3			X
11	O franquismo: A Posguerra (1939-1959).	O franquismo: características e institucionalización. Analizar as características do franquismo e a súa evolución no tempo e especificar as	5	6			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
11	O franquismo: A Posguerra (1939-1959).	transformacións políticas, económicas e sociais.	5	6			X
12	O franquismo: O gran desenvolvemento (1959-1975).	Analizar as formas de oposición ao Réxime. Explicar a política económica.	8	6			X
13	Transición e democracia (desde 1975)	Analizar a agonía do franquismo. Comprender a Constitución de 1978 e o estado das autonomías. O Estatuto de autonomía de Galicia de 1981. Entender a consolidación da democracia: da crise da UCD aos gobernos do PSOE. A consolidación do bipartidismo (1982-2004). Os gobernos do S.XXI. A crise económica de 2007. Describir e analizar os cambios económicos e sociais. Os desastres ecolóxicos: O caso do "Prestige". Comprender e argumentar os avances das últimas décadas na igualdade entre mulleres e homes e valorar en que terreos non é aínda un feito real: Lexislación para a igualdade de 2007. A crise de 2020. A pandemia do "Covid-19".	5	9			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Historiografía e metodoloxía histórica. As raíces históricas: A Idade antiga. A Idade media: Al-Ándalus e os Reinos cristiáns.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Atopa información de interese sobre a importancia cultural dun feito histórico. Elabora mapas e liñas de tempo, localizando as fontes adecuadas,	PE	100

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Identifica o carácter das fontes históricas. Contesta á proba escrita cun nivel suficiente e satisfactorio.		
CA1.3 - Referir o papel que representaron as crenzas relixiosas e as institucións eclesiásticas na configuración territorial e política de España, considerando criticamente aqueles momentos nos que primou a uniformidade e a intolerancia contra as minorías étnicas, relixiosas ou culturais.	Explica a evolución dos territorios musulmáns na Península Ibérica. Explica a evolución e configuración política dos reinos cristiáns.		
CA1.4 - Recoñecer o valor xeoestratéxico da Península Ibérica, identificando o rico legado histórico e cultural xerado por mor da súa conexión con procesos históricos relevantes, caracterizando as especificidades e singularidades da súa evolución con respecto a outros países europeos e os estereotipos asociados a elas, así como a influencia das relacións internacionais.	Analiza e explica as características dos principais procesos históricos da Península Ibérica desde a antigüidade ata a desaparición da monarquía visigoda, identificando as súas causas e consecuencias.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual. - O significado xeoestratéxico da Península Ibérica e a importancia do legado histórico e cultural. O Mediterráneo, o Atlántico e a Europa continental nas raíces da historia de España e de Galicia. - Relixión, igrexa e estado. O papel do catolicismo na configuración cultural e política de España. A situación das minorías relixiosas.

UD	Título da UD	Duración
2	Os reis católicos e o Imperio dos Austria. O S.XVIII: O reformismo dos Borbón e a Ilustración. Os Decretos de Nova Planta e o Antigo Réxime.	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Define o concepto de unión dinástica en tempos dos Reis Católicos e describe as características do novo Estado. Compara os imperios territoriais de Carlos I e de Filipe II.		
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Analiza as causas e as consecuencias da decadencia no S.XVII. Fixado por Rúbricas CIUG.		
CA1.3 - Referir o papel que representaron as crenzas relixiosas e as institucións eclesiásticas na configuración territorial e política de España, considerando criticamente aqueles momentos nos que primou a uniformidade e a intolerancia contra as minorías étnicas, relixiosas ou culturais.	Explica a expansión colonial en América e no Pacífico durante o S. XVI e as súas consecuencias. Fixado por Rúbricas CIUG.	PE	100
CA1.4 - Recoñecer o valor xeoestratéxico da Península Ibérica, identificando o rico legado histórico e cultural xerado por mor da súa conexión con procesos históricos relevantes, caracterizando as especificidades e singularidades da súa evolución con respecto a outros países europeos e os estereotipos asociados a elas, así como a influencia das relacións internacionais.	Contesta á proba escrita cun nivel suficiente e satisfactorio. Explica as causas da Guerra de Sucesión e as características do novo modelo de Estado. Fixado por Rúbricas CIUG.		
CA4.5 - Realizar traballos de indagación e investigación, iniciándose na metodoloxía histórica e a historiografía, mediante a xeración de produtos relacionados coa memoria colectiva sobre acontecementos, personaxes ou elementos patrimoniais de interese social ou cultural da contorna local, considerando o patrimonio histórico como un ben común que se debe protexer.	Fixado por Rúbricas CIUG.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual. - O significado xeoestratéxico da Península Ibérica e a importancia do legado histórico e cultural. O Mediterráneo, o Atlántico e a Europa continental nas raíces da historia de España e de Galicia. - O proceso de construción nacional en España. Da centralización política e administrativa á fin do Antigo Réxime: a unión dinástica dos Reis Católicos e a formación do estado moderno; as Xuntas do Reino de Galicia. O papel central da monarquía dos Austrias na Europa moderna, eclosión e decadencia. O cambio dinástico, os Decretos de Nova Planta e a crise do Antigo Réxime. - O significado da monarquía hispánica e da herdanza colonial. Estereotipos e singularidades da historia de España no contexto internacional: as leis de Indias e a "revolución dos presos".

Contidos
- Relixión, igrexa e estado. O papel do catolicismo na configuración cultural e política de España. A situación das minorías relixiosas. - Conservación e difusión do patrimonio histórico: o valor patrimonial, social e cultural da memoria colectiva. Arquivos, museos e centros de divulgación e interpretación histórica.

UD	Título da UD	Duración
3	A crise do Antigo Réxime (1788-1833): Liberalismo fronte a Absolutismo.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Explica as fases do conflito entre liberais e absolutistas durante o reinado de Fernando VII. Comprende as diferenzas entre o Antigo Réxime e o réxime liberal burgués.	PE	100
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Analiza as relacións entre España e Francia desde a Revolución Francesa ata a Guerra da Independencia. Explica as causas e o desenvolvemento do proceso de independencia das colonias americanas.		
CA1.3 - Referir o papel que representaron as crenzas relixiosas e as institucións eclesiásticas na configuración territorial e política de España, considerando criticamente aqueles momentos nos que primou a uniformidade e a intolerancia contra as minorías étnicas, relixiosas ou culturais.	Os relacionados fixados pola CIUG.		
CA1.4 - Recoñecer o valor xeoestratéxico da Península Ibérica, identificando o rico legado histórico e cultural xerado por mor da súa conexión con procesos históricos relevantes, caracterizando as especificidades e singularidades da súa evolución con respecto a outros países europeos e os estereotipos asociados a elas, así como a influencia das relacións internacionais.	Os relacionados fixados pola CIUG.		
CA2.1 - Recoñecer o legado democrático e as accións en favor da liberdade, identificando e comparando os distintos réximes políticos e os seus respectivos textos constitucionais, desde a quebra da Monarquía Absoluta e os inicios da España liberal á actualidade, utilizando adecuadamente termos e conceptos históricos, valorando o grao e alcance dos dereitos e liberdades que recoñecen e a aplicación efectiva destes.	Comenta as características esenciais da Constitución de 1812.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
<p>CA2.2 - Describir as grandes transformacións sociais e os diferentes modos de organización e participación política que se produciron en España desde o tránsito do Antigo Réxime á nova sociedade contemporánea, analizando o xurdimento e evolución do concepto de cidadanía e das novas formas de sociabilidade, utilizando adecuadamente termos históricos e conceptos historiográficos, e identificando a persistencia das desigualdades.</p>	Os relacionados fixados pola CIUG.		
<p>CA2.3 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron as ideoloxías na articulación social e política da España contemporánea, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través da lectura de textos historiográficos e identificando as principais culturas políticas e ideolóxicas que foron sucedéndose, as súas formas de organización e os diferentes proxectos políticos que representaban, expresando actitudes respectuosas ante ideas diferentes ás propias.</p>	Os relacionados fixados pola CIUG.		
<p>CA3.1 - Analizar a evolución económica de España, os seus ritmos e ciclos de crecemento, valéndose do manexo de datos, representacións gráficas e recursos dixitais, interpretando o seu particular proceso de modernización no contexto dos países da súa contorna e os debates historiográficos sobre o seu desenvolvemento industrial, considerando o emprendemento, a innovación e a aprendizaxe permanente como formas de afrontar os retos dunha contorna económica e profesional en constante cambio.</p>	Os relacionados fixados pola CIUG.		
<p>CA3.2 - Entender os distintos significados da idea do progreso nos seus contextos históricos, desenvolvendo o estudo multicausal dos modelos de desenvolvemento económico aplicados na España contemporánea e analizando criticamente a idea de modernización, valorando os seus efectos en relación co progreso económico e a mellora das condicións xerais de vida, coa desigualdade social, os desequilibrios territoriais, a degradación ambiental e as relacións de dependencia, así como reflectindo actitudes en favor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.</p>	Os relacionados fixados pola CIUG.		
<p>CA3.3 - Analizar de maneira multidisciplinaria a diversidade e a desigualdade social existente na historia contemporánea de España, a evolución da poboación e os cambios nas condicións e modos de vida, interpretando as causas e motivos da conflitividade social e a súa articulación en distintos movementos sociais, considerando a acción motivada dos suxeitos e as medidas de distinto tipo adoptadas polo estado.</p>	Os relacionados fixados pola CIUG.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Realizar traballos de indagación e investigación, iniciándose na metodoloxía histórica e a historiografía, mediante a xeración de produtos relacionados coa memoria colectiva sobre acontecementos, personaxes ou elementos patrimoniais de interese social ou cultural da contorna local, considerando o patrimonio histórico como un ben común que se debe protexer.	Os relacionados fixados pola CIUG.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates da sociedade actual. - O proceso de construción nacional en España. Da centralización política e administrativa á fin do Antigo Réxime: a unión dinástica dos Reis Católicos e a formación do estado moderno; as Xuntas do Reino de Galicia. O papel central da monarquía dos Austrias na Europa moderna, eclosión e decadencia. O cambio dinástico, os Decretos de Nova Planta e a crise do Antigo Réxime. - O significado da monarquía hispánica e da herdanza colonial. Estereotipos e singularidades da historia de España no contexto internacional: as leis de Indias e a "revolución dos presos". - Relixión, igrexa e estado. O papel do catolicismo na configuración cultural e política de España. A situación das minorías relixiosas. - Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos. - A transición ao capitalismo en España. Os debates historiográficos sobre a industrialización do país e da súa dependencia exterior. O modelo de desenvolvemento económico español, ritmos e ciclos de crecemento. Pautas rexionais. O modelo de industrialización en Galicia. - As grandes desamortizacións liberais: logros e frustracións. - Cambios sociais e novas formas de sociabilidade: interpretacións sobre a transformación da sociedade estamental e o desenvolvemento do novo concepto de cidadanía. - Traballo e condicións de vida. A evolución da sociedade española. Poboación, familias e ciclos de vida. Servidume señorial, proletarización industrial, o nacemento das clases medias e o estado do benestar. - Mundo rural e mundo urbano. Relacións de interdependencia e de reciprocidade entre o campo e a cidade desde unha perspectiva histórica. O foro en Galicia. O éxodo rural. - A loita pola igualdade e a xustiza social: conflictividade, movementos sociais e asociacionismo obreiro. - Identidade e sentimentos de pertenza: recoñecemento das identidades múltiples e dos símbolos e normas comúns do Estado español. - Conservación e difusión do patrimonio histórico: o valor patrimonial, social e cultural da memoria colectiva. Arquivos, museos e centros de divulgación e interpretación histórica.

UD	Título da UD	Duración
4	A construción do Estado liberal (1833-1868).	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Contrastar a información e desenvolver procesos de crítica de fontes analizando a orixe e a evolución das identidades nacionais e rexionais que se formaron ao longo da historia de España, recoñecendo a pluralidade identitaria do noso país, con especial mención a Galicia.	Explica o protagonismo dos militares e especificando os cambios políticos, económicos e sociais. Fixado por Rúbricas CIUG.		
CA1.2 - Identificar os distintos procesos políticos, culturais e administrativos que tiveron lugar na formación do estado e na construción da nación española, analizando criticamente os logros e resultados das accións levadas a cabo e das reaccións xeradas, coñecendo e respectando tanto as identidades múltiples como os símbolos e normas comúns que conforman o marco actual de convivencia.	Analiza a transición definitiva do Antigo Réxime ao réxime liberal burgués durante o reinado de Isabel II. Fixado por Rúbricas CIUG.		
CA2.1 - Recoñecer o legado democrático e as accións en favor da liberdade, identificando e comparando os distintos réximes políticos e os seus respectivos textos constitucionais, desde a quebra da Monarquía Absoluta e os inicios da España liberal á actualidade, utilizando adecuadamente termos e conceptos históricos, valorando o grao e alcance dos dereitos e liberdades que recoñecen e a aplicación efectiva destes.	Explica o proceso constitucional durante o reinado de Isabel II. Compara o Estatuto Real de 1834 e as Constitucións de 1837 e 1845. Fixado por Rúbricas CIUG.		
CA2.2 - Describir as grandes transformacións sociais e os diferentes modos de organización e participación política que se produciron en España desde o tránsito do Antigo Réxime á nova sociedade contemporánea, analizando o xurdimento e evolución do concepto de cidadanía e das novas formas de sociabilidade, utilizando adecuadamente termos históricos e conceptos historiográficos, e identificando a persistencia das desigualdades.	Fixado por Rúbricas CIUG.	PE	100
CA2.3 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron as ideoloxías na articulación social e política da España contemporánea, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través da lectura de textos historiográficos e identificando as principais culturas políticas e ideolóxicas que foron sucedéndose, as súas formas de organización e os diferentes proxectos políticos que representaban, expresando actitudes respectuosas ante ideas diferentes ás propias.	Fixado por Rúbricas CIUG.		
CA2.5 - Constatar o papel relegado da muller na historia analizando fontes literarias e artísticas, valorando as accións en favor da emancipación da muller e do movemento feminista e recuperando figuras individuais e colectivas como protagonistas silenciadas e omitidas da historia.	Fixado por Rúbricas CIUG.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar a evolución económica de España, os seus ritmos e ciclos de crecemento, valéndose do manexo de datos, representacións gráficas e recursos dixitais, interpretando o seu particular proceso de modernización no contexto dos países da súa contorna e os debates historiográficos sobre o seu desenvolvemento industrial, considerando o emprendemento, a innovación e a aprendizaxe permanente como formas de afrontar os retos dunha contorna económica e profesional en constante cambio.	Fixado por Rúbricas CIUG.		
CA3.2 - Entender os distintos significados da idea do progreso nos seus contextos históricos, desenvolvendo o estudo multicausal dos modelos de desenvolvemento económico aplicados na España contemporánea e analizando criticamente a idea de modernización, valorando os seus efectos en relación co progreso económico e a mellora das condicións xerais de vida, coa desigualdade social, os desequilibrios territoriais, a degradación ambiental e as relacións de dependencia, así como reflectindo actitudes en favor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.	Fixado por Rúbricas CIUG.		
CA3.3 - Analizar de maneira multidisciplinaria a diversidade e a desigualdade social existente na historia contemporánea de España, a evolución da poboación e os cambios nas condicións e modos de vida, interpretando as causas e motivos da conflitividade social e a súa articulación en distintos movementos sociais, considerando a acción motivada dos suxeitos e as medidas de distinto tipo adoptadas polo estado.	Fixado por Rúbricas CIUG.		
CA4.4 - Introducir a perspectiva de xénero na observación e análise da realidade histórica e actual, identificando os mecanismos de dominación que xeraron e mantiveron a desigualdade entre mulleres e homes, así como os roles asignados e os espazos de actividade ocupados tradicionalmente pola muller.	Fixado por Rúbricas CIUG.		
CA4.5 - Realizar traballos de indagación e investigación, iniciándose na metodoloxía histórica e a historiografía, mediante a xeración de produtos relacionados coa memoria colectiva sobre acontecementos, personaxes ou elementos patrimoniais de interese social ou cultural da contorna local, considerando o patrimonio histórico como un ben común que se debe protexer.	Fixado por Rúbricas CIUG.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
O traballo do historiador, a historiografía e a metodoloxía histórica. Conciencia histórica e conexión entre o pasado e o presente. Usos públicos da historia: as interpretacións historiográficas sobre determinados procesos e acontecementos relevantes da historia de España e a análise dos coñecementos históricos presentes nos debates

Contidos

- da sociedade actual.
- Relixión, igrexa e estado. O papel do catolicismo na configuración cultural e política de España. A situación das minorías relixiosas.
- Estudo comparado dos réximes liberais e do constitucionalismo en España: dos inicios do réxime liberal e a constitución de 1812 ata a Constitución democrática de 1931. Termos e conceptos da historia para o estudo dos sistemas políticos.
- Ideoloxías e culturas políticas na España contemporánea: conflictividade, sistemas políticos e usos do poder. Estudo de textos e contextos de partidos e movementos políticos, desde o carlismo e as distintas forzas monárquicas ao republicanismo e o obrerismo revolucionario. O papel dos exilios na España contemporánea e a súa contribución á construción da Europa das liberdades.
- A cuestión nacional: conciencia histórica e crítica de fontes para abordar a orixe e a evolución dos nacionalismos e rexionalismos na España contemporánea.
Para que esta metodoloxía acade a efectividade desexada, é imprescindible outorgarlle un carácter interdisciplinar, relacionando a materia de Lingua Castelá e Literatura con outras disciplinas do currículo, traballando de maneira conxunta as competencias clave e dotando ao alumnado da capacidade lingüística que lle permita amosar, relacionar e extrapolar de forma coherente, cohesionada e adecuada os coñecementos adquiridos noutras materias. A colaboración transversal cos departamentos lingüísticos dos centros, co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e coa Biblioteca Escolar constituirá un apoio importante para mellorar a asimilación de capacidades e coñecementos sobre a comunicación. Todos eles, de xeito coordinado, deberán contribuír a mellorar os procesos de produción e recepción oral, escrita e multimodal, así como a alfabetización informacional. As accións concretas favorecen a creación e organización de proxectos colaborativos e significativos para o alumnado. Neste sentido, o deseño de tarefas cooperativas basearase en contextos auténticos e recoñecibles que teñan en conta as vivencias particulares do alumnado, potenciando que cada estudante, dentro do grupo, dispoña dos tempos e espazos necesarios para o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade para contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Estes principios metodolóxicos han de aplicarse arredor de contidos concretos, polo que convén definir o seu campo de actuación en conexión coas actividades máis relevantes da materia de Lingua Castelá e Literatura, relacionadas cos seus bloques de contido: As linguas e os seus falantes, Comunicación (Comprensión e expresión oral e escrita), Educación literaria e Reflexión sobre a lingua. Polo tanto, plantexarase o traballo na aula a partir das seguintes concrecións metodolóxicas:

1) Deseño de actividades a partir de textos extraídos do ámbito persoal, social e académico do alumnado. Estas tarefas, diversificadas e organizadas por niveis de dificultade, permitirán o traballo competencial e favorecerán o desenvolvemento do pensamento crítico e creativo.

2) Distribución flexible dos espazos, sempre que sexa posible, propiciando o traballo colaborativo a través de distintos tipos de agrupamentos. Así, o gran grupo é axeitado para a posta en común e corrección de tarefas, a identificación dos coñecementos previos do alumnado á hora de iniciar unha nova unidade didáctica, a revisión e síntese final, os debates, a realización de exposicións orais ou multimedia ou o visionado de recursos audiovisuais. Os pequenos grupos son idóneos para o desenvolvemento de proxectos de investigación. Pola súa parte, o traballo por parellas enriquece as exposicións orais e as actividades de creación literaria. Finalmente, as actividades individuais son aplicables ás probas escritas, ás actividades de reforzo ou á lectura interior.

3) Emprego de estratexias para a comprensión e a recomendación lectora:

-Lectura compartida de textos propios do ámbito persoal, social e académico para procurar a interacción entre iguais, posto que todo o alumnado participará na lectura en voz alta dos fragmentos escollidos, a escoita activa, a comprensión oral e a explicación e argumentación arredor da interpretación dos mesmos.

-Lectura de textos adscritos aos distintos xéneros discursivos para captar a información esencial, realizar as inferencias necesarias para a súa correcta comprensión, recoñecer a idea principal e as secundarias, identificar a súa estrutura e interpretar os fragmentos propostos tendo en conta as súas características formais, estéticas e temáticas.

-Lectura dixital para o desenvolvemento dunha competencia lectora parcialmente diferente á empregada na comprensión e análise dos textos impresos. No caso dos xéneros dixitais, é necesaria a correcta observación e interpretación do hipertexto para assimilar completamente a multiplicidade de significados do fragmento base.

-Lectura comprensiva e expresiva de textos pertencentes aos distintos xéneros literarios (lectura compartida, recitado de poemas, dramatización de textos dialogados), arredor de temas próximos á realidade e aos gustos do

alumnado, acompañados de estratexias de comprensión lectora, como a aclaración dos propósitos de lectura, a activación dos coñecementos previos dos estudantes, a atención aos contidos principais do texto e a formulación de predicións de lectura.

-A partir da lectura das obras seleccionadas, deseñaranse catálogos, táboas literarias, menús literarios e/ou produtos multimedia nas que se condensen as reflexións e conclusións de lectura.

-Composición de recomendacións ou recensións das obras de lectura traballadas a través de exposicións orais, booktrailers, booktubers e outras aplicacións multimedia de carácter compilatorio.

4) Utilización de recursos para mellorar a oralidade a través de actividades contextualizadas en situacións reais e próximas ao alumnado, mediante o emprego de audios, vídeos e recreación de conversas veraces que poidan producirse na contorna dos estudantes. Proporase, así, unha ampla variedade de situacións comunicativas espontáneas e planificadas e de contextos formais e informais, co fin de abordar desde un punto de vista eminentemente práctico os distintos rexistros, elementos e principios da comunicación.

5) Creación de textos escritos con diversas finalidades (narrar, describir, informar, expoñer, argumentar...), pertencentes aos ámbitos persoal, social e académico, seguindo as distintas fases da construción textual: a planificación das ideas a través dun borrador, determinando o propósito comunicativo e o destinatario; a redacción; a revisión e a edición final, incidindo na corrección formal (puntuación, ortografía, estruturas gramaticais, ampliación de vocabulario e presentación).

6) Elaboración de resumos, esquemas, sínteses e mapas conceptuais a partir de textos orais e escritos para fomentar no alumnado a conciencia da propia comprensión textual e a asimilación de contidos.

7) Exercitación de comentarios e actividades de comprensión de textos escritos e multimodais literarios e non literarios a través de tarefas secuenciadas e guiadas referidas á forma, estrutura, recursos e contido dos fragmentos propostos.

8) Creación de textos con intención literaria a partir de modelos dados ou de discursos non literarios (noticias, reportaxes, crónicas, textos instrutivos...).

9) Emprego de dicionarios impresos e dixitais, propiciando o seu uso como unha forma de ampliar o caudal léxico do alumnado e resolver as súas dúbidas lingüísticas e morfosintácticas. Realizaranse, ademais, actividades para a composición e deseño de glosarios temáticos.

10) Manexo dos recursos propios das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a procura de datos, a realización de traballos multimedia, a consulta da prensa dixital e a creación de espazos virtuais con material didáctico integrado.

11) Utilización dos fondos, servizos e recursos da Biblioteca escolar como espazo creativo de aprendizaxe e construción de novos coñecementos a través da consulta de libros, dicionarios, xornais, materiais audiovisuais, potenciando tamén a lectura autónoma para a creación dunha identidade lectora sólida e definida, fundamentada no enriquecemento cultural e a interrelación entre as distintas áreas do saber.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Documentos e recursos elaborados polo docente.
Escolma de textos variados orais, escritos e multimodais en diversos formatos e soportes.
Selección de fragmentos e/ou obras de lectura obrigatorias e voluntarias coas súas correspondentes guías de lectura.
Libro de texto e caderno de clase
Aula Virtual (para consulta de contidos, busca de información, planteamento de dúbidas e presentación de traballos, tarefas e actividades)
Recursos e aplicacións informáticas e multimedia (tableta, ordenador).
Materiais de investigación e consulta (manuais, dicionarios, páxinas web, etc.).
Emprego do debate como ferramenta que estimula o seu interese e a súa capacidade para reflexionar, relacionar, consolidar coñecementos, respectar opinións e extraer conclusións.

A selección dos materiais docentes que integran a programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación ao contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos para cada curso. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais e grupais que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Este curso non faremos avaliación inicial porque a profesora da materia xa coñece ao alumnado do ano 22/23 e o nivel do mesmo. Empezaremos 2º de Bacharelato como unha continuación do curso anterior.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	25	5	5	5	5	5	5	5	5
Proba escrita	40	100	52	45	30	10	60	50	50	50
Táboa de indicadores	60	0	48	55	70	90	40	50	50	50

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	5	5	10	100
Proba escrita	50	50	50	50	59
Táboa de indicadores	50	50	50	50	41

Criterios de cualificación:

Ao longo do curso os alumnos estarán informados do seu progreso no proceso de aprendizaxe a través das indicacións que se lle vaian dando: correccións das distintas probas escritas previstas, interacción na aula, corrección dos traballos que se vaian propondo. Unha vez ao trimestre informarase de xeito formalizado, a través da cualificación da avaliación de acordo co establecido na normativa vixente, aos pais e aos alumnos dos progresos destes no proceso de aprendizaxe.

Ao remate do curso valorarase o rendemento académico dos alumnos, así como a súa dedicación e esforzo, mediante a cualificación final que se determinará de acordo coas especificacións e criterios de cualificacións que se detallan nos puntos seguintes.

A cualificación de cada trimestre en 2º de Bacharelato será o resultado da suma das cualificacións obtidas polo alumno nos seguintes apartados, de acordo coa ponderación proposta para cada un deles:

Probas escritas:

Proba de lingua: 50%

Proba de literatura: 50%

A nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas nas distintas probas que pondera o 90%.
Probas das lecturas obrigatorias propostas pola ABAU: A nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas nas distintas probas que pondera o 10%.
As probas escritas puntuaranse sobre 10 puntos e nelas todas as preguntas valerán o mesmo, agás que o profesor faga constar outra puntuación na folla do exame. Copiar ou levar chuletas suporá a anulación da proba.

Nos exames poderanse descontar ata un máximo de 2 puntos por erros relacionados cos seguintes aspectos:

- Carencias graves no que se refire a unha presentación correcta do exame.
- Erros graves de puntuación ou de uso de conectores.
- Erros continuados no uso das normas de ortografía. (0, 25 por cada falta de ortografía e 0,10 cada til incorrecto).
- Carencias graves na redacción:
 - En canto ao ordenamento lóxico da información ou á estruturación dos parágrafos.
 - Erros na ordenación lóxica das oracións.

A docente poderá penalizar ata con un punto a cualificación resultante da media ponderada de cada trimestre ao alumnado que non realice o traballo diario tanto na aula coma na casa. A profesora anotará un negativo cada vez que non realice os deberes de aula e de casa. Cada negativo terá o valor de -0,10.

O alumnado poderá sumar ata un máximo dun punto á cualificación de cada trimestre polas actividades relacionadas coas lecturas voluntarias ou pola súa participación no club de lectura, sempre e cando, o resultado da cualificación de cada trimestre acade un mínimo de cinco. En ningún caso facer unha lectura voluntaria eximirá de facer as lecturas obrigatorias.

En coherencia co expresado nos puntos anteriores, a cualificación trimestral redondearase, de ser o caso, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é 0,5 ou superior e ao anterior nos restantes casos, sen prexuízo de que a nota mínima será de 1 punto. Así, a unha cualificación trimestral de 4,5 corresponderalle 5 na cualificación da avaliación; a unha cualificación trimestral de 4,4 corresponderalle unha cualificación na avaliación de 4.

Criterios de recuperación:

Considérase superada a avaliación cando o alumnado obteñan unha cualificación igual ou superior a 5 puntos. En caso de non alcanzar dita nota, e considerando o carácter progresivo da nosa materia, poderase recuperar superando as avaliacións posteriores.

6. Medidas de atención á diversidade

As aulas reflicten a diversidade da sociedade na que vivimos. O obxectivo da lei é que todo o alumnado participe no proceso de aprendizaxe e que acade os obxectivos que correspondan á súa capacidade e interese. O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todo o alumnado para evitar o fracaso escolar e o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade é o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a acadar os obxectivos e as competencias establecidas para Bacharelato e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, respecto, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

As medidas de atención á diversidade deben atender ao principio de inclusión educativa, o que supón recoñecer a lexitimidade das diferenzas das persoas, asumíndoas como un valor que enriquece o contexto educativo. Este principio establece que independentemente da condición persoal do alumnado, teña a súa disposición na súa contorna educativa as condicións necesarias de acceso a unha formación integral e outorgue experiencias de aprendizaxe significativas para todo o alumnado.

Neste sentido, faise preciso establecer unha metodoloxía que permita ao profesorado abordar con garantías a diversidade das súas aulas. O plan de atención concretarase nos seguintes aspectos:

- Uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos.
- Diversidade de tarefas, articulación de itinerarios diferenciados e combinación de linguaxes que faciliten o seu desenvolvemento individual e autónomo.

Deseño de programas de reforzo e ampliación destinados a mellorar as posibilidades de acadar os obxectivos da

etapa.

- Realización de proxectos, tarefas, ou traballos cos que ao mesmo tempo que aprende se reforza a a u t o e s t i m a , a a u t o n o m í a , a r e f l e x i ó n e a responsabilidade.

Este tipo de actividades (tanto individuais como en grupo) fai que o alumnado aprenda a regular a súa conduta, a súa expresión e a súa capacidade para relacionarse cos demais, así como a reflexión sobre as propias ideas, o pensamento crítico, o respecto por outras opinións, a aceptación de outros puntos de vista, orecoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.

Tamén contribúen á resolución de problemas e conflitos en colaboración, á adquisición das competencias necesarias para seguir os procesos de pensamento e a utilizar o razoamento crítico para entender e analizar os procesos culturais, sociais e históricos.

A gradación da aprendizaxe dos contidos e o desenvolvemento das capacidades deberá facerse dun xeito gradual e progresivo, de maneira que se vaian adquirindo paulatinamente habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora.					X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico.					X	X	X	X
ET.6 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Creatividade.					X	X	X	X
ET.9 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.					X	X	X	X
ET.10 - Pluralidade lingüística.			X		X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Creatividade.	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Pluralidade lingüística.	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas artístico-literarias	Saídas a exposicións, museos ou roteiros literarios que lle acaian ao currículo do curso	X	X	
Encontros con escritoras e escritores	Visita ao centro de autoras de lecturas ou obras relacionadas co currículo Yáñez e Leticia Costas, para conversar sobre elas	X	X	

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación.
Metodoloxía empregada
As explicacións foron claras e amenas e as exemplificacións sinxelas e comprensibles.
O profesorado mantívose actualizado tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da materia como no ámbito das tecnoloxías
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Houbo unha comunicación fluída con outros departamentos e equipos (EDLG, Biblioteca...)
Medidas de atención á diversidade
Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidores/as...

Clima de traballo na aula
Analizáronse as cualificacións do alumnado e valoráronse as porcentaxes que superaron e non superaron a materia
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Mantívose contacto regular coas familias e foron informadas cando o solicitaron.

Descrición:

Cada un dos ítems anteriores será valorado de 0 a 10 e os seus resultados reflectiranse na memoria final, de cara a corrixir as deficiencias que se detectan para o curso seguinte.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

1º.- Esta programación didáctica de Lingua Castelá e Literatura de 2º de Bacharelato estará á disposición da comunidade educativa do centro. A comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios de cualificación, procedementos de avaliación e recuperación e o material didáctico.

2º.- A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino aprendizaxe e consecución dos obxectivos establecidos. Ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

3º.- A avaliación da programación realizouse a través dos seguintes indicadores de logro:

- A programación didáctica específica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.
- Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.
- As actividades adáptanse á metodoloxía didáctica programada.

4º.- A programación didáctica:

- 1.- Presenta os recursos e os materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.
 - 2.- Organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.
 - 3.- Inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuados ao perfil, características e necesidades do alumnado.
 - 4.- Poderá ser revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.
 - 5.- Adáptase ao contexto escolar do centro educativo.
- 5º.- Realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación PROENS, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final de cada unidade, o número de sesións adicadas ao seu desenvolvemento, especificando as previstas ao comezo e as realizadas finalmente, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

6º.- Segundo os obxectivos acadados en cada unidade nas distintas avaliacións ao longo do curso, estableceranse as modificacións que fosen necesarias para conseguir mellorar os resultados para os seguintes cursos. Estas modificacións, no seu caso, quedarán reflectidas na memoria do Departamento de Lingua castelá e Literatura.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023090	IES Macías o Namorado	Padrón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Lingua estranxeira II: Inglés	2º Bac.	3	87

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	33
4.2. Materiais e recursos didácticos	34
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	34
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	34
6. Medidas de atención á diversidade	36
7.1. Concreción dos elementos transversais	36
7.2. Actividades complementarias	37
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	37
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	38
9. Outros apartados	38

1. Introducción

A presente programación didáctica da materia de Lingua Inglesa en 2º de Bacharelato ten como obxectivo principal a adquisición da competencia comunicativa apropiada, de modo que o alumnado sexa quen de comprender, expresarse e interactuar na devandita lingua con eficacia; asemade procura o enriquecemento e a expansión da súa conciencia intercultural e plurilingüe.

O alumnado, ademais, con esta materia poderá desenvolverse mellor nas contornas dixitais, xa que estas ferramentas aproveitaranse plenamente para reforzar a aprendizaxe, o ensino e a avaliación da lingua e cultura inglesa. Por iso, o desenvolvemento do pensamento crítico, a alfabetización mediática e o uso adecuado, seguro, ético e responsable da tecnoloxía supoñen un elemento moi relevante nesta programación.

Por outra banda, aquí, o profesorado atopará un protocolo específico para abordar con eficacia e seguridade as diferentes circunstancias que poden xurdir ao longo dun curso e, ao mesmo tempo, flexible para permitir o uso da súa creatividade e a improvisación necesaria para adaptarse á grande diversidade das aulas.

Finalmente, a metodoloxía seguida responde ao enfoque comunicativo aconsellado dende o Marco Común Europeo de Referencia, polo que non só os obxectivos e contidos, senón tamén as actividades, as tarefas e as unidades a desenvolver representarán situacións reais e efectivas de comunicación.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender e interpretar as ideas principais e as liñas argumentais básicas de textos expresados na lingua estándar buscando fontes fiables e facendo uso de estratexias de inferencia e comprobación de significados para responder ás necesidades comunicativas expostas.	2-3	1-2	1	1	11-40			
OBX2 - Producir textos orixinais, de crecente extensión, claros, ben organizados e detallados, usando estratexias tales como a planificación, a síntese, a compensación ou a autorreparación, para expresar ideas e argumentos de forma creativa, adecuada e coherente, de acordo con propósitos comunicativos concretos.	1-5	1-2	1	1-2-3	40		3	32
OBX3 - Interactuar activamente con outras persoas, con suficiente fluidez e precisión e con espontaneidade, usando estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais para responder a propósitos comunicativos en intercambios respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1	1	31	3		
OBX4 - Mediar entre distintas linguas ou variedades, ou entre as modalidades e rexistros dunha mesma lingua, usando estratexias e coñecementos eficaces orientados a explicar conceptos e opinións ou a simplificar mensaxes para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable e crear unha atmosfera positiva que facilite a comunicación.	5	1-2-3	1		31	1-3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas e variedades, reflexionando de forma crítica sobre o seu funcionamento, facendo explícitos e compartindo as estratexias e os coñecementos propios para mellorar a resposta ás súas necesidades comunicativas.	1-3-4	2	1	3	11			1-2-31
OBX6 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, reflexionando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas para actuar de forma empática, respectuosa e eficaz e fomentar a comprensión mutua en situacións interculturais	1-2-5	3			31	2-3-4		1-2-32

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Getting Started	Revisión dos conceptos estudados en 1 BACH. Presentación de proxectos sobre o verán.	1	15	X		
2	Culture Gap	.Análise das diferenzas culturais entre os pobos e como estas afectan á lingua. Análise dos textos narrativos.	1	12	X		
3	Staying Safe	Tomar riscos e prever perigos na nosa sociedade. Expresión da condición. Textos biográficos.	1	12	X	X	
4	Move It!	O mundo do deporte. Análise de textos de opinión. Análise dun texto literario (voluntario). Palabras do ano,	1	12		X	
5	Staying Together	Reflexión acerca da amizade e as relacións interpersoais. O papel da muller na sociedade actual. Textos argumentativos.	1	12		X	
6	Time will Tell	Diferentes nocións do tempo. Ecoloxía e quecemento global. Os modais.	1	12			X
7	More Than a Job	O mundo do traballo. Preparación dunha entrevista de traballo. Textos formais. Repaso xeneral.	94	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Getting Started	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Extraer e analizar as ideas principais, a información detallada e as implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e complexos, orais, escritos e multimodais, tanto nun rexistro formal coma informal, sobre temas de relevancia persoal ou de interese público, tanto concretos coma abstractos, expresados de forma clara e na lingua estándar ou en variedades frecuentes, mesmo en contornas moderadamente ruidosas, a través de diversos soportes.	Extraer as ideas principais e a información relevante de textos ben organizados e de certa complexidade, orais, escritos e multimodais, sobre temas expresados de forma clara e na lingua estándar.		
CA1.2 - Interpretar e valorar de maneira crítica o contido, a intención, os trazos discursivos e certos matices como a ironía ou o uso estético da lingua de textos de certa lonxitude e complexidade, con especial énfase nos textos académicos e dos medios de comunicación, así como nos textos de ficción, sobre unha ampla variedade de temas de relevancia persoal ou de interese público.	Interpretar o contido e os trazos discursivos de textos de certa lonxitude e complexidade nos texto sobre temas xerais ou máis específicos de relevancia persoal ou de interese público.		
CA1.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e os coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes e para distinguir a intención e as opinións implícitas e explícitas dos textos, inferir significados, interpretar elementos non verbais e buscar, seleccionar e contrastar información veraz.	Aplicar as estratexias e os coñecementos adecuados para comprender a información global e específica e distinguir as opinións explícitas dos textos sempre que estean claramente sinalizadas.	PE	100
CA1.4 - Expresar oralmente e con suficiente fluidez, facilidade e naturalidade diversos tipos de textos claros, coherentes, detallados, ben organizados e adecuados á persoa interlocutora e ao propósito comunicativo sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, co fin de describir, narrar, argumentar e informar, en diferentes soportes, evitando erros importantes e utilizando rexistros adecuados, así como recursos verbais e non verbais e estratexias de planificación, control, compensación e cooperación..	Expresar oralmente con suficiente fluidez e corrección textos claros, coherentes, ben organizados e adecuados á situación comunicativa, co fin de describir, narrar, e informar.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
<p>CA1.5 - Redactar e difundir textos detallados de crecente extensión, ben estruturados e de certa complexidade, adecuados á situación comunicativa, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas evitando erros importantes e reformulando, sintetizando e organizando de maneira coherente información e ideas de diversas fontes, xustificando as propias opinións sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, facendo un uso ético da linguaxe, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.</p>	<p>Redactar e difundir textos detallados de certa extensión e complexidade, cunha estrutura clara e adecuados á situación comunicativa, á tipoloxía textual e ás ferramentas utilizadas.</p>		
<p>CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias de planificación, produción, revisión e cooperación para compor textos ben estruturados e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das interlocutoras e os interlocutores reais ou potenciais.</p>	<p>Aplicar coñecementos e estratexias de planificación, produción e revisión para compoñer textos de estrutura clara e adecuados ás intencións comunicativas e á tipoloxía textual.</p>		
<p>CA1.7 - Planificar, participar e colaborar asertiva e activamente, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á súa experiencia, mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores, expresando ideas e opinións con precisión e argumentando de forma convincente.</p>	<p>Participar e colaborar en situacións interactivas sobre temas de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, mostrando respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital</p>		
<p>CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma eficaz, espontánea e en diferentes contornas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra con amabilidade, axustar a propia contribución á das interlocutoras e dos interlocutores percibindo as súas reaccións, solicitar e formular aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater, resolver problemas e xestionar situacións comprometidas.</p>	<p>Interpretar e explicar textos e comunicacións en situacións nas que atender á diversidade mostrando respecto e aprecio polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas.</p>		
<p>CA1.9 - Interpretar e explicar textos, conceptos e comunicacións en situacións nas que hai que atender á diversidade, mostrando respecto e aprecio polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas, variedades ou rexistros empregados e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento a partir de diversos recursos e soportes.</p>	<p>Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, que faciliten a comunicación, que sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas.</p>		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, que faciliten a comunicación, que sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función da tarefa e do coñecemento previo e dos intereses e ideas das interlocutoras e dos interlocutores.	Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, que faciliten a comunicación, que sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas.		
CA2.1 - Comparar e contrastar as semellanzas e as diferenzas entre distintas linguas reflexionando de forma sistemática sobre o seu funcionamento e establecendo relacións entre elas.	Comparar as semellanzas e as diferenzas entre distintas linguas reflexionando sobre o seu funcionamento e establecendo relacións entre elas.		
CA2.2 - Utilizar con iniciativa e de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con ou sen apoio doutras interlocutoras e interlocutores e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar estratexias e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes.		
CA2.3 - Rexistrar e reflexionar sobre os progresos e as dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, facendo actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, compartindo e facendo explícitos estes progresos e dificultades.	Rexistrar e reflexionar sobre os progresos e as dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira seleccionando estratexias adecuadas para superar esas dificultades e consolidar a aprendizaxe.		
CA3.1 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando e avaliando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo e solucionando aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación.	Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo.		
CA3.2 - Valorar criticamente a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira tendo en conta os dereitos humanos e adecuarse a ela favorecendo e xustificando o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e cos valores democráticos.	Valorar criticamente a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira tendo en conta os dereitos humanos e adecuarse a ela.		
CA3.3 - Aplicar de forma sistemática estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
~ Autoconfianza, iniciativa e asertividade. Estratexias de autorreparación e autoavaliación como forma de progresar

Contidos

- na aprendizaxe autónoma da lingua estranxeira.
- Estratexias para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.
- Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás.
- Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: describir fenómenos e acontecementos, dar instrucións e consellos, narrar acontecementos pasados puntuais e habituais, describir estados e situacións presentes e expresar sucesos futuros e predicións a curto, medio e longo prazo, expresar emocións, expresar a opinión, expresar argumentacións, reformular, presentar as opinións doutros e resumir.
- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto, organización e estruturación segundo o xénero e a función textual.
- Unidades lingüísticas e significados asociados a estas unidades, tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, a cantidade e a calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación e as relacións lóxicas.
- Léxico común e especializado de interese para o alumnado relativo ao tempo e ao espazo; estados, eventos e acontecemento; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación, traballo e emprendemento; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura e estratexias de enriquecemento léxico (derivación, familias léxicas, polisemia, sinonimia, antonimia...).
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación e significados e intencións comunicativas xerais asociadas a estes patróns. Alfabeto fonético básico.
- Convencións ortográficas e significados e intencións comunicativas asociadas aos formatos, patróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir e parafrasear, colaborar, negociar significados, detectar a ironía etc.
- Recursos para a aprendizaxe e as estratexias de busca e selección de información e curación de contidos: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, mediatecas, etiquetas na Rede, recursos dixitais e informáticos etc.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, a produción e coprodución oral, escrita e multimodal e plataformas virtuais de interacción, colaboración e cooperación educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e cun alto grao de autonomía, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta superando as limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Expresións e léxico específico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación sistemática entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación e entendemento entre pobos, facilitador do acceso a outras culturas e outras linguas e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, así como por coñecer informacións culturais dos países onde se fala a lingua

Contidos
<p>- estranxeira.</p> <p>- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos a convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, normas, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; linguaxe non verbal; historia, cultura e comunidades; relacións interpersoais e procesos de globalización en países onde se fala a lingua estranxeira.</p> <p>- Estratexias para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos.</p> <p>- Estratexias de prevención, detección, rexeitamento e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.</p>

UD	Título da UD	Duración
2	Culture Gap	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Extraer e analizar as ideas principais, a información detallada e as implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e complexos, orais, escritos e multimodais, tanto nun rexistro formal coma informal, sobre temas de relevancia persoal ou de interese público, tanto concretos coma abstractos, expresados de forma clara e na lingua estándar ou en variedades frecuentes, mesmo en contornas moderadamente ruidosas, a través de diversos soportes.	Extraer as ideas principais e a información relevante de textos ben organizados e de certa complexidade, orais, escritos e multimodais, sobre temas expresados de forma clara e na lingua estándar.	PE	30
CA1.2 - Interpretar e valorar de maneira crítica o contido, a intención, os trazos discursivos e certos matices como a ironía ou o uso estético da lingua de textos de certa lonxitude e complexidade, con especial énfase nos textos académicos e dos medios de comunicación, así como nos textos de ficción, sobre unha ampla variedade de temas de relevancia persoal ou de interese público.	Interpretar o contido e os trazos discursivos de textos de certa lonxitude e complexidade nos textos sobre temas xerais ou máis específicos de relevancia persoal ou de interese público.		
CA1.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e os coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes e para distinguir a intención e as opinións implícitas e explícitas dos textos, inferir significados, interpretar elementos non verbais e buscar, seleccionar e contrastar información veraz.	Aplicar as estratexias e os coñecementos adecuados para comprender a información global e específica e distinguir as opinións explícitas dos textos sempre que estean claramente sinalizadas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Expresar oralmente e con suficiente fluidez, facilidade e naturalidade diversos tipos de textos claros, coherentes, detallados, ben organizados e adecuados á persoa interlocutora e ao propósito comunicativo sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, co fin de describir, narrar, argumentar e informar, en diferentes soportes, evitando erros importantes e utilizando rexistros adecuados, así como recursos verbais e non verbais e estratexias de planificación, control, compensación e cooperación..	Expresar oralmente con suficiente fluidez e corrección textos claros, coherentes, ben organizados e adecuados á situación comunicativa, co fin de describir, narrar, e informar.		
CA1.5 - Redactar e difundir textos detallados de crecente extensión, ben estruturados e de certa complexidade, adecuados á situación comunicativa, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas evitando erros importantes e reformulando, sintetizando e organizando de maneira coherente información e ideas de diversas fontes, xustificando as propias opinións sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, facendo un uso ético da linguaxe, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.	Redactar e difundir textos detallados de certa extensión e complexidade, cunha estrutura clara e adecuados á situación comunicativa, á tipoloxía textual e ás ferramentas utilizadas.		
CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias de planificación, produción, revisión e cooperación para compor textos ben estruturados e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das interlocutoras e os interlocutores reais ou potenciais.	Aplicar coñecementos e estratexias de planificación, produción e revisión para compoñer textos de estrutura clara e adecuados ás intencións comunicativas e á tipoloxía textual.	TI	70
CA1.7 - Planificar, participar e colaborar asertiva e activamente, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á súa experiencia, mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores, expresando ideas e opinións con precisión e argumentando de forma convincente.	Participar e colaborar en situacións interactivas sobre temas de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, mostrando respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital.		
CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma eficaz, espontánea e en diferentes contornas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra con amabilidade, axustar a propia contribución á das interlocutoras e dos interlocutores percibindo as súas reaccións, solicitar e formular aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater, resolver problemas e xestionar situacións comprometidas.	Interpretar e explicar textos e comunicacións en situacións nas que atender á diversidade mostrando respecto e aprecio polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.9 - Interpretar e explicar textos, conceptos e comunicacións en situacións nas que hai que atender á diversidade, mostrando respecto e aprecio polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas, variedades ou rexistros empregados e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento a partir de diversos recursos e soportes.	Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, que faciliten a comunicación, que sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas.		
CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, que faciliten a comunicación, que sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función da tarefa e do coñecemento previo e dos intereses e ideas das interlocutoras e dos interlocutores.	Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, que faciliten a comunicación, que sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas.		
CA2.1 - Comparar e contrastar as semellanzas e as diferenzas entre distintas linguas reflexionando de forma sistemática sobre o seu funcionamento e establecendo relacións entre elas.	Comparar as semellanzas e as diferenzas entre distintas linguas reflexionando sobre o seu funcionamento e establecendo relacións entre elas.		
CA2.2 - Utilizar con iniciativa e de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con ou sen apoio doutras interlocutoras e interlocutores e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar estratexias e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes.		
-A potenciación da reflexión interlingüística, centrada especialmente na lingua galega e portuguesa e mais nas súas respectivas variantes.

-Traballo interdisciplinario e a coordinación con outros departamentos e equipos do centro, especialmente co equipo de dinamización da lingua galega e o equipo de biblioteca como mellor vía para promover actuacións tanto de xeito presencial como virtual: saídas didácticas, exposicións, espectáculos...

-A proposta de lectura de obras que, alén de ampliar os ámbitos de coñecemento do alumnado e de melloraren o seu nivel de capacidade verbal, promovan a defensa de valores socioculturais e éticos (dereitos humanos, conciencia ambiental, benestar animal...).

-A recomendación de lecturas en soportes variados, enmarcando as obras nos xéneros literarios.

-A énfase nas estratexias que fomenten a oralidade e as competencias activas co fin de que o alumnado adquiera os recursos necesarios para se expresar correctamente nunha ampla variedade de situacións comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais) para que, unha vez rematado o bacharelato, xa alcanzase, entre outros, o dominio do sistema fonético-fonolóxico do galego.

-O cultivo da sensibilidade estética e cultural do alumnado para que sexa quen de apreciar a beleza das obras literarias e para fomentar o enriquecemento do seu acervo cultural e das súas posibilidades de expresión, a través, por exemplo, da realización de exposicións, comentarios, adaptacións audiovisuais de relatos etc.

-O desenvolvemento da competencia dixital en lingua galega a través das TIC e o coñecemento de recursos dixitais que faciliten a procura de información, a revisión dos textos e a súa posterior divulgación, sempre respectando os dereitos da propiedade intelectual.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto da editorial Rodeira
Material elaborado pola profesora
Material de repaso da morfosintaxe traballada en 1º de bacharelato
Material de repaso de morfosintaxe de páxinas web como ogalego.eu
Información e modelos de exame de ABAU da páxina da CIUG

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Dado que non se prevé unha sesión de avaliación inicial para este curso, a información necesaria sobre o alumnado recollerase das primeiras tarefas que se realizaran na 1º avaliación: síntese, comentario e elaboración de textos ademais de comentario de textos e imaxes relativas aos contidos de sociolingüística e literatura, etc.

Será, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico da alumna ou alumno no XADE, o referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan.

Estas tarefas incluírán criterios de avaliación coma os seguintes:

Apreciación da capacidade de comprensión lectora (destacar as ideas fundamentais dun texto e resumilo).

Valoración da capacidade de expresión escrita (redactar un texto acorde cunha determinada tipoloxía textual).

Valoración do coñecemento da lingua (escribir respectando a ortografía e morfosintaxe da lingua, definir palabras, etc).

Estas tarefas recolleranse no primeiro mes de clase e informarase ao alumnado das correccións.

Tanto para este alumnado como para aquel que supere a media da aula recibirá unha atención individualizada na medida en que sexa posible. Ofrecerase ao alumnado a posibilidade de entregar tarefas voluntarias para intentar solventar as dificultades e para ampliar contidos.

O alumnado con necesidades específicas terá unha adaptación destes instrumentos conforme as súas necesidades. Basicamente esta adaptación consistirá en dispor de máis tempo para o exame, pois na medida do posible, os exames terán o formato das probas de ABAU.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	18	36	18	18	10	100
Proba escrita	90	90	90	90	90	90
Táboa de indicadores	10	10	10	10	10	10

Cráterios de cualificación:

CRITERIOS PARA DETERMINAR A CUALIFICACIÓN TRIMESTRAL

Aprobará a materia o alumnado que acade un 5 como mínimo na suma das cualificacións dos catro apartados seguintes.

1- PROBA ESCRITA E ORAL: 80%

Coñecemento dos distintos aspectos da lingua e da literatura a través de probas específicas. Se for posible, realizarase máis dunha proba por avaliación; intentarase realizar unha proba por cada bloque de contidos ou agrupando en cada proba aqueles contidos que supoñen menos " estudo" con aqueloutros máis " prácticos".

Cada un destes bloques de contidos avaliarase independentemente do xeito seguinte:

Funcionamento da lingua: 2 puntos.

Comunicación escrita: 4 puntos (2 para a creación de textos e 2 para a síntese e análise

Lingua e sociedade : 2 puntos

Educación literaria: 2 puntos

A nota das probas escritas será a suma da cualificación acadada en cada bloque. Se nunha avaliación se realizara máis dunha proba sobre o mesmo

bloque, a nota de cada bloque será a media das acadadas nas distintas probas. No caso de que se realizase nunha avaliación un só exame de todos os bloques, manteríase a puntuación independente de cada apartado.

2-TEXTOS (orais e escritos): síntese, produción e comentarios de textos, comentarios de textos, traballos monográficos individuais ou en grupo, etc. 10%

O obxectivo é mellorar a en comunicación escrita e a competencia en comprensión oral e escrita do alumnado e que o alumnado corrixa os seus erros.

3- LIBRO DE LECTURA OBRIGATORIA: avaliarase mediante unha proba oral ou escrita. 10%

4- USO DIARIO DA LINGUA. Entendemos que nun curso como 2º de bacharelato o alumnado empregará decote a nosa lingua. Avaliarase, por observación directa na aula e actividades orais o uso diario da lingua e a súa corrección oral. Esta avaliación, no caso de ser deficiente supoñerá un desconto de ata un 10% da nota global de cada avaliación.

OUTROS APARTADOS A TER EN CONTA:

TAREFAS DA AULA E DA CASA: Levarase un rexistro da realización das tarefas diarias de preparación e repaso por parte do alumnado. Terase en conta á hora de facer o redondeo da nota.

· REXISTRO DE FALTAS

Se o alumnado fai un seguimento dos erros lingüísticos cometidos nas tarefas corrixidas, probas escritas, etc. poderá subir a súa nota final ata 0,25 puntos. Neste rexistro deberá constar o erro cometido, a súa corrección e a proba na que se cometeu.

TAREFAS EXTRAORDINARIAS VOLUNTARIAS: O alumnado que acade a cualificación de 5 puntos na nota final da avaliación, poderá subir esta por medio de tarefas voluntarias ou lecturas:

§ **TAREFAS EXTRAORDINARIAS:** Ata 0,5p.

- Realización de traballos individuais ou en grupo

- Explicación na aula para o resto do alumnado de temas ou apartados destes
- Realización como tarefas propostas pola profesora como visionado de documentais, asistencia a obras de teatro en galego, asistencia a exposicións etc.

A puntuación de cada tarefa dependerá da dificultade da mesma e será indicada ao alumnado antes da súa realización.

§ LECTURAS VOLUNTARIAS: Ata 0,5p.

Facilitarase una listaxe de lecturas voluntarias. Farase una proba oral antes dunha data marcada pola profesora.

PAUTAS XERAIS DE ACTUACIÓN:

- Valorarase na proba escrita, alén dos contidos específicos, a corrección lingüística, a comprensión do funcionamento dos mecanismos de cohesión (a deixé, a actualización, as referencias internas de tipo gramatical, os conectores), da adecuación e da gramaticalidade e a súa incorporación ás producións propias, recoñecendo os erros e considerándoos parte do proceso de aprendizaxe. Seguiranse as pautas sinaladas pola CIUG para a corrección das probas de da ABAU.

- Os erros relativos á corrección lingüística poderán descontar até un máximo dun 20 % da cualificación da proba. O cálculo levarase a cabo segundo as directrices da CIUG.

- O alumnado que non asista a unha proba ou non entregue actividades na data sinalada, deberá achegar xustificante médico ou similar de carácter oficial, non considerándose válido o realizado simplemente polos pais ou titores; en caso contrario aplicarase unha cualificación de 0 puntos.

- Calquera proba considerase suspensa (cualificarase con 0 puntos) se se detecta que un alumno copiou, permitiu que outros copiasen o seu traballo ou participou en calquera actividade ou estratexia deshonestas para mellorar os resultados (propios ou alleos).

CRITERIOS PARA DETERMINAR A CUALIFICACIÓN FINAL

A nota final será a media ponderada das tres avaliacións (30% a primeira, 30% a segunda e 40% a terceira) e para aprobar terá que acadarse un mínimo de 5 puntos.

Criterios de recuperación:

Non se realizarán probas de recuperación, xa que esta se posibilita por medio da adecuada progresión ao longo do curso e mediante a compensación dunhas avaliacións coas outras.

6. Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade debe ser, dentro do humanamente posible, un elemento fundamental da práctica docente diaria. Dado que non todo o alumnado ten o mesmo ritmo de aprendizaxe, o profesorado deberá tratar de prestarlle unha atención o máis individualizada posible para detectar e solventar as carencias existentes. Unha vez fixados os obxectivos básicos, o profesorado procurará:

-Adaptar o material didáctico.

-Variar a metodoloxía segundo as necesidades de cada alumno e alumna.

-Propor actividades de aprendizaxe diferenciadas.

-Organizar grupos de traballo flexibles.

-Ampliar ou reducir bloques de contidos segundo o interese e as competencias do alumnado.

Neste curso temos varios alumnos/as con TDAH, aos cales se lles aplicarán as medidas que establece o seu correspondente protocolo, particularmente no referido á atención e colocación na aula así como ao tempo e formato das diferentes probas.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.				X	
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade de xénero.	X	X		X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.	X	X		X	X
ET.8 - Creatividade.	X	X		X	X
ET.9 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.	X	X			
ET.10 - Pluralidade lingüística.	X	X			

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas artístico-literarias	Saídas a exposicións, museos ou roteiros literarios que lle acaian ao currículo do curso	X	X	
Encontros con escritoras e escritores	Visita ao centro de autoras de lecturas ou obras relacionadas co currículo Yáñez e Ledicia Costas, para conversar sobre elas	X	X	

Observacións:

A realización das actividades vai depender do cumprimento da PD e das actividades organizadas polos demais departamentos

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación.
Existiu un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias
Conseguíuse seguir a temporalización prevista das unidades didácticas e das distintas actividades
Mantívose a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e mínimos de consecución.
Metodoloxía empregada
Propiciouse un ambiente motivador na aula.
As explicacións foron claras e amenas e as exemplificacións sinxelas e comprensibles.
O profesorado mantívose actualizado tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da materia como no ámbito das tecnoloxías
Os procedementos e instrumentos de avaliación utilizados foron adecuados.
Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Houbo unha comunicación fluída con outros departamentos e equipos (EDLG, Biblioteca...)
Medidas de atención á diversidade
Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas tanto culturais como de procedencia.
Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes.
Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidores/as...
Clima de traballo na aula
Analizáronse as cualificacións do alumnado e valoráronse as porcentaxes que superaron e non superaron a materia
Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.
As probas de avaliación foron entregadas ao alumnado, analizadas e comentadas na clase.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Mantívose contacto regular coas familias e foron informadas cando o solicitaron.

Descrición:

Cada un dos ítems anteriores será valorado de 0 a 10 e os seus resultados reflectiranse na memoria final, de cara a corrixir as deficiencias que se detecten para o vindeiro curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao comezo do curso o profesorado informará ao alumnado sobre os instrumentos, procedementos e criterios de cualificación, que tamén se farán públicos a través da web do centro, onde estarán accesibles para a súa consulta durante o curso académico.

O seguimento da programación realizarase a través da aplicación PROENS e tamén se deixará constancia dos aspectos máis relevantes nas actas do departamento. Os acordos e/ou recomendacións da Comisión de Coordinación Pedagóxica que lle poidan afectar a algún aspecto da programación tamén serán tidos en conta para realizar as modificacións oportunas.

Para comprobar a aplicación adecuada da PD elaboráronse os indicadores de logro que se enumeran a continuación:

1. Conseguiuse acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.
2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.
3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.
4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.
5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.
6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.
7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (seguindo os correspondentes protocolos de actuación).
8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.
9. A materia contribuíu aos distintos Plans do centro: proxecto lingüístico, proxecto lector, TIC, Convivencia....
10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento.
11. Avaliouse a PD aplicando unha escala de 1 a 5 a respecto do seu cumprimento.
12. Establecéronse propostas de mellora das deficiencias observadas na aplicación da PD. Estas propostas serán incluídas na memoria final do departamento.

Na última reunión do departamento didáctico resumiranse todas as modificacións ou adaptacións feitas ao longo do curso e, en consecuencia, a incorporación das propostas de mellora; incluíranse na memoria final do departamento para seren tidas en conta na PD do próximo curso.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023090	IES Macías o Namorado	Padrón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Matemáticas aplicadas ás CC.SS II	2º Bac.	4	116

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	18
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
6. Medidas de atención á diversidade	20
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	21
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	22
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	23
9. Outros apartados	23

1. Introducción

Esta programación didáctica está pensada para a materia de Matemáticas aplicadas ás CCSS II do 2º curso da Bacharelato. Para a súa elaboración tívose como referencia o decreto Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, así como tamén:

- a Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa,
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación,
- e a Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

A contorna na que se atopa, o IES Macias O Namorado de Padrón e as características que o conforman influirán de xeito importante na práctica docente. As instalacións do centro serán útiles para o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe, por exemplo, a aula de informática na que se utilizarán ferramentas dixitais e o uso de encerados dixitais para apoiar o traballo diario na aula.

No 2º curso da Bacharelato deste centro educativo hai un grupo composto por 13 alumnas e alumnos con idades comprendidas entre os 17 e os 20 anos; ningún ten a materia pendente, un ten TDAH e outro é repetidor.

Tanto as características e contorna do centro como as características do alumnado se tiveron en conta á hora de crear os principios metodolóxicos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Modelizar e resolver problemas da vida cotiá e das ciencias sociais aplicando diferentes estratexias e formas de razoamento para obter posibles solucións.			1-2-3	2-5	40-50		3	
OBX2 - Verificar a validez das posibles solucións dun problema empregando o razoamento e a argumentación para contrastar a súa idoneidade.			1-2	2	40	3	3	
OBX3 - Formular ou investigar conxecturas ou problemas, utilizando o razoamento, a argumentación, a creatividade e o uso de ferramentas tecnolóxicas, para xerar novo coñecemento matemático.	1		1-2	1-2-3-5			3	
OBX4 - Utilizar o pensamento computacional de forma eficaz, modificando, creando e xeneralizando algoritmos que resolvan problemas mediante o uso das matemáticas, para modelizar e resolver situacións da vida cotiá e do ámbito das ciencias sociais.			1-2-3	2-3-5			3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Establecer, investigar e utilizar conexións entre as diferentes ideas matemáticas establecendo vínculos entre conceptos, procedementos, argumentos e modelos para dar significado e estruturar a aprendizaxe matemática.			1-3	2-3				1
OBX6 - Descubrir os vínculos das matemáticas con outras áreas de coñecemento e profundar nas súas conexións, interrelacionando conceptos e procedementos, para modelizar, resolver problemas e desenvolver a capacidade crítica, creativa e innovadora en situacións diversas.			1-2	2	50	4	2-3	1
OBX7 - Representar conceptos, procedementos e información matemáticos seleccionando diferentes tecnoloxías, para visualizar ideas e estruturar razoamentos matemáticos.			3	1-2-5			3	41-42
OBX8 - Comunicar as ideas matemáticas, de forma individual e colectiva, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados, para organizar e consolidar o pensamento matemático.	1-3	1	2-4	2-3				32
OBX9 - Utilizar destrezas persoais e sociais, identificando e xestionando as propias emocións, respectando as dos demais e organizando activamente o traballo en equipos heteroxéneos, aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe e afrontando situacións de incerteza, para perseverar na consecución de obxectivos na aprendizaxe das matemáticas.		3	5		11-12-31-32	2-3	2	

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Límites e continuidade	Nesta unidade trabállanse os conceptos de límite e continuidade, incluíndo o cálculo de límites, a resolución de indeterminacións e os teoremas relacionados coa continuidade.	5	9	X		
2	Derivadas	O obxecto desta unidade son fundamentalmente o desenvolvemento do cálculo diferencial: concepto de derivada e a súa interpretación xeométrica, o estudo da derivabilidade dunha función, as	20	27	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Derivadas	derivadas das funcións elementais... Estudiar a monotonía, os extremos relativos, a curvatura, o cálculo de puntos de inflexión e usalo para a representación gráfica dunha función.	20	27	X		
3	Integrais	Nesta unidade desenvólvense os conceptos relacionados coa integración e os diferentes métodos que serven para calcular integrais. O cálculo de áreas, a regra de barrow e o teorema do valor medio son tamén materia desta unidade.	5	12	X		
4	Matrices	A unidade de matrices ten asociados os distintos conceptos desta parte da álgebra: os tipos de matrices, as operacións con matrices, o cálculo do rango dunha matriz polo método de Gauss e concepto de matriz inversa e obtención de devandita inversa polo método de Gauss-Jordan.	6	9		X	
5	Determinantes	Desenvólvense nesta unidade o concepto de determinante, as principais propiedades dos determinantes e o cálculo dunha matriz inversa utilizando determinantes.	3	7		X	
6	Sistemas de ecuacións	Os sistemas de ecuacións lineais, os distintos métodos de resolución (Gauss e a regra de Cramer), o Teorema de Rouché-Fobenius e a discusión de sistemas son os contidos e destrezas desenvolto nesta unidade.	6	10		X	
7	Programación lineal	As inecuacións e a formulación e resolución de problemas de programación lineal trabállanse nesta unidade.	15	9		X	
8	Probabilidade	Nesta unidade trátanse os conceptos asociados á probabilidade e os teoremas das probabilidades totais e de Bayes.	15	15			X
9	Distribucións de probabilidade e inferencia estatística.	A mostraxe, a estimación e a obtención de intervalos de confianza e o cálculo do erro na estimación por intervalos son os contidos desta Unidade.	15	12			X
10	Matemáticas para a vida en sociedade	Trátase dunha unidade transversal que reúne os criterios de avaliación e contidos asociados ao sentido socioafectivo e que se traballarán ao longo de todo o curso.	10	6	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Límites e continuidade	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Manifestar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	Estuda a continuidade nun punto dunha función elemental ou definida a anacos utilizando o concepto de límite.	PE	90
CA2.2 - Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación, razoamento e xustificación de conxecturas e problemas de forma autónoma.	Calcula límites con corrección. Comprende o concepto de continuidade.		
CA3.4 - Demostrar a validez matemática das posibles solucións dun problema, utilizando o razoamento e a argumentación.	É quen de obter o valor dun límite de xeito razoado. Argumenta e razoa a continuidade dunha función tendo en conta todos as posibles discontinuidades.		
CA3.2 - Integrar o uso de ferramentas tecnolóxicas na formulación ou investigación de conxecturas e problemas.	Utiliza ferramentas tecnolóxicas na formulación ou investigación de conxecturas e problemas.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cambio. - Aplicación dos conceptos de límite e derivada á representación e ao estudo de situacións susceptibles de ser modelizadas mediante funcións. - Modelo matemático. - Relacións cuantitativas en situacións complexas: estratexias de identificación e determinación da clase de funcións que poden modelizalas, obtendo conclusións razoables. Funcións a anacos.

UD	Título da UD	Duración
2	Derivadas	27

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Manifestar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	Estuda a derivabilidade das funcións utilizando límites e tendo en conta a necesidade de ser continuas. Estudia as características dunha función usando derivadas e realiza a súa representación gráfica.	PE	100
CA2.2 - Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación, razoamento e xustificación de conxecturas e problemas de forma autónoma.	Utiliza as regras de derivación de funcións e coñece as propiedades das derivadas así como o concepto e a súa interpretación xeométrica. Recoñece os puntos críticos dunha función e as súas características de cara a obter a súa representación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Obter todas as posibles solucións matemáticas de problemas da vida cotiá e das ciencias sociais, describindo o procedemento realizado.	Realiza correctamente utilizando funcións problemas relacionados coa vida cotiá e da ciencia e a tecnoloxía tales como problemas de crecemento, decrecemento e máximos e mínimos en problemas da vida cotiá e das ciencias sociais.		
CA2.4 - Seleccionar a solución máis adecuada dun problema en función do contexto (de sostibilidade, de consumo responsable, de equidade...) usando o razoamento e a argumentación.	Interpreta correctamente a solución obtida argumentando a súa viabilidade.		
CA3.1 - Seleccionar e utilizar diversas formas de representación, valorando a súa utilidade para compartir información.	É capaz de obter solucións aos problemas solicitados de diversas formas (xeométrica, analítica,...)		
CA3.4 - Demostrar a validez matemática das posibles solucións dun problema, utilizando o razoamento e a argumentación.	Argumenta, empregando con rigor a linguaxe matemática, a validez da ou das solucións obtidas.		
CA3.5 - Interpretar, modelizar e resolver situacións problematizadas da vida cotiá e das ciencias sociais utilizando o pensamento computacional, modificando, creando e xeneralizando algoritmos.	Aplica as derivadas para a resolución de problemas da vida diaria, doutras áreas de oñecemento e das matemáticas tales como problemas de optimización.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cambio. - Tendencia da función. Asíntotas. - Intervalos de monotonía. - Extremos relativos e absolutos dunha función derivable. - Modelización de situacións que conducen a problemas de optimización. - Resolución de problemas de optimización mediante a derivada en contextos diversos. - Padróns. - Xeneralización de padróns que xorden en situacións diversas, usando regras simbólicas ou funcións definidas explícita e recorrentemente. - Modelo matemático. - Relacións cuantitativas en situacións complexas: estratexias de identificación e determinación da clase de funcións que poden modelizalas, obtendo conclusións razoables. Funcións a anacos. - Relacións e funcións. - Representación, análise e interpretación de funcións, empregando os conceptos de límite e derivada. Uso de ferramentas dixitais. - Propiedades das distintas clases de funcións: comprensión e comparación. - Pensamento computacional.

Contidos

- Análise, formulación e resolución de problemas da vida cotiá e das ciencias sociais, empregando as ferramentas ou os programas informáticos máis adecuados.

UD	Título da UD	Duración
3	Integrais	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Manifestar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	Comprende o concepto de primitiva dunha función. Manexa con soltura o concepto de integral definida e indefinida .	PE	100
CA2.2 - Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación, razoamento e xustificación de conxecturas e problemas de forma autónoma.	Usa correctamente as integrais definidas para o cálculo de áreas e interpreta os resultados obtidos no cálculo de problemas e cálculo áreas de recintos planos.		
CA2.3 - Obter todas as posibles solucións matemáticas de problemas da vida cotiá e das ciencias sociais, describindo o procedemento realizado.	Emprega con corrección e rigor a linguaxe matemática.		
CA2.4 - Seleccionar a solución máis adecuada dun problema en función do contexto (de sostibilidade, de consumo responsable, de equidade...) usando o razoamento e a argumentación.	Interpreta correctamente a solución obtida argumentando a súa viabilidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Medición.
- Interpretación da integral definida como a área baixa unha curva.
- Propiedades da integral definida.
- Regra de Barrow.
- Técnicas elementais para o cálculo de primitivas.
- Integral indefinida. Propiedades.
- Integrais inmediatas e case inmediatas.
- Cálculo de áreas planas (recintos planos limitados por unha ou dúas curvas).

UD	Título da UD	Duración
4	Matrices	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación, razoamento e xustificación de conxecturas e problemas de forma autónoma.	Comprende o concepto de matriz e aplica as súas propiedades con corrección. Identifica distintos tipos de matrices (diagonal, triangular, identidade, nula, adxunta,...) e opéraas con corrección.	PE	100
CA1.3 - Resolver problemas en situacións diversas utilizando procesos matemáticos, reflexionando, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	Resolve problemas puramente matemáticos ou relacionados con outras áreas empregando matrices.		
CA3.1 - Seleccionar e utilizar diversas formas de representación, valorando a súa utilidade para compartir información.	Emprega as matrices como elemento de representación de datos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sentido das operacións. - Matrices. Tipos de matrices. - Adición e produto de matrices: interpretación, comprensión e aplicación adecuada das propiedades. - Produto dun número real e unha matriz. Propiedades. - Rango dunha matriz. - Matriz inversa. - Estratexias para operar con números reais, matrices e calcular determinantes: cálculo mental ou escrito nos casos sinxelos e con ferramentas tecnolóxicas nos casos máis complicados. - Resolución de problemas da vida cotiá e das ciencias sociais, empregando matrices. - Relacións. - Conxuntos de matrices: estrutura, comprensión e propiedades. - Modelo matemático. - Técnicas e uso de matrices para, polo menos, modelizar situacións nas que aparezan sistemas de ecuacións lineais, grafos ou asociadas a imaxes dixitais. - Pensamento computacional. - Emprego de programas computacionais para as operacións con matrices, cálculo da matriz inversa, de determinantes e resolución de sistemas.

UD	Título da UD	Duración
5	Determinantes	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación, razoamento e xustificación de conxecturas e problemas de forma autónoma.	Domina o concepto de determinante, o seu cálculo e as súas propiedades aplicándoas de xeito apropiado.	PE	100
CA1.2 - Manifestar unha visión matemática integrada, investigando e conectando as diferentes ideas matemáticas.	Comprende o concepto de matriz inversa, identifica cando existe a matriz inversa dunha matriz dada e calcúlala con corrección.		
CA3.4 - Demostrar a validez matemática das posibles solucións dun problema, utilizando o razoamento e a argumentación.	Manexa o concepto de rango dunha matriz. Calcula con corrección e rigor o rango dunha matriz .		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sentido das operacións. - Determinante dunha matriz. - Rango dunha matriz. - Matriz inversa. - Estratexias para operar con números reais, matrices e calcular determinantes: cálculo mental ou escrito nos casos sinxelos e con ferramentas tecnolóxicas nos casos máis complicados. - Pensamento computacional. - Emprego de programas computacionais para as operacións con matrices, cálculo da matriz inversa, de determinantes e resolución de sistemas.

UD	Título da UD	Duración
6	Sistemas de ecuacións	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Obter todas as posibles solucións matemáticas de problemas da vida cotiá e das ciencias sociais, describindo o procedemento realizado.	Resolve problemas matemáticos mediante sistemas de ecuacións, describindo de forma clara e precisa os pasos seguidos e interpretando correctamente a solución.	PE	100

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Interpretar, modelizar e resolver situacións problematizadas da vida cotiá e das ciencias sociais utilizando o pensamento computacional, modificando, creando e xeneralizando algoritmos.	Relaciona sistemas de ecuacións lineais con conceptos de linguaxe matricial, utilizando diferentes métodos para a súa resolución (Gauss-Jorda, Regra de Cramer...)		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Modelo matemático. - Sistemas de ecuacións: modelización de situacións en diversos contextos. - Igualdade e desigualdade. - Obtención de formas equivalentes de expresións alxébricas na resolución de sistemas de ecuacións e inecuacións, mediante cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, e con ferramentas dixitais. - Resolución de sistemas de ecuacións, empregando o método de Gauss. - Pensamento computacional. - Análise, formulación e resolución de problemas da vida cotiá e das ciencias sociais, empregando as ferramentas ou os programas informáticos máis adecuados. - Emprego de programas computacionais para as operacións con matrices, cálculo da matriz inversa, de determinantes e resolución de sistemas.

UD	Título da UD	Duración
7	Programación lineal	9

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Obter todas as posibles solucións matemáticas de problemas da vida cotiá e das ciencias sociais, describindo o procedemento realizado.	Obtén a rexión factible e os seus vértices, avalía a función obxectivo e calcula a solución óptima en problemas da vida cotiá e das ciencias sociais.	PE	100
CA3.4 - Demostrar a validez matemática das posibles solucións dun problema, utilizando o razoamento e a argumentación.	Escolle de xeito razoado e argumentando a solución óptima e determina se unha solución é válida ou non.		
CA3.5 - Interpretar, modelizar e resolver situacións problematizadas da vida cotiá e das ciencias sociais utilizando o pensamento computacional, modificando, creando e xeneralizando algoritmos.	Modeliza problemas da vida cotiá e das ciencias sociais escribindo as inecuacións, obtendo a rexión factible e a función obxectivo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Modelo matemático.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Programación lineal: modelización de problemas. - Igualdade e desigualdade. - Obtención de formas equivalentes de expresións alxébricas na resolución de sistemas de ecuacións e inecuacións, mediante cálculo mental, algoritmos de lapis e papel, e con ferramentas dixitais. - Programación lineal: resolución de problemas mediante algoritmos de lapis e papel, e con ferramentas dixitais.

UD	Título da UD	Duración
8	Probabilidade	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación, razoamento e xustificación de conxecturas e problemas de forma autónoma.	Recoñece a probabilidade como medida da incerteza de fenómenos aleatorios.	PE	100
CA4.1 - Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación, razoamento e xustificación de conxecturas e problemas de forma autónoma.	Recoñece a probabilidade como ferramenta para o estudo e resolución de problemas da vida cotiá. Identifica sucesos elementais e compostos e as súas operacións. Coñece o teorema da probabilidade total e de Bayes.		
CA4.4 - Resolver problemas en situacións diversas, utilizando procesos matemáticos, reflexionando, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	Resolve problemas empregando probabilidade ondicionada, probabilidade total e/ou teorema de Bayes. Emprega diagramas de árbore e/ou táboas de continxencia para a resolución de problemas de probabilidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Medición. - A probabilidade como medida da incerteza asociada a fenómenos aleatorios: interpretacións subxectiva, clásica e frecuentista. - Incerteza. - Probabilidade condicionada e independencia de sucesos aleatorios. Diagramas de árbore e táboas de continxencia. - Teoremas da probabilidade total e de Bayes: resolución de problemas e interpretación do teorema de Bayes para actualizar a probabilidade a partir da observación e a experimentación e a toma de decisións en condicións de incerteza. - Distribucións de probabilidade. - Variables aleatorias discretas e continuas. Parámetros da distribución. Distribucións binomial e normal.

UD	Título da UD	Duración
9	Distribucións de probabilidade e inferencia estatística.	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Adquirir novo coñecemento matemático mediante a formulación, razoamento e xustificación de conxecturas e problemas de forma autónoma.	Identifica situacións problemáticas que son susceptibles de ser resoltas mediante unha distribución binomial ou normal Coñece distintas técnicas de mostreo e realiza estimacións puntuais.	PE	100
CA4.2 - Representar e visualizar ideas matemáticas estruturando diferentes procesos matemáticos e seleccionando as tecnoloxías máis adecuadas.	Constrúe intervalos de confianza para mostras grandes e calcula o erro na estimación por intervalos e o tamaño da mostra.		
CA4.3 - Empregar diferentes estratexias e ferramentas, incluídas as dixitais que resolvan problemas da vida cotiá e das ciencias sociais, seleccionando a máis adecuada segundo a súa eficiencia.	Obtén e analiza a información estatística de problemas da vida cotiá e das ciencias sociais; resolve problemas empregando distribución binomial e/ou normal e calcula probabilidades mediante a aproximación da binomial pola normal se procede.		
CA4.4 - Resolver problemas en situacións diversas, utilizando procesos matemáticos, reflexionando, establecendo e aplicando conexións entre o mundo real, outras áreas de coñecemento e as matemáticas.	Selecciona correctamente a ferramenta e/ou estratexia óptima na resolución de problemas estadísticos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Distribucións de probabilidade. - Modelización de fenómenos estocásticos mediante as distribucións de probabilidade binomial e normal. Cálculo de probabilidades asociadas mediante ferramentas tecnolóxicas. - Aproximación da distribución binomial pola distribución normal. - Inferencia. - Representatividade dunha mostra segundo o seu proceso de selección. Selección de mostras representativas. Técnicas de mostraxe. - Teorema central do límite. Aproximación da distribución da media e da proporción mostrais mediante a distribución normal. - Estimación puntual da media, a proporción e a varianza. - Intervalos de confianza para a media e a proporción, baseados na distribución normal: construción, análise e toma de decisións en situacións contextualizadas. - Emprego de ferramentas dixitais na realización de estudos estadísticos.

UD	Título da UD	Duración
10	Matemáticas para a vida en sociedade	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Analizar a achega das matemáticas ao progreso da humanidade, valorando a súa contribución na proposta de solucións a situacións complexas e aos retos que se formulan nas ciencias sociais.	Analiza a achega das matemáticas ao progreso da humanidade, reflexionando sobre a súa contribución na proposta de solucións a situacións complexas e aos retos científicos e tecnolóxicos da sociedade.	TI	100
CA5.2 - Afrontar as situacións de incerteza e tomar decisións avaliando distintas opcións, identificando e xestionando emocións e aceptando e aprendendo do erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas.	Afronta o erro como parte do proceso de aprendizaxe das matemáticas		
CA5.3 - Mostrar perseveranza e unha motivación positiva, aceptando e aprendendo da crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas.	Mostra unha actitude positiva e acepta a crítica razoada ao facer fronte ás diferentes situacións na aprendizaxe das matemáticas		
CA5.4 - Traballar en tarefas matemáticas de forma activa en equipos heteroxéneos, respectando as emocións e experiencias dos demais, escoitando o seu razoamento, aplicando as habilidades sociais máis propicias e fomentando o benestar do equipo e as relacións saud	Colabora activamente nas actividades desenvoltas en equipo.		
CA5.5 - Mostrar organización ao comunicar as ideas matemáticas, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.	Emprega a terminoloxía matemática co rigor apropiado.		
CA5.6 - Recoñecer e empregar a linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.	Comprende a linguaxe matemática en diferentes contextos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Crenzas, actitudes e emocións. - Actitudes inherentes ao traballo matemático: esforzo, perseveranza, tolerancia á frustración, incerteza e autoavaliación indispensables para afrontar eventuais situacións de tensión e ansiedade na aprendizaxe das matemáticas. - Tratamento e análise do erro, individual e colectivo, como elemento mobilizador de saberes previos adquiridos e xerador de oportunidades de aprendizaxe na aula de matemáticas. - Toma de decisións. - Destrezas para avaliar diferentes opcións e tomar decisións na resolución de problemas. - Inclusión, respecto e diversidade. - Destrezas sociais e de comunicación efectivas para o éxito na aprendizaxe das matemáticas.

Contidos

- Valoración da contribución das matemáticas ao longo da historia no avance das ciencias sociais.
- Comunicación e organización.
- Comunicación das ideas matemáticas de maneira ordenada e coherente, empregando o soporte, a terminoloxía e o rigor apropiados.
- Recoñecemento e utilización da linguaxe matemática en diferentes contextos, comunicando a información con precisión e rigor.
- Planificación de procesos de matematización e modelización en contextos da vida cotiá e das ciencias sociais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe son a base nas que se asenta a metodoloxía a seguir nesta proposta didáctica para que sexa activa e participativa. Utilizaráanse distintas metodoloxías buscando a acción educativa máis axeitada en función do momento e contidos a tratar, e que ademais sirvan para atender os distintos ritmos de aprendizaxe. Tamén se intentará que a organización da aula sexa o máis axeitada para o desenvolvemento do traballo en equipo, sempre en coordinación co resto do profesorado.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Busca dunha aprendizaxe significativa: por distintos medios obteremos información das ideas previas que posúe o alumnado, para que partindo deste coñecementos, cada alumno poida enriquecer, modificar e reorganizar os seus esquemas cognitivos.

Busca dunha aprendizaxe funcional: é moi importante que o alumnado coñeza a utilizade dos contidos tratados. Para conseguilo, introduciranse os contidos a partir de situacións problemáticas que as/os mesmas/os alumnas/os aplicarán os coñecementos adquiridos á resolución de problemas.

Fomentarse a reflexión persoal sobre o proceso de aprendizaxe, de xeito que o alumnado poida valorar o seu progreso e corrixir os erros cometidos.

Promoverase a colaboración entre o alumnado, para que así

sexan conscientes das vantaxes de intercambiar información, unir esforzos e do apoio mutuo.

MÉTODOS DE ENSINANZA

Os principios dos que falamos anteriormente sérvenos de base para o proceso de ensino, pero non describe de maneira precisa e concreta como ensinar, de que forma organizar a aula e ao alumnado, que métodos poñer en práctica... A continuación pasamos a detallar máis este aspecto presentando diferentes métodos para o ensino dos contidos propostos nesta programación didáctica.

A clase invertida: nalgunhas partes da materia xa coñecidas propoñeráselles ás/aos alumnas/os que revisen na casa certos conceptos básicos e utilizarase a aula para resolver dúbidas e practicar eses conceptos.

Métodos expositivos: fronte á mera transmisión de contidos (lección maxistral) buscarase a interacción co alumnado (lección comunicativa), buscando que se impliquen mediante intervencións espontáneas (ou provocadas pola persoa docente) de forma ordenada.

Métodos demostrativos: a diferenza deste tipo de métodos con respecto aos métodos expositivos radica en que a información se centra na explicación de exemplos prácticos que serven de modelo para a resolución de tarefas posteriores. En xeral, nas sesións introductorias dos diferentes contidos combinaráanse métodos expositivos e métodos demostrativos.

Método titorial: a idea deste método é que o alumnado traballe de forma individual e acuda ao profesorado en busca de apoio e axuda para que o guíe. As diferentes formas de comunicación a través de internet, utilizando por exemplo a aula virtual do centro, facilita a interacción continua co alumnado. Deste xeito, pode achegar as súas dúbidas ao profesor e o profesor pode transmitir diferentes tarefas de reforzo e ampliación aos contidos traballados na aula.

Método interrogativo: as preguntas son a forma de aprendizaxe a través da cal se trata de implicar ao alumnado. Pode haber preguntas introdutorias que nos guíen no desenvolvemento dun contido ou preguntas concretas que aparezan nas diferentes situacións problemáticas propostas do tipo: Que ocorre se cambiamos estas condicións nun problema determinado? As preguntas son a guía da aprendizaxe e ir respondéndoas lévanos a traballar os contidos e a acadar os obxectivos da materia.

TIPOS DE ACTIVIDADES

As actividades son os medios nos que toman forma os principios metodolóxicos nos que se basea esta proposta didáctica e concretan os métodos didácticos. Temos varios tipos de actividades e tarefas, en función do momento no que se levan a cabo e da intención educativa que teñan.

Actividades iniciais

A súa finalidade é coñecer as ideas previas do alumnado e ser unha motivación de cara a aprendizaxe dos contidos que se van desenvolver a continuación.

Actividades de desenvolvemento

Son as tarefas que serven para traballar os novos contidos. Deben ser inicialmente máis estruturadas e guiadas para adquirir a base que permita realizar máis adiante actividades menos estruturadas e menos pautadas.

Actividades de reforzo e ampliación

Ante a realidade da existencia de diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades do alumnado faise necesario propoñer actividades de reforzo para traballar os contidos básicos e ademais débense propoñer actividades de ampliación para propoñer contidos relacionados coa unidade pero non pensados para todo o alumnado.

Actividades de avaliación

Calquera actividade pode ser avaliada aínda así, poden programarse actividades que especificamente teñan esa función

avaliadora. Son, por tanto, actividades nas que se tratan os contidos e os criterios de avaliación que se queren valorar.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto
Apuntes na aula virtual
Boletíns de exercicios
Dotación da aula (encerado dixital, pupitres, encerado,...)
Aula de informática
Software específico e aplicacións web (uso de Geogebra, Symbolab ou MathWay por exemplo)

O desenvolvemento das clases terá lugar fundamentalmente nunha aula convenientemente equipada con encerado dixital e encerado tradicional no que o alumnado disporá de pupitres individuais que facilitarán a mobilidade para a realización de traballos en equipo.

Ademais tamén se utilizará, de forma puntual, a aula de informática na que haberá ordenadores nos que se instalará o software libre necesario para o desenvolvemento das tarefas relacionadas coa materia e nos que se utilizarán tamén aplicacións web.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A materia de Química apóiase nas matemáticas e na física e, pola súa vez, serve de base para as ciencias da vida. Desde esta posición, esta materia amplía a formación científica do alumnado e proporciona unha ferramenta para a comprensión da natureza das ciencias en xeral, polo que é unha axuda importante na toma de decisións ben fundamentadas e responsables en relación coa súa propia vida e a comunidade onde vive, co obxectivo final de construír unha sociedade mellor. Ao longo da educación secundaria obrigatoria e o primeiro curso de bacharelato, o alumnado iniciouse no coñecemento da química e, mediante unha primeira aproximación, aprendeu os principios básicos desta ciencia, e como estes se aplican á descrición dos fenómenos químicos máis sinxelos. A partir de aquí, o propósito principal desta materia en segundo de bacharelato é profundar sobre estes coñecementos para achegarlle ao alumnado unha visión máis ampla desta ciencia, e outorgarlle unha base química suficiente e as habilidades experimentais necesarias, co dobre fin de desenvolver un interese pola química e de que poidan continuar, se así o desexan, estudos relacionados.

Para alcanzar esta dobre meta, este currículo da materia de Química en segundo curso de bacharelato propón un conxunto de obxectivos de marcado carácter competencial co que se pretende comprender os fundamentos dos procesos químicos máis importantes, adoptar os modelos e leis da química como base de estudo das propiedades físicas e químicas dos sistemas materiais para inferir solucións xerais aos problemas cotiáns, e en particular os relacionados co medio ambiente, utilizar con corrección os códigos da linguaxe química, defender de forma argumentada a influencia positiva que a química ten sobre a sociedade actual, aplicar técnicas de traballo propias das ciencias experimentais valorando a importancia do traballo en equipo e recoñecer a química como unha área de coñecemento multidisciplinario e versátil.

A aprendizaxe da química en segundo de bacharelato estrutura os contidos en catro grandes bloques, que están organizados de maneira independente, de forma que permitan abarcar todos os coñecementos, destrezas e actitudes básicos desta ciencia adecuados a esta etapa educativa.

1º bloque: "Destrezas básicas da química". Constitúe o eixe metodolóxico da área e é necesario traballalo simultaneamente con cada un dos tres bloques restantes. O ensino e a aprendizaxe da química implica o seguimento dunha metodoloxía específica e é relevante o traballo en equipo de forma colaborativa e cooperativa, así como a utilización de diferentes ferramentas tecnolóxicas. Polo tanto, os criterios de avaliación deste bloque cobran sentido ao relacionalos cos dos bloques restantes.

2º bloque: "Estrutura da materia e a ligazón química". Faise uso de principios fundamentais da mecánica cuántica para a descrición dos átomos, a súa estrutura nuclear, a súa codia electrónica, a súa ordenación na táboa periódica, así como para o estudo da formación e as propiedades de elementos e compostos a través dos distintos tipos de ligazóns químicas e de forzas intermoleculares.

3º bloque: "Reaccións químicas". Introduce ó alumnado nos aspectos tanto dinámicos (cinética) como os estáticos (equilibrio químico) das reaccións químicas e o estudo dos seus fundamentos termodinámicos. A continuación,

abórdase o estado de equilibrio químico resaltando a importancia das reaccións reversibles en contextos cotiáns, profundando en equilibrios entre ácidos e bases, entre pares redox conxugados e en reaccións de formación de precipitados e as súas implicacións sociais e industriais.

4º bloque: "Química do carbono". Abarca o amplo campo da química no que se describen a estrutura e a reactividade dos compostos orgánicos. Nel trátase o estudo dalgunhas funcións orgánicas e as súas reaccións para aplicalo no campo dos polímeros abordando as súas características, como se obteñen e a grande importancia que teñen na actualidade por causa das numerosas aplicacións que presentan: química médica, química dos alimentos e química ambiental.

Estes bloques de contidos concréntanse nas seguintes UD:

UD1: Química e sociedade. Destrezas básicas da química: cálculos elementais.

UD2: Estrutura atómica.

UD3: Enlace químico.

UD4: Termoquímica.

UD5: Cinética química.

UD6: Equilibrio químico.

UD7: Equilibrios de solubilidade.

UD8: Reaccións ácido-base.

UD9: Reaccións de oxidación-redución.

UD10: Química do carbono.

UD1: Química e sociedade. Destrezas básicas.

Estúdanse as metodoloxías propias das disciplinas científicas, a resolución de problemas mediante o uso da experimentación e a investigación científica na industria e na empresa. Afóndase no impacto da química sobre a saúde e o medio ambiente así como na relación da química con outras áreas relevantes e o uso da mesma nos ámbitos social, económico, político e ético. Realízanse actividades que propicien o emprendemento de proxectos de investigación e desenvolvan no alumnado un criterio propio baseado no pensamento científico. Conceptos de mol e masa molecular. Concentración das disolucións. Leis dos gases. Reaccións químicas. Cálculos estequiométricos.

UD2: Estrutura atómica.

Abórdase a estrutura atómica dos elementos facendo unha análise histórica que remata cunha aproximación aos principios cuánticos da estrutura atómica. Estúdase a táboa periódica e as propiedades periódicas dos átomos.

UD3: Enlace químico.

Enlace químico. Tipos de enlace químico: iónico, covalente e metálico. Forzas que aparecen entre eles. Enlaces intermoleculares. Propiedades fisicoquímicas dos compostos que se poden formar.

UD4 Termoquímica.

Analízanse as principais reaccións químicas que suceden na contorna e as propiedades dos sistemas materiais centrándose nos intercambios enerxéticos (termoquímica). Preténdese abordar a solución de problemas e cuestións que son característicos das reaccións químicas utilizando as ferramentas provistas polas matemáticas e a tecnoloxía, recoñecendo así a relación entre os fenómenos experimentais e naturais e os conceptos propios desta disciplina. Primeiro principio da termodinámica. Ecuacións termoquímicas. Entalpía. Segundo principio da termodinámica. Cálculo da enerxía de Gibbs.

UD5 Cinética química.

Analízanse as principais reaccións químicas que suceden na contorna centrándose na velocidade das mesmas. Preténdese abordar a solución de problemas e cuestións que son característicos das reaccións químicas utilizando as ferramentas provistas polas matemáticas e a tecnoloxía, recoñecendo así a relación entre os fenómenos experimentais e naturais e os conceptos propios desta disciplina. Velocidade de reacción. Ecuación de velocidade. Orden de reacción. A teoría de colisións e a teoría do complexo activado. Factores que afectan á velocidade de reacción.

UD6: Equilibrio químico.

Analízase o equilibrio químico como proceso dinámico. Estúdase: a lei de acción de masas, as constantes de equilibrio de reaccións (K_c e K_p) nas que os reactivos se atopan en diferente estado físico, a relación entre K_c e K_p . Principio de Le Chatelier. Equilibrio de reaccións químicas industriais (a síntesis de Haber do NH_3).

UD7: Equilibrios de solubilidade.

Analízase o equilibrio químico como proceso dinámico. Estúdase a constante de equilibrio de reaccións nas que os reactivos se atopan en diferente estado físico, a relación entre K_c e K_p , o produto de solubilidade en equilibrios heteroxéneos e afóndase no principio de Le Chatelier.

UD8: Reaccións ácido-base.

Abórdanse as reaccións ácido-base e as súas implicacións sociais e industriais. Estúdanse conceptos básicos como: a teoría de Brønsted e Lowry, o pH, as constantes de acidez e basicidade, a hidrólise dun sal, as valoracións, os ácidos e bases relevantes no ámbito industrial e de consumo, con especial incidencia na súa influencia sobre a conservación do medio ambiente.

UD9: Reaccións de oxidación-reducción.

Abórdanse as reaccións de oxidación-reducción, e as súas implicacións sociais e industriais. Estúdanse conceptos básicos como o número de oxidación, os axustes polo método do ión-electrón, a espontaneidade dos procesos químicos, celdas galvánicas, ... así como as reaccións de oxidación e redución na fabricación e funcionamento de baterías eléctricas, celas electrolíticas e pilas de combustible, e a prevención da corrosión de metais.

UD10: Química do carbono.

Descríbense os principais procesos de química orgánica que suceden na contorna. Abórdase a isomería, as propiedades químicas das funcións orgánicas, a reactividade orgánica e estúdanse os procesos de formación de polímeros e a clasificación dos mesmos, tratando as súas características, como se producen e a gran importancia que teñen na actualidade por mor das numerosas aplicacións que presentan: por exemplo, na química médica, a química dos alimentos ou a química ambiental.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender, describir e aplicar os fundamentos dos procesos químicos máis importantes, atendendo á súa base experimental e aos fenómenos que describen, para recoñecer o papel relevante da química no desenvolvemento da sociedade.			1-2-3				1	1
OBX2 - Adoptar os modelos e leis da química aceptados como base de estudo das propiedades dos sistemas materiais, para inferir solucións xerais aos problemas cotiáns relacionados coas aplicacións prácticas da química e as súas repercusións no medio ambiente.	2		2-5	5			1	
OBX3 - Utilizar con corrección os códigos da linguaxe química (nomenclatura química, unidades, ecuacións etc.), aplicando as súas regras específicas, para empregalos como base dunha comunicación adecuada entre diferentes comunidades científicas e como ferramenta fundamental na investigación desta ciencia.	1-5	2	4		40	3	3	
OBX4 - Recoñecer a importancia do uso responsable dos produtos e procesos químicos, elaborando argumentos informados sobre a influencia positiva que a química ten sobre a sociedade actual, para contribuír a superar as connotacións negativas que en multitude de ocasións atribúense ao termo "químico".	1	2	1-5		50		2	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Aplicar técnicas de traballo propias das ciencias experimentais e o razoamento lóxico-matemático na resolución de problemas de química e na interpretación de situacións relacionadas, valorando a importancia da cooperación, para poñer en valor o papel da química nunha sociedade baseada en valores éticos e sostibles.			1-2-3	1-2-3-5				
OBX6 - Recoñecer e analizar a química como unha área de coñecemento multidisciplinario e versátil, poñendo de manifesto as relacións con outras ciencias e campos de coñecemento, para realizar a través dela unha aproximación holística ao coñecemento científico e global.			4		32			

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Química e sociedade. Destrezas básicas. Cálculos elementais en química	Estúdanse as metodoloxías propias das disciplinas científicas, a resolución de problemas mediante o uso da experimentación e a investigación científica na industria e na empresa. Afóndase no impacto da química sobre a saúde e o medio ambiente así como na relación da química con outras áreas relevantes e o uso da mesma nos ámbitos social, económico, político e ético. Realízanse actividades que propicien o emprendemento de proxectos de investigación e desenvolvan no alumnado un criterio propio baseado no pensamento científico. Conceptos de mol e masa molecular. Concentración das disolucións. Leis dos gases. Reaccións químicas. Cálculos estequiométricos.	5	8	X		
2	Estrutura atómica	Abórdase a estrutura atómica dos elementos facendo unha análise histórica que remata cunha aproximación aos principios cuánticos da estrutura atómica. Estúdase a táboa periódica e as propiedades periódicas dos átomos.	6	9			X
3	Enlace químico	Enlace químico. Tipos de enlace químico: iónico, covalente e metálico. Forzas que aparecen entre eles. Enlaces	11	11			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Enlace químico	intermoleculares. Propiedades fisicoquímicas dos compostos que se poden formar.	11	11			X
4	Termoquímica	Analízanse as principais reaccións químicas que suceden na contorna e as propiedades dos sistemas materiais centrándose nos intercambios enerxéticos (termoquímica). Preténdese abordar a solución de problemas e cuestións que son característicos das reaccións químicas utilizando as ferramentas provistas polas matemáticas e a tecnoloxía, recoñecendo así a relación entre os fenómenos experimentais e naturais e os conceptos propios desta disciplina. Primeiro principio da termodinámica. Ecuacións termoquímicas. Entalpía. Segundo principio da termodinámica. Cálculo da enerxía de Gibbs.	8	10	X		
5	Cinética química	Analízanse as principais reaccións químicas que suceden na contorna centrándose na velocidade das mesmas. Preténdese abordar a solución de problemas e cuestións que son característicos das reaccións químicas utilizando as ferramentas provistas polas matemáticas e a tecnoloxía, recoñecendo así a relación entre os fenómenos experimentais e naturais e os conceptos propios desta disciplina. Velocidade de reacción. Ecuación de velocidade. Orden de reacción. A teoría de colisións e a teoría do complexo activado. Factores que afectan á velocidade de reacción.	7	8	X		
6	Equilibrio químico	Analízase o equilibrio químico como proceso dinámico. Estúdase: a lei de acción de masas, as constantes de equilibrio de reaccións (K_c e K_p) nas que os reactivos se atopan en diferente estado físico, a relación entre K_c e K_p . Principio de Le Chatelier. Equilibrio de reaccións químicas industriais (a síntesis de Haber do NH_3).	11	14	X	X	
7	Equilibrios de solubilidade	Analízase o equilibrio químico como proceso dinámico. Estúdase a constante de equilibrio de reaccións nas que os reactivos se atopan en diferente estado físico, a relación entre K_c e K_p , o produto de solubilidade en equilibrios heteroxéneos e afóndase no principio de Le Chatelier.	10	10		X	
8	Reaccións ácido-base	Abórdanse as reaccións ácido-base e as súas implicacións sociais e industriais. Estúdanse conceptos básicos como: a teoría de Brønsted e Lowry, o pH, as constantes de acidez e basicidade, a	14	15		X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	Reaccións ácido-base	hidrólise dun sal, as valoracións, os ácidos e bases relevantes no ámbito industrial e de consumo, con especial incidencia na súa influencia sobre a conservación do medio ambiente.	14	15		X	X
9	Reaccións de oxidación-redución	Abórdanse as reaccións de oxidación-redución, e as súas implicacións sociais e industriais. Estúdanse conceptos básicos como o número de oxidación, os axustes polo método do ión-electrón, a espontaneidade dos procesos químicos, celdas galvánicas, ... así como as reaccións de oxidación e redución na fabricación e funcionamento de baterías eléctricas, celas electrolíticas e pilas de combustible, e a prevención da corrosión de metais.	14	17		X	X
10	Química do carbono	Descríbense os principais procesos de química orgánica que suceden na contorna. Abórdase a isomería, as propiedades químicas das funcións orgánicas, a reactividade orgánica e estúdanse os procesos de formación de polímeros e a clasificación dos mesmos, tratando as súas características, como se producen e a gran importancia que teñen na actualidade por mor das numerosas aplicacións que presentan: por exemplo, na química médica, a química dos alimentos ou a química ambiental.	14	14			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Química e sociedade. Destrezas básicas. Cálculos elementais en química	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4.2. - Aplicar de maneira informada, coherente e razoada os modelos e leis da química, explicando e predicindo as consecuencias de experimentos, fenómenos naturais, procesos industriais e descubrimentos científicos.	Aplica os modelos da química de maneira informada, coherente e razoada. Asociado ao subcontido C1.1.2). (Relacionado coa emisión e verificación de hipótese referidas a distintos procesos de carácter químico, incluídas as referidas no subcontido C 1.4.4)	PE	85

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4.3. - Resolver exercicios de reaccións químicas aplicando os cálculos estequiométricos, as leis dos gases e a concentración das disolucións. Preparación de disolucións no laboratorio.	Aplica os modelos da química, explicando e predicindo as consecuencias de experimentos. Asociado ao contido C1.2, e ao subcontido C1.1.2. (Relacionado coa emisión e verificación de hipótese referidas a: reaccións de precipitación, con formación de gases, cambios de cor...).		
CA1.5 - Argumentar de maneira informada, aplicando as teorías e leis da química, que os efectos negativos de determinadas substancias no medio ambiente e na saúde se deben ao mal uso que se fai deses produtos ou negligencia, e non á ciencia química en si.	Argumenta que os efectos negativos de determinadas substancias no medio ambiente e na saúde débense ao seu mal uso. Asociado aos contidos C1.5.e C1.6. (Relacionado coas procuras de información referidas no CA1.1 e CA1.2)		
CA1.6 - Explicar, empregando os coñecementos científicos adecuados, cales son os beneficios dos numerosos produtos da tecnoloxía química e como o seu emprego e aplicación contribuíron ao progreso da sociedade.	Explica os beneficios dos produtos da tecnoloxía química. Asociado aos contidos C1.5.e C1.6. (Relacionado coas procuras de información acerca de: telefonía móbil, fabricación de ordenadores, obtención de materiais ou calquera das referidas no CA1.1 e CA1.2)		
CA1.1 - Identificar a importancia da química e as súas conexións con outras áreas no desenvolvemento da sociedade, o progreso da ciencia, a tecnoloxía, a economía e o desenvolvemento sustentable respectuoso co medio ambiente, identificando os avances no campo da química que foron fundamentais nestes aspectos.	Identifica a importancia da química e as súas conexións con outras áreas. Asociado aos contidos C1.3, C1.6 e ao subcontido C1.1.1. (Relacionado coa procura de información e posterior posta en común acerca da industria e a química: hidróxeno líquido, regasificadoras, térmicas...)		
CA1.2 - Recoñecer a natureza experimental e interdisciplinaria da química e a súa influencia na investigación científica e nos ámbitos económico e laboral actuais, considerando os feitos empíricos e as súas aplicacións noutros campos do coñecemento e a actividade humana.	Recoñece a natureza experimental e interdisciplinaria da química e a súa influencia na investigación e nos ámbitos económico e laboral. Asociado aos contidos C1.4, C1.5 e C1.6. (Relacionado coa procura de información e posta en común acerca de: fármacos, cosméticos, téxtiles...)		
CA1.3 - Recoñecer e argumentar que as bases da química constitúen un corpo de coñecemento imprescindible nun marco contextual de estudo e discusión de cuestións significativas nos ámbitos social, económico, político e ético identificando a presenza e influencia destas bases nos devanditos ámbitos.	Argumenta que a química constitúe un corpo de coñecemento imprescindible no estudo de cuestións nos ámbitos social, económico, político e ético. Asociado aos contidos C1.5.e C1.6. (Relacionado coas procuras de información referidas no CA1.1 e CA1.2)	TI	15
CA1.4.1. - Aplicar de maneira informada, coherente e razoada os modelos e leis da química, explicando e predicindo as consecuencias de experimentos.	Aplica os modelos da química, explicando e predicindo as consecuencias de experimentos. Asociado ao contido C1.2, e ao subcontido C1.1.2. (Relacionado coa emisión e verificación de hipótese referidas a: reaccións de precipitación, con formación de gases, cambios de cor...).		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Recoñecer a importante contribución na química do traballo colaborativo entre especialistas de diferentes disciplinas científicas poñendo de relevo as conexións entre as leis e teorías propias de cada unha delas.	Recoñece a importante contribución na química do traballo colaborativo entre especialistas de diferentes disciplinas. Asociado ao contido C1.6. (Relacionado coas procuras de información referidas no C1.6)		
CA1.8 - Recoñecer a achega da química ao desenvolvemento do pensamento científico e á autonomía de pensamento crítico a través da posta en práctica das metodoloxías de traballo propias das disciplinas científicas.	Recoñece a achega da química ao pensamento científico e á autonomía de pensamento crítico a través das metodoloxías de traballo propias da ciencia. Asociado aos contidos C1.6 e C1.1.2. (Relacionado co desenvolvemento da argumentación científica en experiencias similares ás propostas en C1.4.)		
CA1.9 - Estudar realidades vinculadas coa química e propoñer solucións a situacións problemáticas relacionadas con esta ciencia, recoñecendo a importancia da contribución de cada participante do equipo e a diversidade de pensamento e consolidando habilidades sociais positivas no seo de equipos de traballo.	Estuda, en equipo, realidades vinculadas coa química e propón solucións a situacións problemáticas, recoñecendo a importancia da contribución de cada participante do equipo. Asociado aos contidos C1.1.1, C1.3 e C1.5. (Relacionado coas procuras de información en equipo referidas no C1.6).		
CA1.4 - Aplicar de maneira informada, coherente e razoada os modelos e leis da química, explicando e predicindo as consecuencias de experimentos, fenómenos naturais, procesos industriais e descubrimentos científicos.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento de traballo colaborativo. Metodoloxías propias das disciplinas científicas. - Desenvolvemento de traballo colaborativo. - Metodoloxías propias das disciplinas científicas. - Emprendemento de proxectos de investigación. Resolución de problemas mediante o uso da experimentación. - Interpretación e produción de información científica en diferentes formatos e a partir de diferentes medios para desenvolver un criterio propio baseado no que o pensamento científico achega á mellora da sociedade. - Investigación científica na industria e na empresa. - Impacto da química sobre a saúde e o medio ambiente. Argumentación e análise crítica. - Relación da química con outras áreas relevantes e o uso das bases da química no estudo e discusión de diferentes cuestións significativas nos ámbitos social, económico, político e ético.

UD	Título da UD	Duración
2	Estrutura atómica	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Analizar a composición química dos sistemas materiais que se atopan na contorna máis próxima, no medio natural e na contorna industrial e tecnolóxica, demostrando que as súas propiedades, aplicacións e beneficios están baseados nos principios da química.	Analiza a composición de sistemas materiais, demostrando os seus beneficios, baseados nos principios da química asociados aos contidos C2.3 e C2.4.	PE	95
CA2.3 - Explicar e razoar os conceptos fundamentais que se atopan na base da química aplicando os conceptos, leis e teorías doutras disciplinas científicas (especialmente da física) a través da experimentación e a indagación.	Explica os conceptos básicos da química, aplicando os principios, leis e teorías doutras disciplinas a través da experimentación e a indagación. Asociado aos contidos. C2.1 e C 2.2.		
CA2.4 - Solucionar problemas e cuestións que son característicos da química utilizando as ferramentas provistas polas matemáticas e a tecnoloxía, recoñecendo así a relación entre os fenómenos experimentais e naturais e os conceptos propios desta disciplina.	Soluciona problemas e cuestións de química utilizando as matemáticas e a tecnoloxía. Asociado aos subcontidos C2.2.3, C2.3.2, C2.4.2 e C2.4.3		
CA2.1 - Describir os principais procesos químicos que suceden na contorna e as propiedades dos sistemas materiais a partir dos coñecementos, destrezas e actitudes propios das distintas ramas da química.	Describe procesos e propiedades de sistemas materiais a partir dos coñecementos da química, asociados aos contidos C 2.3.3 C 2.4.1 C 2.4.4 C 2.4.5 (Relacionado coa procura de información acerca de procesos e sistemas materiais: corrosión, choiva ácida, combustións, metais pesados....)	TI	5

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Espectros atómicos. - Relevancia, no contexto do desenvolvemento histórico do modelo do átomo, dos espectros atómicos como fundamento experimental da súa revisión. - Interpretación dos espectros de emisión e absorción dos elementos. Relación coa estrutura electrónica do átomo. - Principios cuánticos da estrutura atómica. - Relación entre o fenómeno dos espectros atómicos e a cuantización da enerxía. Do modelo de Bohr aos modelos mecano-cuánticos: necesidade dunha estrutura electrónica en diferentes niveis. - Principio de incerteza de Heisenberg e dualidade onda-corpúsculo do electrón. Natureza probabilística do concepto de orbital. - Números cuánticos e principio de exclusión de Pauli. Estrutura electrónica do átomo. Utilización do diagrama de Möller para escribir a configuración electrónica de elementos químicos. - Táboa periódica e propiedades dos átomos. - Natureza experimental da orixe da táboa periódica en canto ao agrupamento dos elementos segundo as súas propiedades. A teoría atómica actual e a súa relación coas leis experimentais observadas. - Posición dun elemento na táboa periódica a partir da súa configuración electrónica. - Tendencias periódicas. Aplicación á predición de valores de propiedades dos elementos da táboa a partir da súa posición nela.

UD	Título da UD	Duración
3	Enlace químico	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Analizar a composición química dos sistemas materiais que se atopan na contorna máis próxima, no medio natural e na contorna industrial e tecnolóxica, demostrando que as súas propiedades, aplicacións e beneficios están baseados nos principios da química.	Analiza a composición de sistemas materiais, demostrando os seus beneficios, baseados nos principios da química asociados ao contido C 2.4	PE	95
CA2.3 - Explicar e razoar os conceptos fundamentais que se atopan na base da química aplicando os conceptos, leis e teorías doutras disciplinas científicas (especialmente da física) a través da experimentación e a indagación.	Explica os conceptos básicos da química, aplicando os principios, leis e teorías doutras disciplinas a través da experimentación e a indagación. Asociado ao contido C 2.4		
CA2.4 - Solucionar problemas e cuestións que son característicos da química utilizando as ferramentas provistas polas matemáticas e a tecnoloxía, recoñecendo así a relación entre os fenómenos experimentais e naturais e os conceptos propios desta disciplina.	Soluciona problemas e cuestións de química utilizando as matemáticas e a tecnoloxía. Asociado ao contido C 2.4		
CA2.1 - Describir os principais procesos químicos que suceden na contorna e as propiedades dos sistemas materiais a partir dos coñecementos, destrezas e actitudes propios das distintas ramas da química.	Describe procesos e propiedades de sistemas materiais a partir dos coñecementos da química, asociados ao contido C 2.4	TI	5

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ligazón química e forzas intermoleculares. - Tipos de ligazón a partir das características dos elementos individuais que o forman. Enerxía implicada na formación de moléculas, de cristais e de estruturas macroscópicas. Propiedades das substancias químicas. - Modelos de Lewis, RPECV e hibridación de orbitais. Configuración xeométrica de compostos moleculares e as características dos sólidos. - Ciclo de Born-Häber. Enerxía intercambiada na formación de cristais iónicos. - Modelos da nube electrónica e a teoría de bandas para explicar as propiedades características dos cristais metálicos. - Forzas intermoleculares: características da ligazón química e a xeometría das moléculas. Propiedades macroscópicas de compostos moleculares.

UD	Título da UD	Duración
4	Termoquímica	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Describir as principais reaccións químicas que suceden na contorna e as propiedades dos sistemas materiais a partir dos coñecementos, destrezas e actitudes propios das distintas ramas da química.	Describe as principais reaccións químicas que suceden na contorna. Asociado aos contidos C·3.1.2 e C3.1.3.		
CA3.2.1. - Relacionar os principios da ciencia química (termoquímica e cinética química) cos principais problemas da actualidade asociados ao desenvolvemento da ciencia e a tecnoloxía, analizando como se tratan a través dos medios de comunicación ou son observados na experiencia cotiá.	Relaciona os principios da ciencia química con problemas da actualidade. Asociado aos contidos C3.1.1, C3.1.4. (Relacionado coas procuras de información referidas no C1.6 entre outras.)		
CA3.3.1. - Utilizar correctamente as normas de nomenclatura da IUPAC como base dunha linguaxe universal para a química que permita unha comunicación efectiva en toda a comunidade científica, aplicando estas normas ao recoñecemento e escritura de fórmulas e nomes de diferentes especies químicas ao estudar termoquímica e cinética química.	Utiliza correctamente as normas de nomenclatura da IUPAC. Asociado ao contido C3.1.2.	PE	85
CA3.4.1. - Empregar con rigor ferramentas matemáticas para apoiar o desenvolvemento do pensamento científico que se alcanza co estudo da química, aplicando estas ferramentas na resolución teórica de problemas de termoquímica e cinética química usando ecuacións, unidades, operacións etc.	Emprega con rigor ferramentas matemáticas na resolución teórica de problemas de termoquímica. Asociado aos contidos C3.1.2, C3.1.3, C3.1.5 e C3.1.4		
CA3.4.2. - Empregar con rigor ferramentas matemáticas para apoiar o desenvolvemento do pensamento científico que se alcanza co estudo da química, aplicando estas ferramentas na resolución experimental de problemas de termoquímica e cinética química usando ecuacións, unidades, operacións etc.	Emprega con rigor ferramentas matemáticas na resolución experimental de problemas de termoquímica. Asociado ao contido C3.1.3.		
CA3.8.1. - Solucionar problemas e cuestións que son característicos das reaccións químicas no ámbito da termoquímica e a cinética química, utilizando as ferramentas previstas polas matemáticas e a tecnoloxía, recoñecendo así a relación entre os fenómenos experimentais e naturais e os conceptos propios desta disciplina.	Soluciona problemas e cuestións que son característicos das reaccións químicas, utilizando as ferramentas previstas polas matemáticas e a tecnoloxía. Asociado aos contidos C3.1.1 e C3.1.4.		
CA3.5.1. - Respetar, cando realiza experiencias e prácticas de laboratorio no ámbito da termoquímica e a cinética química, as normas de seguridade relacionadas coa manipulación de substancias químicas no laboratorio e noutras contornas, así como os procedementos para a correcta xestión e eliminación dos residuos, utilizando correctamente os códigos de comunicación característicos da química.	Respecta as normas de seguridade relacionadas coa manipulación de substancias químicas, utilizando correctamente os códigos de comunicación característicos da química. Asociado ao contido C3.1.3. (Relacionado co cálculo de entalpías de disolución, neutralización, formación...)	TI	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6.1. - Representar e visualizar de forma eficiente os conceptos de química que presenten maiores dificultades no ámbito da termoquímica e a cinética química, utilizando ferramentas dixitais e recursos variados, incluídas experiencias de laboratorio real e virtual.	Representa e visualiza conceptos de química utilizando recursos variados, incluídas experiencias de laboratorio real e virtual. Asociado ao contido C3.1.3		
CA3.7 - Deducir ideas fundamentais doutras disciplinas científicas (por exemplo, a bioloxía ou a tecnoloxía) por medio da relación entre os seus contidos básicos e as leis e teorías que son propias da química.	Relaciona a química con outras materias (a bioloxía e a tecnoloxía)		
CA3.2 - Relacionar os principios da ciencia química cos principais problemas da actualidade asociados ao desenvolvemento da ciencia e a tecnoloxía, analizando como se tratan a través dos medios de comunicación ou son observados na experiencia cotiá.			
CA3.3 - Utilizar correctamente as normas de nomenclatura da IUPAC como base dunha linguaxe universal para a química que permita unha comunicación efectiva en toda a comunidade científica, aplicando estas normas ao recoñecemento e escritura de fórmulas e nomes de diferentes especies químicas.			
CA3.4 - Empregar con rigor ferramentas matemáticas para apoiar o desenvolvemento do pensamento científico que se alcanza co estudo da química, aplicando estas ferramentas na resolución de problemas usando ecuacións, unidades, operacións etc.		Baleiro	0
CA3.5 - Respetar as normas de seguridade relacionadas coa manipulación de substancias químicas no laboratorio e noutras contornas, así como os procedementos para a correcta xestión e eliminación dos residuos, utilizando correctamente os códigos de comunicación característicos da química.			
CA3.6 - Representar e visualizar de forma eficiente os conceptos de química que presenten maiores dificultades utilizando ferramentas dixitais e recursos variados, incluídas experiencias de laboratorio real e virtual.			
CA3.8 - Solucionar problemas e cuestións que son característicos das reaccións químicas utilizando as ferramentas provistas polas matemáticas e a tecnoloxía, recoñecendo así a relación entre os fenómenos experimentais e naturais e os conceptos propios desta disciplina.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Termodinámica química.

Contidos

- Primeiro principio da termodinámica: intercambios de enerxía entre sistemas.
- Ecuacións termoquímicas. Concepto de entalpía de reacción. Procesos endotérmicos e exotérmicos.
- Balance enerxético entre produtos e reactivos mediante a lei de Hess, a través da entalpía de formación estándar e das entalpías de ligazón, para obter a entalpía dunha reacción.
- Segundo principio da termodinámica. A entropía como magnitude que afecta a espontaneidade e irreversibilidade dos procesos químicos.
- Cálculo da enerxía de Gibbs das reaccións químicas e espontaneidade destas en función da temperatura do sistema.

UD	Título da UD	Duración
5	Cinética química	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2.1. - Relacionar os principios da ciencia química (termoquímica e cinética química) cos principais problemas da actualidade asociados ao desenvolvemento da ciencia e a tecnoloxía, analizando como se tratan a través dos medios de comunicación ou son observados na experiencia cotiá.	Relaciona os principios da ciencia química con problemas da actualidade. Asociado ao contido C3.2	PE	80
CA3.4.2. - Empregar con rigor ferramentas matemáticas para apoiar o desenvolvemento do pensamento científico que se alcanza co estudo da química, aplicando estas ferramentas na resolución experimental de problemas de termoquímica e cinética química usando ecuacións, unidades, operacións etc.	Emprega con rigor ferramentas matemáticas na resolución experimental de problemas de cinética química. Asociado ao contido C3.2		
CA3.8.1. - Solucionar problemas e cuestións que son característicos das reaccións químicas no ámbito da termoquímica e a cinética química, utilizando as ferramentas provistas polas matemáticas e a tecnoloxía, recoñecendo así a relación entre os fenómenos experimentais e naturais e os conceptos propios desta disciplina.	Soluciona problemas e cuestións que son característicos das reaccións químicas, utilizando as ferramentas provistas polas matemáticas e a tecnoloxía. Asociado ao contido C3.2		
CA3.5.1. - Respetar, cando realiza experiencias e prácticas de laboratorio no ámbito da termoquímica e a cinética química, as normas de seguridade relacionadas coa manipulación de substancias químicas no laboratorio e noutras contornas, así como os procedementos para a correcta xestión e eliminación dos residuos, utilizando correctamente os códigos de comunicación característicos da química.	Respecta as normas de seguridade relacionadas coa manipulación de substancias químicas, utilizando correctamente os códigos de comunicación característicos da química. Asociado ao contido C3.2	TI	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6.1. - Representar e visualizar de forma eficiente os conceptos de química que presenten maiores dificultades no ámbito da termoquímica e a cinética química, utilizando ferramentas dixitais e recursos variados, incluídas experiencias de laboratorio real e virtual.	Representa e visualiza conceptos de química utilizando recursos variados, incluídas experiencias de laboratorio real e virtual. Asociado ao contido C3.2		
CA3.7 - Deducir ideas fundamentais doutras disciplinas científicas (por exemplo, a bioloxía ou a tecnoloxía) por medio da relación entre os seus contidos básicos e as leis e teorías que son propias da química.	Relaciona a química con outras materias (a bioloxía e a tecnoloxía)		
CA3.2 - Relacionar os principios da ciencia química cos principais problemas da actualidade asociados ao desenvolvemento da ciencia e a tecnoloxía, analizando como se tratan a través dos medios de comunicación ou son observados na experiencia cotiá.			
CA3.4 - Empregar con rigor ferramentas matemáticas para apoiar o desenvolvemento do pensamento científico que se alcanza co estudo da química, aplicando estas ferramentas na resolución de problemas usando ecuacións, unidades, operacións etc.			
CA3.5 - Respetar as normas de seguridade relacionadas coa manipulación de substancias químicas no laboratorio e noutras contornas, así como os procedementos para a correcta xestión e eliminación dos residuos, utilizando correctamente os códigos de comunicación característicos da química.		Baleiro	0
CA3.6 - Representar e visualizar de forma eficiente os conceptos de química que presenten maiores dificultades utilizando ferramentas dixitais e recursos variados, incluídas experiencias de laboratorio real e virtual.			
CA3.8 - Solucionar problemas e cuestións que son característicos das reaccións químicas utilizando as ferramentas provistas polas matemáticas e a tecnoloxía, recoñecendo así a relación entre os fenómenos experimentais e naturais e os conceptos propios desta disciplina.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cinética química. - Teoría das colisións como modelo a escala microscópica das reaccións químicas. Conceptos de velocidade de reacción e enerxía de activación. - Influencia das condicións de reacción sobre a súa velocidade. - Lei diferencial da velocidade dunha reacción química e determinación das ordes de reacción a partir de datos experimentais de velocidade de reacción.

UD	Título da UD	Duración
6	Equilibrio químico	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3.2. - Utilizar correctamente as normas de nomenclatura da IUPAC como base dunha linguaxe universal para a química que permita unha comunicación efectiva en toda a comunidade científica, aplicando estas normas ao recoñecemento e escritura de fórmulas e nomes de diferentes especies químicas ao estudar o equilibrio químico.	Utiliza correctamente as normas de nomenclatura da IUPAC. Asociado con todos os contidos (Relacionado coa formulación de reactivos e produtos nos equilibrios estudados).	PE	85
CA3.4.3. - Empregar con rigor ferramentas matemáticas para apoiar o desenvolvemento do pensamento científico que se alcanza co estudo da química, aplicando estas ferramentas na resolución teórica de problemas de equilibrio químico usando ecuacións, unidades, operacións etc.	Emprega con rigor ferramentas matemáticas na resolución teórica de problemas de equilibrio químico. Asociado aos contidos C3.3.2 e C3.3.3		
CA3.4.4. - Empregar con rigor ferramentas matemáticas para apoiar o desenvolvemento do pensamento científico que se alcanza co estudo da química, aplicando estas ferramentas na resolución experimental de problemas de equilibrio químico usando ecuacións, unidades, operacións etc.	Emprega con rigor ferramentas matemáticas na resolución experimental de problemas de equilibrio químico. Asociado ao contido C3.3.2		
CA3.8.2. - Solucionar problemas e cuestións que son característicos dos procesos de equilibrio químico, utilizando as ferramentas provistas polas matemáticas e a tecnoloxía, recoñecendo así a relación entre os fenómenos experimentais e naturais e os conceptos propios desta disciplina.	Deduce ideas fundamentais doutras disciplinas científicas, por exemplo, a tecnoloxía, por medio da súa relación coas leis e teorías propias da termoquímica e a cinética química. Asociado ao contido C3.3.3. (Relacionado co estudo de equilibrios: obtención de amoníaco e similares).		
CA3.5.2. - Respetar, cando realiza experiencias e prácticas de laboratorio enfocadas ao estudo do equilibrio químico, as normas de seguridade relacionadas coa manipulación de substancias químicas no laboratorio e noutras contornas, así como os procedementos para a correcta xestión e eliminación dos residuos, utilizando correctamente os códigos de comunicación característicos da química.	Respecta as normas de seguridade relacionadas coa manipulación de substancias químicas, utilizando correctamente os códigos de comunicación característicos da química. Asociado ao contido C3.3.2	TI	15
CA3.6.2. - Representar e visualizar de forma eficiente os conceptos de química que presenten maiores dificultades no estudo do equilibrio químico, utilizando ferramentas dixitais e recursos variados, incluídas experiencias de laboratorio real e virtual.	Representa e visualiza conceptos de química utilizando recursos variados, incluídas experiencias de laboratorio real e virtual. Asociado a todos os contidos.		
CA3.7 - Deducir ideas fundamentais doutras disciplinas científicas (por exemplo, a bioloxía ou a tecnoloxía) por medio da relación entre os seus contidos básicos e as leis e teorías que son propias da química.	Relaciona a química con outras materias (a bioloxía e a tecnoloxía).		

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Utilizar correctamente as normas de nomenclatura da IUPAC como base dunha linguaxe universal para a química que permita unha comunicación efectiva en toda a comunidade científica, aplicando estas normas ao recoñecemento e escritura de fórmulas e nomes de diferentes especies químicas.		Baleiro	0
CA3.4 - Empregar con rigor ferramentas matemáticas para apoiar o desenvolvemento do pensamento científico que se alcanza co estudo da química, aplicando estas ferramentas na resolución de problemas usando ecuacións, unidades, operacións etc.			
CA3.5 - Respetar as normas de seguridade relacionadas coa manipulación de substancias químicas no laboratorio e noutras contornas, así como os procedementos para a correcta xestión e eliminación dos residuos, utilizando correctamente os códigos de comunicación característicos da química.			
CA3.6 - Representar e visualizar de forma eficiente os conceptos de química que presenten maiores dificultades utilizando ferramentas dixitais e recursos variados, incluídas experiencias de laboratorio real e virtual.			
CA3.8 - Solucionar problemas e cuestións que son característicos das reaccións químicas utilizando as ferramentas provistas polas matemáticas e a tecnoloxía, recoñecendo así a relación entre os fenómenos experimentais e naturais e os conceptos propios desta disciplina.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Equilibrio químico. - O equilibrio químico como proceso dinámico: ecuacións de velocidade e aspectos termodinámicos. Expresión da constante de equilibrio mediante a lei de acción de masas. - A constante de equilibrio de reaccións nas que os reactivos se atopan en diferente estado físico. Relación entre K_c e K_p e produto de solubilidade en equilibrios heteroxéneos. - Principio de Le Châtelier e o cociente de reacción. Evolución de sistemas en equilibrio a partir da variación das condicións de concentración, presión ou temperatura do sistema.

UD	Título da UD	Duración
7	Equilibrios de solubilidade	10

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3.2. - Utilizar correctamente as normas de nomenclatura da IUPAC como base dunha linguaxe universal para a química que permita unha comunicación efectiva en toda a comunidade científica, aplicando estas normas ao recoñecemento e escritura de fórmulas e nomes de diferentes especies químicas ao estudar o equilibrio químico.	Utiliza correctamente as normas de nomenclatura da IUPAC. Asociado con todos os contidos (Relacionado coa formulación de reactivos e produtos nos equilibrios estudados).	PE	85
CA3.4.4. - Empregar con rigor ferramentas matemáticas para apoiar o desenvolvemento do pensamento científico que se alcanza co estudo da química, aplicando estas ferramentas na resolución experimental de problemas de equilibrio químico usando ecuacións, unidades, operacións etc.	Emprega con rigor ferramentas matemáticas na resolución experimental de problemas de equilibrio químico. Asociado ao contido C3.3.2 (Relacionado coas técnicas de filtración)		
CA3.8.2. - Solucionar problemas e cuestións que son característicos dos procesos de equilibrio químico, utilizando as ferramentas provistas polas matemáticas e a tecnoloxía, recoñecendo así a relación entre os fenómenos experimentais e naturais e os conceptos propios desta disciplina.	Deduce ideas fundamentais doutras disciplinas científicas, por exemplo, a tecnoloxía, por medio da súa relación coas leis e teorías propias da termoquímica e a cinética química. Asociado ao contido C3.3.2. (Relacionado co estudo de equilibrios heteroxéneos)		
CA3.5.2. - Respetar, cando realiza experiencias e prácticas de laboratorio enfocadas ao estudo do equilibrio químico, as normas de seguridade relacionadas coa manipulación de substancias químicas no laboratorio e noutras contornas, así como os procedementos para a correcta xestión e eliminación dos residuos, utilizando correctamente os códigos de comunicación característicos da química.	Respecta as normas de seguridade relacionadas coa manipulación de substancias químicas, utilizando correctamente os códigos de comunicación característicos da química. Asociado ao contido C3.3.2 (Solubilidade e reaccións de precipitación)	TI	15
CA3.6.2. - Representar e visualizar de forma eficiente os conceptos de química que presenten maiores dificultades no estudo do equilibrio químico, utilizando ferramentas dixitais e recursos variados, incluídas experiencias de laboratorio real e virtual.	Representa e visualiza conceptos de química utilizando recursos variados, incluídas experiencias de laboratorio real e virtual. Asociado a todos os contidos.		
CA3.7 - Deducir ideas fundamentais doutras disciplinas científicas (por exemplo, a bioloxía ou a tecnoloxía) por medio da relación entre os seus contidos básicos e as leis e teorías que son propias da química.	Relaciona a química con outras materias (a bioloxía e a tecnoloxía)		
CA3.3 - Utilizar correctamente as normas de nomenclatura da IUPAC como base dunha linguaxe universal para a química que permita unha comunicación efectiva en toda a comunidade científica, aplicando estas normas ao recoñecemento e escritura de fórmulas e nomes de diferentes especies químicas.		Baleiro	0
CA3.4 - Empregar con rigor ferramentas matemáticas para apoiar o desenvolvemento do pensamento científico que se alcanza co estudo da química, aplicando estas ferramentas na resolución de problemas usando ecuacións, unidades, operacións etc.			

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Respetar as normas de seguridade relacionadas coa manipulación de substancias químicas no laboratorio e noutras contornas, así como os procedementos para a correcta xestión e eliminación dos residuos, utilizando correctamente os códigos de comunicación característicos da química.			
CA3.6 - Representar e visualizar de forma eficiente os conceptos de química que presenten maiores dificultades utilizando ferramentas dixitais e recursos variados, incluídas experiencias de laboratorio real e virtual.			
CA3.8 - Solucionar problemas e cuestións que son característicos das reaccións químicas utilizando as ferramentas provistas polas matemáticas e a tecnoloxía, recoñecendo así a relación entre os fenómenos experimentais e naturais e os conceptos propios desta disciplina.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Equilibrio químico. - A constante de equilibrio de reaccións nas que os reactivos se atopan en diferente estado físico. Relación entre K_c e K_p e produto de solubilidade en equilibrios heteroxéneos. - Principio de Le Châtelier e o cociente de reacción. Evolución de sistemas en equilibrio a partir da variación das condicións de concentración, presión ou temperatura do sistema.

UD	Título da UD	Duración
8	Reaccións ácido-base	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3.3. - Utilizar correctamente as normas de nomenclatura da IUPAC como base dunha linguaxe universal para a química que permita unha comunicación efectiva en toda a comunidade científica, aplicando estas normas ao recoñecemento e escritura de fórmulas e nomes de diferentes especies químicas ao estudar reaccións ácido-base e de oxidación-redución.	Utiliza correctamente as normas de nomenclatura da IUPAC. Asociado aos contidos C3.4.1, C3.4.4 e C3.4.5	PE	80
CA3.4.5. - Empregar con rigor ferramentas matemáticas para apoiar o desenvolvemento do pensamento científico que se alcanza co estudo da química, aplicando estas ferramentas na resolución teórica de problemas de reaccións ácido-base e de oxidación-redución usando ecuacións, unidades, operacións etc.	Emprega con rigor ferramentas matemáticas na resolución teórica de problemas. Asociado aos contidos C3.4.1, C3.4.2, C3.4.3, C3.4.4, C3.4.5		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4.6. - Empregar con rigor ferramentas matemáticas para apoiar o desenvolvemento do pensamento científico que se alcanza co estudo da química, aplicando estas ferramentas na resolución experimental de problemas de reaccións ácido-base e de oxidación-redución usando ecuacións, unidades, operacións etc.	Emprega con rigor ferramentas matemáticas na resolución experimental de problemas. Asociado aos contidos C3.4.3 e C3.4.5. (Relacionado coa medición do valor do pH e realización de volumetrías)		
CA3.8.3. - Solucionar problemas e cuestións que son característicos das reaccións ácido base e de oxidación-redución utilizando as ferramentas provistas polas matemáticas e a tecnoloxía, recoñecendo así a relación entre os fenómenos experimentais e naturais e os conceptos propios desta disciplina.	Respecta as normas de seguridade relacionadas coa manipulación de substancias químicas, utilizando correctamente os códigos de comunicación característicos da química. Asociado aos contidos C3.4.1, C3.4.3 e C3.4.5. (Relacionado co pH e coas volumetrías)		
CA3.2.2. - Relacionar os principios da ciencia química (reaccións ácido-base e reaccións oxidación-redución) cos principais problemas da actualidade asociados ao desenvolvemento da ciencia e a tecnoloxía, analizando como se tratan a través dos medios de comunicación ou son observados na experiencia cotiá.	Relaciona os principios da ciencia química (reaccións ácido-base) con problemas da actualidade. Asociado ao contido C3.4.6 (Relacionado coas procuras de información referidas no C1.6)		
CA3.5.3. - Respetar, cando realiza experiencias e prácticas de laboratorio enfocadas ao estudo das reaccións ácido base e de oxidación-redución, as normas de seguridade relacionadas coa manipulación de substancias químicas no laboratorio e noutras contornas, así como os procedementos para a correcta xestión e eliminación dos residuos, utilizando correctamente os códigos de comunicación característicos da química.	Respecta as normas de seguridade relacionadas coa manipulación de substancias químicas, utilizando correctamente os códigos de comunicación característicos da química. Asociado aos contidos C3.4.3 e C3.4.5. (Relacionado co pH e coas volumetrías)	TI	20
CA3.6.3. - Representar e visualizar de forma eficiente os conceptos de química que presenten maiores dificultades no estudo das reaccións ácido base e de oxidación-redución, utilizando ferramentas dixitais e recursos variados, incluídas experiencias de laboratorio real e virtual.	Representa e visualiza conceptos de química utilizando recursos variados, incluídas experiencias de laboratorio real e virtual. Asociado a todos os contidos.		
CA3.7 - Deducir ideas fundamentais doutras disciplinas científicas (por exemplo, a bioloxía ou a tecnoloxía) por medio da relación entre os seus contidos básicos e as leis e teorías que son propias da química.	Deduce ideas fundamentais de bioloxía ou tecnoloxía, partindo de teorías que son propias da química. Asociado ao contido C3.4.6		
CA3.2 - Relacionar os principios da ciencia química cos principais problemas da actualidade asociados ao desenvolvemento da ciencia e a tecnoloxía, analizando como se tratan a través dos medios de comunicación ou son observados na experiencia cotiá.		Baleiro	0

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Utilizar correctamente as normas de nomenclatura da IUPAC como base dunha linguaxe universal para a química que permita unha comunicación efectiva en toda a comunidade científica, aplicando estas normas ao recoñecemento e escritura de fórmulas e nomes de diferentes especies químicas.			
CA3.4 - Empregar con rigor ferramentas matemáticas para apoiar o desenvolvemento do pensamento científico que se alcanza co estudo da química, aplicando estas ferramentas na resolución de problemas usando ecuacións, unidades, operacións etc.			
CA3.5 - Respetar as normas de seguridade relacionadas coa manipulación de substancias químicas no laboratorio e noutras contornas, así como os procedementos para a correcta xestión e eliminación dos residuos, utilizando correctamente os códigos de comunicación característicos da química.			
CA3.6 - Representar e visualizar de forma eficiente os conceptos de química que presenten maiores dificultades utilizando ferramentas dixitais e recursos variados, incluídas experiencias de laboratorio real e virtual.			
CA3.8 - Solucionar problemas e cuestións que son característicos das reaccións químicas utilizando as ferramentas provistas polas matemáticas e a tecnoloxía, recoñecendo así a relación entre os fenómenos experimentais e naturais e os conceptos propios desta disciplina.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Reaccións ácido-base. - Natureza ácida ou básica dunha substancia. Teorías de Arrhenius e de Brønsted e Lowry. - Ácidos e bases fortes e débiles. Grao de disociación en disolución acuosa. - pH de disolucións ácidas e básicas. Expresión das constantes K_a e K_b. - Concepto de pares ácido e base conxugados. Carácter ácido ou básico de disolucións nas que se produce a hidrólise dun sal. - Reaccións entre ácidos e bases. Concepto de neutralización. Volumetrías ácido-base. - Ácidos e bases relevantes no ámbito industrial e de consumo, con especial incidencia na súa influencia sobre a conservación do medio ambiente.

UD	Título da UD	Duración
9	Reaccións de oxidación-reducción	17

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3.3. - Utilizar correctamente as normas de nomenclatura da IUPAC como base dunha linguaxe universal para a química que permita unha comunicación efectiva en toda a comunidade científica, aplicando estas normas ao recoñecemento e escritura de fórmulas e nomes de diferentes especies químicas ao estudar reaccións ácido-base e de oxidación-reducción.	Utiliza correctamente as normas de nomenclatura da IUPAC. Asociado aos contidos C3.5.1, C3.5.2, C3.5.4 e C3.4.5	PE	80
CA3.4.6. - Empregar con rigor ferramentas matemáticas para apoiar o desenvolvemento do pensamento científico que se alcanza co estudo da química, aplicando estas ferramentas na resolución experimental de problemas de reaccións ácido-base e de oxidación-reducción usando ecuacións, unidades, operacións etc.	Emprega con rigor ferramentas matemáticas na resolución experimental de problemas. Asociado aos contidos C3.5.2 e C3.5.3. (Relacionado coa realización de volumetrías redox e montaxe de pilas)		
CA3.8.3. - Solucionar problemas e cuestións que son característicos das reaccións ácido base e de oxidación-reducción utilizando as ferramentas provistas polas matemáticas e a tecnoloxía, recoñecendo así a relación entre os fenómenos experimentais e naturais e os conceptos propios desta disciplina.	Respecta as normas de seguridade relacionadas coa manipulación de substancias químicas, utilizando correctamente os códigos de comunicación característicos da química. Asociado aos contidos C3.5.1, C3.5.2 e C3.5.5. (Relacionado co pH e coas volumetrías)		
CA3.2.2. - Relacionar os principios da ciencia química (reaccións ácido-base e reaccións oxidación-reducción) cos principais problemas da actualidade asociados ao desenvolvemento da ciencia e a tecnoloxía, analizando como se tratan a través dos medios de comunicación ou son observados na experiencia cotiá.	Relaciona os principios da ciencia química (reaccións de oxidación-reducción) con problemas da actualidade. Asociado ao contido C3.5.5 (Relacionado coas procuras de información referidas no C1.6)	TI	20
CA3.5.3. - Respectar, cando realiza experiencias e prácticas de laboratorio enfocadas ao estudo das reaccións ácido base e de oxidación-reducción, as normas de seguridade relacionadas coa manipulación de substancias químicas no laboratorio e noutras contornas, así como os procedementos para a correcta xestión e eliminación dos residuos, utilizando correctamente os códigos de comunicación característicos da química.	Respecta as normas de seguridade relacionadas coa manipulación de substancias químicas, utilizando correctamente os códigos de comunicación característicos da química. Asociado aos contidos C3.5.2 e C3.5.3. (Relacionado coas volumetrías redox e as pilas)		
CA3.6.3. - Representar e visualizar de forma eficiente os conceptos de química que presenten maiores dificultades no estudo das reaccións ácido base e de oxidación-reducción, utilizando ferramentas dixitais e recursos variados, incluídas experiencias de laboratorio real e virtual.	Representa e visualiza conceptos de química utilizando recursos variados, incluídas experiencias de laboratorio real e virtual. Asociado a todos os contidos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Deducir ideas fundamentais doutras disciplinas científicas (por exemplo, a bioloxía ou a tecnoloxía) por medio da relación entre os seus contidos básicos e as leis e teorías que son propias da química.	Deduce ideas fundamentais de bioloxía ou tecnoloxía, partindo de teorías que son propias da química. Asociado ao contido C3.5.5.		
CA3.2 - Relacionar os principios da ciencia química cos principais problemas da actualidade asociados ao desenvolvemento da ciencia e a tecnoloxía, analizando como se tratan a través dos medios de comunicación ou son observados na experiencia cotiá.			
CA3.3 - Utilizar correctamente as normas de nomenclatura da IUPAC como base dunha linguaxe universal para a química que permita unha comunicación efectiva en toda a comunidade científica, aplicando estas normas ao recoñecemento e escritura de fórmulas e nomes de diferentes especies químicas.			
CA3.4 - Empregar con rigor ferramentas matemáticas para apoiar o desenvolvemento do pensamento científico que se alcanza co estudo da química, aplicando estas ferramentas na resolución de problemas usando ecuacións, unidades, operacións etc.		Baleiro	0
CA3.5 - Respetar as normas de seguridade relacionadas coa manipulación de substancias químicas no laboratorio e noutras contornas, así como os procedementos para a correcta xestión e eliminación dos residuos, utilizando correctamente os códigos de comunicación característicos da química.			
CA3.6 - Representar e visualizar de forma eficiente os conceptos de química que presenten maiores dificultades utilizando ferramentas dixitais e recursos variados, incluídas experiencias de laboratorio real e virtual.			
CA3.8 - Solucionar problemas e cuestións que son característicos das reaccións químicas utilizando as ferramentas provistas polas matemáticas e a tecnoloxía, recoñecendo así a relación entre os fenómenos experimentais e naturais e os conceptos propios desta disciplina.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Reaccións redox. - Estado de oxidación. Número de oxidación e especies que se reducen ou oxidan nunha reacción. - Método do ión-electrón para axustar ecuacións químicas de oxidación-redución. Cálculos estequiométricos e volumetrías redox. - Potencial estándar dun par redox. Espontaneidade de procesos químicos e electroquímicos que impliquen a dous

Contidos

- pares redox.

- Leis de Faraday: relación entre a cantidade de carga eléctrica e as cantidades de substancia producidas nun proceso electroquímico. Cálculos estequiométricos con reaccións que transcorren en cubas electrolíticas.

- Reaccións de oxidación e redución na fabricación e funcionamento de baterías eléctricas, celas electrolíticas e pilas de combustible, así como a prevención da corrosión de metais.

UD	Título da UD	Duración
10	Química do carbono	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Describir os principais procesos de química orgánica que suceden na contorna e as propiedades dos sistemas materiais a partir dos coñecementos, destrezas e actitudes propios das distintas ramas da química.	Describe as principais reaccións químicas que suceden na contorna. Asociado ao contido C4.2.	PE	80
CA4.3 - Utilizar correctamente as normas de nomenclatura da química orgánica da IUPAC como base dunha linguaxe universal para a química que permita unha comunicación efectiva en toda a comunidade científica, aplicando estas normas ao recoñecemento e escritura de fórmulas e nomes de diferentes especies químicas orgánicas.	Utiliza correctamente as normas IUPAC de nomenclatura da química orgánica. Asociado co contido C4.1.		
CA4.6 - Deducir ideas fundamentais doutras disciplinas científicas (por exemplo, a bioloxía ou a tecnoloxía) por medio da relación entre os seus contidos básicos e as leis e teorías que son propias da química orgánica.	Deduce ideas fundamentais doutras disciplinas científicas por medio da relación coas teorías que son propias da química orgánica. Asociado ao contido C4.1.2 (Relacionado coa estereoisomería) e C4.3 (Relacionado con moléculas de interese bioquímico).		
CA4.2 - Relacionar os principios da ciencia química cos principais problemas da actualidade asociados ao desenvolvemento da ciencia e da tecnoloxía, nos que teña relevancia a química orgánica, analizando como se tratan a través dos medios de comunicación ou son observados na experiencia cotiá.	Relaciona os principios da ciencia química con problemas da actualidade. Asociado ao contido C4.3.(Relacionado coas procuras de información referidas no C1.6 entre outras.)	TI	20
CA4.4 - Respetar as normas de seguridade relacionadas coa manipulación de substancias químicas no laboratorio e noutras contornas, así como os procedementos para a correcta xestión e eliminación dos residuos, utilizando correctamente os códigos de comunicación característicos da química orgánica.	Respecta as normas de seguridade relacionadas coa manipulación de substancias químicas, utilizando correctamente os códigos de comunicación característicos da química. Asociado ao contido C4.3.1		
CA4.5 - Representar e visualizar de forma eficiente os conceptos de química orgánica que presenten maiores dificultades utilizando ferramentas dixitais e recursos variados, incluídas experiencias de laboratorio real e virtual.	Representa e visualiza conceptos de química utilizando recursos variados, incluídos modelos moleculares e experiencias de laboratorio real e virtual. Asociado aos contidos C4.1.1, C4.1.2 , C4.2.2 e C4.3.1.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.7 - Solucionar problemas e cuestións que son característicos da química orgánica utilizando as ferramentas provistas polas matemáticas e a tecnoloxía, recoñecendo así a relación entre os fenómenos experimentais e naturais e os conceptos propios desta disciplina.	Soluciona problemas e cuestións que son característicos da química orgánica utilizando ferramentas matemáticas e tecnolóxicas, recoñecendo a relación entre os fenómenos experimentais e os conceptos propios desta disciplina. Asociado ao contido C4.3.1 (Relacionado con prácticas de laboratorio)		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Isomería. - Fórmulas moleculares e desenvoltas de compostos orgánicos. Diferentes tipos de isomería estrutural. - Modelos moleculares ou técnicas de representación 3D de moléculas. Isómeros espaciais dun composto e as súas propiedades. - Reactividade orgánica. - Principais propiedades químicas das distintas funcións orgánicas. Comportamento en disolución ou en reaccións químicas. - Principais tipos de reaccións orgánicas. Produtos da reacción entre compostos orgánicos e as correspondentes ecuacións químicas. - Polímeros. - Proceso de formación de polímeros a partir dos seus correspondentes monómeros. Estrutura e propiedades. - Clasificación dos polímeros segundo a súa natureza, estrutura e composición. Aplicacións, propiedades e riscos ambientais asociados.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía didáctica debe favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e para aplicar os métodos apropiados de investigación, e tamén debe subliñar a relación dos aspectos teóricos das materias coas súas aplicacións prácticas. A metodoloxía que se emprega inspírase na teoría chamada da aprendizaxe significativa, que podíamos definir como unha aprendizaxe non repetitiva, senón unha aprendizaxe onde os novos coñecementos sexan integrados na estrutura cognitiva previa dos alumnos, permitindo establecer vínculos entre o que xa coñece e o que ven de coñecer de novo.

Por tanto:

- Basearémonos nos coñecementos previos do alumnado, que se fará a través dunha avaliación inicial a través de preguntas orais ou por unha proba escrita; para detectar os coñecementos de partida do alumnado.
- Realizaremos actividades motivadoras baseándonos nos intereses do alumnado e contextualizándoas á realidade próxima.
- Para o desenvolvemento dos contidos empregárase o método expositivo: para a presentación do tema ou unidade, para a explicación de conceptos e para a realización de cuestións e exercicios.

Tipos de actividades

- Actividades de inicio: destinadas a avaliar os coñecementos previos. Tamén se utilizará un pequeno vídeo/presentación ao inicio de cada unidade para motivar e introducir ao alumnado no tema.
- Actividades desenvolvemento: propóráselles a realización das actividades que partirán de conceptos simples

que se irán facendo progresivamente máis complexos que aparecen no seu libro de texto e outros para que o alumnado as vaia realizando. Rematada a exposición de contidos dedicaráselle as sesións necesarias para resolvelos.

- Actividades de reforzo/ampliación: crearanse actividades de reforzo co fin de acadar os mínimos esixibles asociados a cada estándar ou ben de ampliación para o alumnado que o necesite.

Tipos de agrupamento

- Traballarase de xeito individual procurando que o alumnado teña unha participación activa na formulación e resolución de cuestións científicas despertando o seu interese pola resolución dos problemas cotiáns.
- Traballarase en pequeno grupo procurando que cada alumno/a colabore e participe en todas as actividades propostas, repartindo equitativamente entre os membros do grupo os traballos rutineiros e os máis atractivos: establecendo así unha dinámica de grupo. Isto ocorrerá sobre todo nas prácticas de laboratorio.

No caso de ser preciso realizar atención educativa non presencial procederase tal como se expón:

- Desenvolvemento das sesións empregando a videoconferencia como ferramenta. Sesións individuais de reforzo ao alumnado que presenta maiores dificultades (poden ser desvoltas en sesións distintas das previstas para a materia nos horarios dos grupos).
- Foro na Aula Virtual: facilitadores da comunicación colectiva.
- Mensaxería na Aula Virtual: facilitadora das comunicacións individuais.
- Entrega de tarefas na Aula Virtual: facilitan o envío dos exercicios propostos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Apuntes teóricos de elaboración propia que estarán dispoñibles no curso correspondente da aula virtual do IES. (Non hai libro de texto oficial).
Outros recursos de elaboración propia que tamén estarán dispoñibles no curso correspondente da aula virtual do IES: vídeos de explicacións, presentacións audiovisuais, exercicios, guións de prácticas.
Recursos online relacionados cos contidos do curso: simulacións, aplicacións interactivas, vídeos, noticias...
Encerado, canón e ordenador na aula e no laboratorio.
Material de laboratorio adecuado ás prácticas deseñadas, reactivos, modelos moleculares,...
Servizo de mensaxería da aula virtual e plataforma de videoconferencias CiscoWebex proporcionada pola Consellería.
Aula de informática.

A maioría do material e dos recursos non precisan descrición. Indicar que estarán ao servizo da aprendizaxe de todo o alumnado seguindo o modelo DUA.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante os primeiros días do mes de setembro, preferiblemente antes do comezo da actividade lectiva, realizarase un rexistro da información relevante sobre o alumnado matriculado na materia:

- Ler informes previos do curso anterior.
- Cualificacións do curso anterior (especialmente na materia de Física e Química de 1º bach).
- Materias pendentes ou en repetición.
- Necesidades educativas especiais ou análogas.
- Outros aspectos de importancia que poidan afectar o proceso de aprendizaxe.

Nos primeiros días lectivos, poderase facer unha proba escrita ou desenvolver algunha tarefa que permita medir o nivel competencial do alumnado conforme aos criterios de avaliación de 1º bach. Prestarase especial atención aos resultados do alumnado de nova incorporación ao centro.

As conclusións extraídas destas valoracións serán tidas en conta para detectar necesidades educativas especiais que non se coñecesen xa, e ser trasladadas ao equipo docente do grupo e o equipo de Orientación. Esta información, xunto coa que no mesmo sentido sexa aportada polo departamento de Orientación (medidas anteriores de atención á diversidade xa aplicadas, repetición de curso, outras circunstancias...) e o resto da xunta de avaliación, empregarase para enfocar o método de traballo nesta fase inicial. En ningún caso esta valoración influirá sobre a cualificación do alumnado.

En calquera caso, durante a primeira sesión de cada unidade didáctica o profesorado avaliará a situación de partida de todo o alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	5	6	11	8	7	11	10	14	14	14
Proba escrita	85	95	95	85	80	85	85	80	80	80
Táboa de indicadores	15	5	5	15	20	15	15	20	20	20

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	84
Táboa de indicadores	16

Criterios de cualificación:

AVALIACIÓN ORDINARIA

1. O curso está dividido en tres avaliacións (trimestres). En cada unha delas, o alumnado deberá facer dúas ou

tres probas escritas, as cales versarán sobre a materia impartida para cada unha delas: teoría, cuestións teóricas e problemas. A puntuación total de cada pregunta só se logrará se esta é contestada correctamente na súa totalidade. Neste sentido unha cuestión deberá estar razoada e un exercicio resolto na súa totalidade, coas fórmulas deducidas cando así o especifique o seu enunciado e os resultados expresados coas unidades oportunas.

2. As probas escritas realizaranse, principalmente, polas tardes fóra do horario lectivo. A duración concreta de cada proba será indicada ao principio da proba. A non asistencia ás probas terá que ser xustificada e documentada convenientemente. Só por motivos de enfermidade ou de forza maior se poderá aprazar individualmente unha proba escrita.

3. No caso de que o alumnado sexa sorprendido copiando, ou empregando procedementos deshonestos en canto á obtención da nota dun exame ou proba, será cualificado cun 0 nese exame ou proba.

4. Para aprobar un exame o alumno debe obter cinco puntos ou máis. Se ten unha nota menor de cinco puntos e non consegue compensar esa nota, terá que ir á recuperación dese exame.

5. Aplicaranse as normas de redondeo matemático só para obter a cualificación que debe figurar no XADE

Cualificación das avaliacións

A cualificación outorgada nas avaliacións calcularase segundo o seguinte criterio:

- O 90% da nota será a media obtida nas probas escritas (os exames) da avaliación.
- O 10% será a cualificación dos traballos que se propoñan, tanto na aula como os traballos/memorias de prácticas do laboratorio. Se non os hai, entón a nota dos exames sería o 100%. Cada vez que o alumno/a corrixa un exercicio de forma voluntaria e ben feito, sumárase 0.1 p

Unha vez sumadas as puntuacións obtidas nos apartados, aplicaranse as normas de redondeo matemático só para obter a cualificación que debe figurar no XADE. Considerarase positiva a cualificación cando, despois de efectuado o redondeo, se obteña unha nota igual ou superior a cinco puntos; e negativa cando sexa inferior a cinco puntos. Non obstante, conservarase a nota real da avaliación cos decimais para posteriores cálculos da nota final de curso.

AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA

A nota final do curso será a media das notas das tres avaliacións, cos decimais, antes de ser redondeadas para o XADE; sempre que se teña en cada unha delas unha nota de cinco puntos ou superior. Tamén se pode aprobar ao final de curso se ten unha avaliación suspensa; pero ao facer a nota media das tres avaliacións cos decimais, se obtén un cinco ou máis dun cinco. Logo aplicaranse as normas de redondeo matemático para obter a cualificación que debe figurar no XADE (numérica do 0 ao 10).

AVALIACIÓN FINAL EXTRAORDINARIA

O alumnado que non supere a materia durante o período ordinario, poderá examinarse nunha proba extraordinaria no mes de xuño na que deberá sacar polo menos un cinco para aprobar. En dita proba entrarán todos os contidos impartidos durante o curso e valorarase de 0 a 10 puntos. Aplicaranse as normas de redondeo matemático só para obter a cualificación que debe figurar no XADE.

Criterios de recuperación:

A materia deste departamento non ten avaliación continua, polo tanto, despois de cada avaliación haberá unha proba de recuperación para aqueles alumnos que non a houbesen aprobado. As datas correspondentes serán nos quince días seguintes despois das notas da 1ª avaliación e nos quince días seguintes despois das notas da 2ª avaliación. Na terceira avaliación non se dispón de tanto tempo para os exames polo que a recuperación será nos derradeiros días lectivos antes da avaliación final ordinaria de maio.

O exame de recuperación valorarase de 0 a 10 puntos. A avaliación estará superada se o alumnado acadada unha nota de 5 ou máis puntos en dito exame. A nota acadada neste exame será a que compute para a media definitiva da avaliación.

Tamén se pode presentar a un exame o alumnado que desexe subir nota nun exame, pero con permiso previo do profesor da materia e tendo en conta que se aplicará o mesmo criterio do parágrafo anterior: a nota acadada será a definitiva dese exame na avaliación.

Rematado o período ordinario, o alumnado que non supere a materia terá dereito a unha proba extraordinaria que se realizará mediante unha proba escrita única, sobre os contidos do curso. Dita proba será nas datas que a tal fin determine a dirección do centro, segundo o calendario escolar. A cualificación desa proba extraordinaria estará composta exclusivamente polo resultado da proba escrita e valorarase de 0 a 10 puntos.

6. Medidas de atención á diversidade

Ao inicio do curso académico, e tras a avaliación inicial, o docente disporá da información necesaria para coñecer as necesidades específicas do seu alumnado e poder adaptar o traballo acordo coas súas necesidades persoais. Así mesmo, poderán xurdir novas necesidades educativas ao longo do curso, ben sexa por novas incorporacións ao centro ou por cambios nas situacións persoais do alumnado sobre as que as/os docentes deberán estar pendentes e en permanente comunicación co titor/a do grupo e o departamento de Orientación.

Por norma, as explicacións son xerais para todo o alumnado pero sempre poden xurdir dúbidas que se responderán de forma precisa e poderán propoñerse exercicios de reforzo e/ou ampliación sobre contidos específicos para o alumnado que atope dificultades. As medidas son as seguintes:

1.- Para aquel alumnado que presente un ritmo de desenvolvemento maior (incluídas altas capacidades) propóñense actividades de ampliación. Serán fundamentalmente actividades de profundización con maior dificultade lóxica, matemática ou grao de abstracción, e presentación de traballos sobre aspectos máis específicos, lecturas complementarias ou experiencias a realizar na casa que impliquen un nivel máis alto de autonomía e creatividade na aplicación do método científico (investigación e extracción de conclusións).

2.- Para o alumnado nos que o rendemento académico é baixo, necesita dunha atención especial:

- Preguntarlle con frecuencia para manter a súa atención. Importante que a/o alumna/o estea sentado diante.
- Revisar os apuntamentos e exercicios que a/o alumna/o vai tomando durante a clase.
- Apoiar as explicacións con presentacións visuais claras.
- Preparar material de traballo adaptado se o necesita.
- Adaptar os tempos nas probas escritas e tarefas se o necesita.
- Adaptar o formato das probas escritas e tarefas: subliñar o máis importante, letra máis grande e espaciada.
- Accesibilidade e cercanía da/o docente. Reforzo positivo do traballo do/a alumno/a.

3.- Para o alumnado repetidor, o profesor do grupo ao que pertenza este alumnado encargárase de efectuar o seu seguimento. Recollerá información sobre el/ela na avaliación inicial, do/a titor/a e tamén a través do profesor/a do curso anterior e, no seu caso, tamén a partir do departamento de orientación. Efectuarase a partir de aí o labor de apoio e seguimento que será retroalimentado ao longo do curso:

- Se o alumnado que repite ten aprobada a nosa materia, consideramos que podería estar desmotivado/a pero ten coñecementos e habilidades suficientes para a superación da mesma.
- Se o alumnado que repite suspendeu a nosa materia, pode ser por falta de motivación e interese, falta de hábitos de traballo, problemas persoais, falta de técnicas de estudo,...

En ambos casos, haberá que transmitirle motivación e ilusión pola materia e, en función das capacidades que poidan advertirse e ad información reportada polo departamento de orientación e a xunta de avaliación, enfocar de forma personalizada a súa traxectoria ao longo do curso. É interesante conseguir un compromiso de traballo pola súa parte, axudarlle a desenvolver actitudes positivas de cara ao estudo e a superación das súas dificultades persoais e académicas e facilitarlle a consulta de dúbidas de xeito individual. En ningún caso se dará traballo extra ao alumnado; fará os mesmos exercicios, problemas e traballos que o alumnado que cursa a materia por primeira vez.

4.- Cando algún alumno/a necesite unha atención educativa diferente á ordinaria, o profesorado desenvolverá medidas extraordinarias e, se fose necesario, levaranse a cabo as adaptacións personalizadas recomendadas polo departamento de orientación e baseadas na labor de profesionais específicos ou servizos de apoio:

- Adaptacións físicas do centro e do entorno (si fosen necesarias).
- Adaptacións curriculares correspondentes, en función de necesidades educativas especiais diagnosticadas (obxectivos, contidos e criterios de avaliación). Neste caso farase un seguimento continuado dos progresos deste alumnado e informarase ao titor/a e ao resto do profesorado que traballe nese grupo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora e expresión escrita, mediante a busca de información (textos, gráficas, táboas) e presentación. Terá especial interese nas prácticas de laboratorio e nos exercicios de argumentación, que seguirán as formas das publicacións científicas. Este elemento está relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA1.1, CA1.2, CA3.4 e CA4.4.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A expresión oral traballarase nas presentacións sobre diferentes temáticas (química e sociedade por exemplo), así como en debates e similares. A súa avaliación precisa o uso dunha rúbrica.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual. Como se indicou no apartado de concrecións metodolóxicas, promoverase o modelo de aula invertida (ou modificacións do mesmo utilizando alternativas ao vídeo en consonancia co DUA). Non só fomentar o uso do vídeo de forma pasiva por parte do alumnado senón tamén como creadores dese tipo de materiais.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital, mediante o uso da aula virtual, a produción de informes ou a presentación de proxectos empregando procesadores de texto e programas de presentación, respectivamente, a busca de información en internet, ou a utilización as aplicacións interactivas. Este elemento está directamente relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA1.1, CA1.2 .	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.5 - Emprendemento, especialmente no deseño de experiencias e proxectos de investigación así como na proposta de hipóteses e a comprobación destas, na proposta de accións de mellora na sociedade, na capacidade de liderado do grupo. Este elemento está directamente relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA1.9 e CA3.8	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico é consubstancial á materia e trabállase na totalidade desta, especialmente nos exercicios de argumentación fronte a distintos enunciados a partir das probas dispoñibles. Este elemento transversal está directamente relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA1.5, CA1.6, CA1.8 e CA4.7	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores, atendendo ao alumnado desde a empatía e a comprensión, fomentando o respecto, chegando a acordos, co cumprimento das normas, deseñando e desenvolvendo protocolos de resolución de conflitos... Está relacionado, entre outros, co seguinte criterio de avaliación: CA1.8 e CA1.9	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero, no día a día mediante o trato igualitario entre os membros da comunidade educativa independentemente do seu xénero e establecendo interaccións coeducativas. A linguaxe será non sexista e coidarase, neste aspecto, a redacción e selección dos textos. Subliñar a contribución das mulleres á ciencia.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.9 - Á creatividade élle de aplicación o indicado para o fomento do espírito crítico e científico e para o emprendemento.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - Comprensión lectora e expresión escrita, mediante a busca de información (textos, gráficas, táboas) e presentación. Terá especial interese nas prácticas de laboratorio e nos exercicios de argumentación, que seguirán as formas das publicacións científicas. Este elemento está relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA1.1, CA1.2, CA3.4 e CA4.4.	X	X
ET.2 - A expresión oral traballarase nas presentacións sobre diferentes temáticas (química e sociedade por exemplo), así como en debates e similares. A súa avaliación precisa o uso dunha rúbrica.	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual. Como se indicou no apartado de concrecións metodolóxicas, promoverase o modelo de aula invertida (ou modificacións do mesmo utilizando alternativas ao vídeo en consonancia co DUA). Non só fomentar o uso do vídeo de forma pasiva por parte do alumnado senón tamén como creadores dese tipo de materiais.	X	X

	UD 9	UD 10
ET.4 - Competencia dixital, mediante o uso da aula virtual, a produción de informes ou a presentación de proxectos empregando procesadores de texto e programas de presentación, respectivamente, a busca de información en internet, ou a utilización as aplicacións interactivas. Este elemento está directamente relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA1.1, CA1.2 .	X	X
ET.5 - Emprendemento, especialmente no deseño de experiencias e proxectos de investigación así como na proposta de hipóteses e a comprobación destas, na proposta de accións de mellora na sociedade, na capacidade de liderado do grupo. Este elemento está directamente relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA1.9 e CA3.8	X	X
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico é consubstancial á materia e trabállase na totalidade desta, especialmente nos exercicios de argumentación fronte a distintos enunciados a partir das probas dispoñibles. Este elemento transversal está directamente relacionado, entre outros, cos seguintes criterios de avaliación: CA1.5, CA1.6, CA1.8 e CA4.7	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores, atendendo ao alumnado desde a empatía e a comprensión, fomentando o respecto, chegando a acordos, co cumprimento das normas, deseñando e desenvolvendo protocolos de resolución de conflitos... Está relacionado, entre outros, co seguinte criterio de avaliación: CA1.8 e CA1.9	X	X

	UD 9	UD 10
ET.8 - Igualdade de xénero, no día a día mediante o trato igualitario entre os membros da comunidade educativa independentemente do seu xénero e establecendo interaccións coeducativas. A linguaxe será non sexista e coidarase, neste aspecto, a redacción e selección dos textos. Subliñar a contribución das mulleres á ciencia.	X	X
ET.9 - Á creatividade élle de aplicación o indicado para o fomento do espírito crítico e científico e para o emprendemento.	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita a unha industria química	Visita a algunha industria local (Picusa, Cortizo, Extrugasa,...)		X	
Charlas divulgativas de carácter científico	Organizar sesións informativas para o alumnado con relatores dedicados á investigación científica (Universidades, institutos de investigación,...)	X	X	X
Día da ciencia en Galicia	Facer algunha demostración de reacción química	X		

Observacións:

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1.- Adecúase o deseño das UD aos elementos recollidos no currículo.
2.- Propóñense actividades útiles para acadar os obxectivos de aprendizaxe.
3.- Axústase temporalmente a programación didáctica ás UD programadas.

4.- Realízase o seguimento da programación didáctica.
5.- Publícase a programación didáctica.
Metodoloxía empregada
6.6.- Emprego instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.
7.- Adecúase o libro de texto aos elementos curriculares.
8.- Realízase a avaliación inicial en cada UD.
9.- Realízanse as explicacións e aténdense as dúbidas
10.- Tense en conta ó alumnado con dificultades sensoriais, cognitivas,...
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
11.- Ofrezco explicacións claras e ordenadas dos contidos da materia.
12.- Os criterios de cualificación son axeitados, están formulados claramente e son coñecidos polo alumnado.
13.- Adecúanse os instrumentos de avaliación indicados.
14.- Analizo os resultados da avaliación cos alumnos e alumnas.
15.- Informo dos logros acadados e dificultades atopadas, propoñendo estratexias de mellora.
16.- Utilízase o laboratorio e a aula virtual
17.- Contribúese ao Proxecto Lector do centro.
18.- Contribúese ao Plan de dixitalización do centro.
19.- Poténciase o uso das TIC na materia.
20.- As aprendizaxes acadadas polos alumnos son altas.
21.- Realízanse as medidas correctoras xurdidas dos procesos de avaliación.
Medidas de atención á diversidade
22.- Fanse as medidas de atención á diversidade dentro da aula.
23. Fanse as adaptacións pertinentes nos exames.
Clima de traballo na aula
24.- As clases expositivas poden facerse sen interrupcións.
25.- O alumnado atende as explicacións do profesorado e traballa; non molesta aos demais compañeiros/as da aula.
26.- Na aula hay un bo ambiente de traballo.
27.- Entrego ao alumnado todo o material avaliable corrixido.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais

28.- Trabállase coordinadamente dentro do departamento e hai coordinación con outros departamentos.

29.- Informo ás familias.

Descrición:

Os indicadores de logro avalíanse como 1 = nunca; 2= poucas veces; 3 = moitas veces; 4 = sempre.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao iniciar o curso revisarase a programación a partir das propostas de mellora recollidas na correspondente memoria do departamento do curso anterior.

O seguimento da programación didáctica será un punto a tratar na reunión mensual do departamento. O resultado de dito seguimento realizarase e actualizarase no apartado correspondente da aplicación Proens por parte do/a profesor/profesora que imparta a materia. Nas reunións de departamento comprobarase o grao de consecución dos obxectivos programados e as dificultades que se poidan atopar, ademais, poderán introducirse medidas correctoras se estas se estiman oportunas.

Algunhas ferramentas a empregar para analizar o grao de cumprimento dos indicadores de logro poden consistir en:

- Diario de aula.
- Estatísticas de resultados.

Serán especialmente importantes as reunións posteriores ás sesións de avaliación (en datas o máis próximas posibles). Nestas reunións farase unha avaliación do éxito da implementación da programación utilizando a información recollida nas sesións de avaliación, ademais da recollida nesta aplicación. Analizarase expresamente o grao de cumprimento das propostas de mellora realizadas con anterioridade. Todas as posibles propostas de mellora reflectiranse na memoria final para introducir as modificacións necesarias na programación do curso seguinte.

Finalizado o curso, tendo en consideración os resultados da avaliación do proceso de ensino e práctica docente, estableceranse as propostas de modificación da programación de cara ao seguinte curso.

9. Outros apartados

1. ANEXOS

1. Memorial final

Dende o departamento analizaranse e valoraranse os resultados obtidos polo alumnado, con propostas de mellora ao final de cada avaliación. Na memoria final incluiremos a valoración do departamento sobre a idoneidade da metodoloxía empregada, así como os materiais curriculares e didácticos empregados. Tamén incluiremos as propostas de mellora sen esquecernos das que corresponden a organización e aproveitamento dos recursos.

2. Rúbricas

Haberá rúbricas que serán públicas e poderán ser consultadas (non sei colocar a táboa neste punto).

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023090	IES Macías o Namorado	Padrón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Relixión católica	2º Bac.	1	29

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	20

1. Introducción

A presente programación adáptase ao ritmo e necesidades do momento evolutivo no que se atopa o alumnado, mantendo a coherencia na secuenciación dos contidos, a metodoloxía e as claves pedagóxicas para a etapa. De acordo co modelo competencial establecido pola LOMLOE, esta programación céntrase no desenvolvemento práctico de habilidades e competencias fundamentais tanto para o progreso persoal do alumnado como para a súa participación activa na sociedade. Todos os elementos que constitúen o proceso de Aprendizaxe competencial intégranse en situacións de aprendizaxe. Estas situacións contextualizadas implican a posta en práctica, de forma integrada, de competencias e saberes, a través dun problema motivador, relevante e significativo.

Os docentes da materia de Relixión Católica propoñemos situacións de aprendizaxe estimulantes, significativas e integradoras, contextualizadas e respectuosas co proceso de desenvolvemento integral do alumnado en todas as súas dimensións. Estas situacións de aprendizaxe terán unha formulación precisa das aprendizaxes esenciais da materia de Relixión Católica que se esperan conseguir. Estas situacións presentarán retos ou problemas cunha complexidade coherente co desenvolvemento do alumnado, cuxa resolución implique a realización de distintas actividades e a mobilización das aprendizaxes que se buscan para a creación dun produto ou a resolución dunha acción; favorecerán a transferencia das aprendizaxes adquiridas na materia de Relixión a contextos da realidade cotiá do alumnado, en función do seu progreso madurativo. Búscase contribuír ao diálogo, ao pensamento creativo e crítico, así como á inclusión, a sustentabilidade e a cidadanía global. As situacións de aprendizaxe na materia de Relixión Católica teñen en conta os centros de interese do alumnado e posibilitan a mobilización coherente e eficaz dos distintos coñecementos, destrezas, actitudes e valores propios desta materia.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender e asumir o proxecto vital persoal, recoñecendo as propias ideas e crenzas, contrastándoas coa antropoloxía cristiá e outras cosmovisións, para inserirse na vida adulta e no mundo profesional.	1-3			1-4	11-12-31-40-50		2-3	31
CA3.5 - Argumentar a orixe dos desequilibrios socioeconómicos de España e Europa analizando os factores de localización das actividades económicas e da poboación nunha sociedade terciarizada.	Elabora unha síntese que recolla as dinámicas demográficas actuais tendo en conta os desequilibrios territoriais no movemento natural da poboación así como a importancia dos movementos migratorios. Contidos fixados polas rúbricas da CIUG.		
CA4.2 - Xustificar a necesidade dos mecanismos de compensación das desigualdades individuais e territoriais identificando os procesos pasados e recentes, así como as súas causas e consecuencias sociolaborais en relación cos procesos produtivos.	Analiza taxas demográficas españolas ou galegas e tira as consecuencias sociolaborais que se poidan derivar deses resultados. Contidos fixados polas rúbricas da CIUG.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Argumentar a orixe dos desequilibrios socioeconómicos de España e Europa analizando os factores de localización das actividades económicas e da poboación nunha sociedade terciarizada, e propoñendo solucións desde un punto de vista sostible.	Elabora, analiza e comenta pirámides de poboación e emprega estas para argumentar como a demografía actual pode influir nos desequilibrios socioeconómicos da actualidade. Propón medidas para atallar o descenso demográfico. Contidos fixados polas rúbricas da CIUG.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A poboación española: análise da súa estrutura e desequilibrios. Interpretación causal de datos, gráficos e mapas: tendencias pasadas, presentes e proxeccións. Vantaxes e inconvenientes dos movementos migratorios; o respecto pola diversidade étnica cultural. O reto demográfico: envellecemento e despoboamento rural. - A economía dixital: impacto da "economía colaborativa" e novos modelos de negocio no contexto global e da Unión Europea.

UD	Título da UD	Duración
7	O espazo rural e as actividades do sector primario	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Argumentar a orixe dos desequilibrios socioeconómicos de España e Europa analizando os factores de localización das actividades económicas e da poboación nunha sociedade terciarizada, e propoñendo solucións desde un punto de vista sostible.	Analiza as transformacións recentes na estrutura agropecuaria española e comenta paisaxes agrarias de España. Comprende o mapa dos espazos pesqueiros e entende a súa importancia para a economía. Define termos e conceptos do sector primario. Contidos fixados polas rúbricas da CIUG.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sector primario. Os espazos rurais. Identificación das paisaxes agrarias. Transformacións das actividades agropecuarias: prácticas sostibles e insostibles. O valor socioambiental e económico dos produtos agroalimentarios e forestais de proximidade: indagación de pegadas ecolóxicas e da estrutura sociolaboral. O exemplo galego. Influencia da actual política agraria común no desenvolvemento rural e na sostibilidade. Estudo de casos: etiquetaxes diferenciadas, ecolóxico etc. - Os recursos mariños e a transformación do litoral: pesca, acuicultura e outros aproveitamentos. Sostibilidade e política pesqueira común. O caso galego. Estudo de casos: marisqueo, pesca de baixura e altura, acuicultura, sobreexplotación de caladoiros etc.

UD	Título da UD	Duración
8	As fontes de enerxía e o espazo industrial	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Argumentar a orixe dos desequilibrios socioeconómicos de España e Europa analizando os factores de localización das actividades económicas e da poboación nunha sociedade terciarizada, e propoñendo solucións desde un punto de vista sostible.	Analiza a situación recente da industria en España Aprende a comentar unha paisaxe industrial e recoñece as principais áreas industriais de España e propón medidas de sostibilidade do sector. Define termos e conceptos relacionados co sector secundario. Contidos fixados polas rúbricas da CIUG.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Sector secundario. Os espazos industriais. Transformacións nas actividades industriais e as paisaxes: materias primas e fontes de enerxía. Avaliación de pegadas ecolóxicas; dependencia e transición enerxéticas; estrutura do tecido industrial, sociolaboral e de emprego indirecto. Impacto da deslocalización sobre sectores da industria española. Estudo de casos: construción, automobilístico, agroalimentario etc. e factores de localización. Espazos industriais e tendencias en Galicia. O debate sobre a influencia das políticas da Unión Europea e a globalización.

UD	Título da UD	Duración
9	O sector servizos	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Valorar a dignidade humana analizando criticamente as consecuencias das nosas accións sobre as condicións laborais e de vida, tanto en España como noutros países, investigando o sistema de relacións económicas globalizadas e os sectores económicos, e expondo solucións razoables.	Comprende a posición de España nun mundo globalizado e apunta algunha medida que axude a mellorar dita situación atendendo á economía ou aos poderes "brandos". Contidos fixados polas rúbricas da CIUG.	PE	100
CA4.1 - Valorar todo impacto da acción antrópica desde o principio de sostibilidade recoñecendo a complexidade sistémica do medio natural e das propias actividades humanas.	Analiza a importancia do turismo na economía española comentando paisaxes turísticas e gráficas sobre as recentes tendencias deste sector. Contidos fixados polas rúbricas da CIUG.		
CA4.3 - Argumentar a orixe dos desequilibrios socioeconómicos de España e Europa analizando os factores de localización das actividades económicas e da poboación nunha sociedade terciarizada, e propoñendo solucións desde un punto de vista sostible.	Analiza como a sociedade e a economía española se foi terciarizando a través da definición de termos e conceptos deste tema e propón algunhas solucións dende o marco da sostibilidade. Contidos fixados polas rúbricas da CIUG.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- España: localización e situación xeográfica no mundo a través de mapas de relevo, bioclimáticos e políticos. Posición relativa de España no mundo en diferentes indicadores socioeconómicos. A situación periférica de Galicia. Xeoposicionamento e dispositivos móbiles.
- Sector terciario. Os espazos terciarizados. O modelo de economía circular e os servizos: relacións entre produción, distribución e venda. Análise crítica de pegadas ecolóxicas, estrutura sociolaboral, responsabilidade social corporativa e dos consumidores. Estudo de casos: competitividade e desequilibrios en transporte, comercio, turismo, servizos esenciais etc. e factores de localización. Modelos insostibles de servizos e alternativas. Modelos de ocupación dominante en Galicia.
- A economía dixital: impacto da "economía colaborativa" e novos modelos de negocio no contexto global e da Unión Europea.

UD	Título da UD	Duración
10	O espazo urbano	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Xustificar a necesidade dos mecanismos de compensación das desigualdades individuais e territoriais identificando os procesos pasados e recentes, así como as súas causas e consecuencias sociolaborais e demográficas.	Elabora un informe que recolla as transformacións recentes na estrutura das cidades en España empregando fontes gráficas de paisaxes urbanas e comenta os planos das cidades de Madrid e Barcelona. Define termos e conceptos do espazo urbano. Contidos fixados polas rúbricas da CIUG.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Os espazos urbanos en España: as grandes concentracións urbanas nun contexto europeo e mundial. Funcións da cidade e relacións de interdependencia co territorio. Estrutura urbana a través dos planos: repercusións sobre as formas de vida e os impactos ambientais. A especificidade de Galicia: o papel das vilas. Modelos de cidades sostibles. O uso do espazo público. A mobilidade segura, saudable e sostible.

UD	Título da UD	Duración
11	Formas de organización territorial	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Empregar a escala apropiada para localizar ou representar con apoio das TIC, calquera fenómeno físico ou humano xustificando os métodos e datos elixidos e a delimitación de rexións ou categorías de análises, así como de áreas de transición.	Elabora, co apoio das TIC, o mapa das provincias e das Comunidades Autónomas coas súas capitais. Define termos e conceptos relacionados coa organización territorial de España. Contidos fixados polas rúbricas da CIUG.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Organización administrativa de España. O estudo dos desequilibrios territoriais nacionais e autonómicos. Utilidade do Atlas Nacional de España e dos indicadores socioeconómicos oficiais. Xestión e ordenación do territorio: o debate sobre as políticas de cohesión e desenvolvemento rexional. Ordenación territorial en Galicia. Situación actual e proxeccións do estado do benestar.

UD	Título da UD	Duración
12	España en Europa e no mundo	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Valorar a dignidade humana analizando criticamente as consecuencias das nosas accións sobre as condicións laborais e de vida, tanto en España como noutros países, investigando o sistema de relacións económicas globalizadas e os sectores económicos, e expondo solucións razoables.	Analiza o papel de España no escenario xeopolítico mundial actual presentando importancia ao seu contexto europeo. Contidos fixados polas rúbricas da CIUG.	PE	100
CA3.5 - Argumentar a orixe dos desequilibrios socioeconómicos de España e Europa analizando os factores de localización das actividades económicas e da poboación nunha sociedade terciarizada.	Define conceptos como o desenvolvemento sustentable ou o movementos antiglobalización para entender a súa importancia nunha sociedade cada vez máis terciarizada. Contidos fixados polas rúbricas da CIUG.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- España no mundo. España ante a globalización: ameazas e oportunidades. Contexto xeopolítico mundial e participación en organismos internacionais. Cooperación internacional e misións no exterior. Diagnóstico dos compromisos cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Galicia no contexto mundial.
- España en Europa: localización de países e aspectos naturais. A Unión Europea na actualidade: a súa influencia en situacións cotiás. Análise de desequilibrios territoriais e políticas de cohesión a través do uso de mapas e de indicadores socioeconómicos. A posición de Galicia no contexto europeo.
- A poboación española: análise da súa estrutura e desequilibrios. Interpretación causal de datos, gráficos e mapas: tendencias pasadas, presentes e proxeccións. Vantaxes e inconvenientes dos movementos migratorios; o respecto pola diversidade étnica cultural. O reto demográfico: envellecemento e despoboamento rural.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía didáctica neste etapa será nomeadamente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos/as os/as alumnos/as e máis unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén.

Coa finalidade de promover a comprensión de lectura e de uso da información, dedicárase un tempo á lectura na práctica docente.

Promoverase a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para isto, aproveitaranse as posibilidades que ofrecen as metodoloxías de proxectos, entre outras, así como os recursos e as actividades da biblioteca escolar.

O tratamento metodolóxico da materia débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe que teñan en conta a atención á diversidade. A Xeografía permite desenvolver metodoloxías activas nas que, como xa se citou, o traballo individual e cooperativo estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais, integrando de xeito especial as tecnoloxías da información e da comunicación.

En segundo de bacharelato terase en conta o carácter propedéutico da preparación das probas ABAU para deseñar os instrumentos de avaliación.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

BACHARELATO

Segundo o costume no centro non se fixan libros de texto en Bacharelato, sen prexuízo de que o docente poda (informando ao alumnado) fixar algún tipo de material ou manual a comezos do curso. En Xeografía neste curso serán apuntamentos elaborados polo docente e publicados na aula virtual xunto a materiais facilitados pola propia CIUG que serán fundamentais para a preparación da ABAU.

Outros materiais que se empregarán son: mapas, diapositivas, documentais, fragmentos de películas, libros de consulta, prensa escrita. Medios audiovisuais; vídeo, DVD, Canon de vídeo, internet (youtube ou páxinas web seleccionadas), aulas multimedia etc.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso realizarase unha proba diagnóstica inicial co fin de detectar o nivel de competencia e a capacidade dos/das alumnos e alumnas. Así mesmo permitirá valorar as diferenzas académicas do alumnado para, en consecuencia, poder establecer as medidas oportunas para atender á diversidade que nos atopamos na aula. Dita avaliación inicial consistirá en exercicios orais e escritos de diferente índole.

Por unha banda, pódese realizar unha proba escrita (de preguntas, de completar textos, de relacionar, de ordenar, etc.) na que se avaliarán contidos xeográficos; pola outra banda, desenvolverase unha avaliación máis aberta e expositiva sobre diversos temas curriculares que permita coñecer as destrezas orais. Así mesmo é recomendable unha proba diagnóstica, oral en boa parte das ocasións, ao comezo de cada Unidade Didáctica coa finalidade de saber os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai abordar para, a partir deles, seguir construíndo os seus saberes. Dita proba inicial realizarase axustándose a cada unidade, pero en liñas xerais consistirá na elaboración de cuestionarios, test, enunciados de verdadeiro falso, tormenta de ideas, entrevistas, asembleas, redaccións, visualización comentada de pequenos audiovisuais, pescudas....

Outra das vantaxes da avaliación inicial é a de ofrecer información sobre a predisposición do alumnado cara o tema que se vai a traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente. Ademais dá pé a definir a didáctica e a metodoloxía para abordar a unidade. Outro aspecto importante destas probas diagnósticas é que permiten detectar as confusións e incorreccións que os estudantes teñen sobre os contidos a tratar e que van precisar aclaración e rectificación, sendo idóneo plantexarlles que sexan eles/elas mesmos/as os que, por medio de pescudas, cheguen ás conclusións exactas. Por último, puntualizar que estas probas iniciais non teñen por que se valoradas numericamente xa que non entran no cómputo de cálculo da cualificación do alumnado. É moi importante prestar atención á AVALIACIÓN INICIAL e ademais do dito anteriormente, este Departamento ten establecido un protocolo a seguir.

Entendemos a avaliación como unha ferramenta de mellora do rendemento e formación do alumnado e da metodoloxía, tácticas didácticas, actividades, etc... polo que avaliamos tanto o proceso de aprendizaxe como o proceso de ensino. Comezado o curso celebrárase a avaliación inicial que resulta fundamental para axustar as medidas necesarias en función das carencias do alumnado. Estará coordinada pola xefatura de estudos e participará o equipo docente xunto coa orientadora do centro. No deseño da avaliación inicial teranse en conta os seguintes aspectos:

- 1.- Características do alumno ou alumna en canto a: actitude, motivación, intereses, habilidades sociais, autoconcepto.
- 2.- Entorno socio-familiar: datos destacables que poidan influir no proceso de ensinanza aprendizaxe.
- 3.- Contexto educativo incidindo en dous aspectos: aula e dinámica grupal na que vai desenvolver a aprendizaxe do alumno ou alumna e a súa historia escolar.
- 4.- Competencia curricular nas áreas instrumentais (comprensión lectora, comprensión escrita, resolución de problemas) e coñecemento e procedementos básicos de Xeografía.

Podemos empregar múltiples instrumentos: probas escritas, observación na aula os primeiros días de clase polo profesorado, entrevistas, informes de orientación, os propios informes individualizados do alumnado, a análise de produción do alumno e alumna (resumos, traballos, probas, caderno de clase, etc). Este coñecemento das características básicas do alumnado vai permitir tomar unha serie de decisións a adoptar relativas a:

- a) Planificar e programar as actividades docentes.
- b) Tomar medidas de atención á diversidade na aula.
- c) Escoller metodoloxías e estratexias didácticas e pedagóxicas a empregar.
- d) Orientar a organización da aula, das actividades a desenvolver; en síntese da propia programación.

Con carácter xeral:

- Repaso selectivo da materia de xeografía de cursos anteriores durante varias sesións lectivas
- Medidas de reforzo ou intervención máis permanentes, de ser o caso, e tras o informe correspondente do Departamento de Orientación, con alumnado con necesidades específicas de apoio.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	5	10	10	10	5	10	10	10	10	10
Proba escrita	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	5	100
Proba escrita	100	100	100

Criterios de cualificación:

Instrumentos de avaliación

No Departamento de Xeografía e Historia, os instrumentos de avaliación empregados polo docente poderán ser:

- Probas escritas, atendendo aos contidos estudados. Neles será preciso acadar os niveis mínimos considerados polo docente. O alumno que empregue medios ilícitos na realización das probas escritas será puntuado con un 0 nesa proba.
- Presentación de sínteses e comentarios, realización de traballos, individuais ou en grupo, voluntarios ou obrigatorios, e/ou informes sobre visitas a exposicións ou lugares de interese.
- O caderno do alumno/a, no que se reflectirá cada un dos temas estudados a través de: notas recollidas na clase, esquemas dos contidos, utilización dun vocabulario específico, realización dos exercicios e actividades propostos na clase.
- De cando en vez, o profesor/a revisará o caderno e valorará cando menos: a continuidade no traballo, a corrección dos contidos, a presentación e a autocorrección por parte do alumno/a, segundo a posta en común realizada na aula.
- Tamén poderán ser tidas en conta as intervencións na aula: preguntas, opinións, respostas correctas, participación en debates....

- Por outra banda, con carácter xeral, deberase avaliar:
 - A utilización dun vocabulario específico das Ciencias Sociais.
 - A claridade, precisión e rigor no uso da lingua.
 - A presentación correcta en traballos, caderno, exames...

Criterios de cualificación no Bacharelato

A cualificación de cada trimestre será o resultado da suma das cualificacións obtidas polo alumno nos seguintes apartados, de acordo coa ponderación proposta para cada un deles:

Instrumentos de avaliación:

a) Probas escritas (exames) cada proba valorarase de 0 a 10 puntos. A nota de este apartado será unha media das cualificacións obtidas nas distintas probas.

Ponderación: 90%.

b) Actividades (exercicios realizados na aula ou no domicilio) e/ou o caderno de clase. O caderno de clase ou cada exercicio valorarase de 0 a 10 puntos. A nota de este apartado será unha media das cualificacións obtidas no caderno de clase e en cada un dos exercicios nos que se terá en conta aspectos: presentación, redacción, contidos e ortografía.

Ponderación: 10%.

A valoración de cada proba do (apartado a) farase de acordo cos criterios de cualificación e puntuación que se establecerán ao inicio de cada unha.

A valoración do apartado b realizarase con rúbricas que inclúan cando menos: presentación, redacción e contidos.

Do mesmo xeito, na valoración do caderno de clase teranse en conta: presentación, redacción, posta ao día (o caderno poderá ser revisado polo profesor en calquera momento) e contidos.

Cualificacións das avaliacións trimestrais en 2º de Bacharelato

Haberá tres sesións de avaliacións parciais ao longo do curso. As cualificacións trimestrais serán a media ponderada dos distintos instrumentos de avaliación citados no apartado anterior. Os resultados da avaliación das materias expresaranse mediante cualificacións numéricas de cero a dez e consideraranse cualificacións negativas as cualificacións inferiores a cinco.

De conformidade co establecido na normativa vixente, as cualificacións de cada avaliación consignaranse na acta e no boletín correspondentes cunha cualificación numérica na escala do 1 ao 10, sen cifras decimais.

A cualificación trimestral redondearase (só aos efectos de superación da materia) nas cualificacións insuficientes, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é 4,5 ou superior e ao anterior nos restantes casos. Así, a unha cualificación trimestral de 4,5 corresponderalle 5 (SU) na cualificación da avaliación; a unha cualificación trimestral de 4,4 corresponderalle unha cualificación na avaliación de 4 (IN).

Teranse en conta os diferentes aspectos reseñados anteriormente (probas escritas,

caderno....). Ao ser a avaliación continua e contemplar múltiples aspectos, a recuperación da parte/partes avaliadas negativamente farase no transcurso do curso escolar; se ben en cumprimento do disposto na Orde do 25 de xaneiro de 2022 polo que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia: a avaliación parcial terceira pode coincidir coa

avaliación final do periodo ordinario.

Cualificación da avaliación final do periodo ordinario

Respecto aos criterios para determinar a cualificación final e conforme ás modificacións da Orde do 25 de xaneiro de 2022 polo que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia:

-Avaliación final do periodo ordinario (no mes de xuño). A cualificación final será a nota media das tres avaliacións trimestrais. Só a efectos de superación da materia se practicará o redondeo dende os 4,5 puntos, pero este redondeo non será de aplicación a outras cualificacións distintas do 4,5. Considerarase superada a materia cando, logo de efectuado o redondeo establecido no apartado anterior, se obteña unha puntuación, igual ou superior a 5 puntos. O docente poderá, se o considera, calcular esta nota empregando os decimais que o alumno obtivera na media ponderada de cada trimestre.

Con carácter xeral, para superar a materia requirírase a superación das tres avaliacións. No obstante, pode superarse a materia cunha avaliación suspensa sempre que a cualificación desta sexa de 4 puntos e a nota media das tres avaliacións sexa igual ou superior a 5 puntos unha vez aplicado o redondeo previsto no apartado anterior.

- O alumno que non superara a materia porque a nota media das tres avaliacións non é igual ou superior a 5 puntos, disporá no periodo abranguido entre a realización da avaliación final ordinaria, e ata as datas de celebración das probas extraordinarias de actividades de apoio, reforzo e recuperación nas sesións de docencia, de cara á realización das probas extraordinarias.

Esta proba ou probas versarán sobre as avaliacións parciais (1a, 2a ou 3a) non superadas polo alumno, e se poderán xuntar nunha proba única se é o caso, atendendo aos mínimos esixibles fixados polo docente.

- O alumnado que, finalizados os periodos de avaliación final do periodo ordinario, obteña unha cualificación suficiente para superar a materia, adicará o tempo entre avaliación final ordinaria e a avaliación final extraordinaria á preparación da avaliación de acceso á universidade.

Criterios de recuperación:

O alumno que, na avaliación, obteña unha cualificación de 1, 2, 3 ou 4 puntos, deberá realizar a correspondente proba de recuperación.

As probas de recuperación terán preferentemente lugar nos primeiros días do seguinte trimestre ou cando o docente considere. Se é preciso realizar unha recuperación da 3ª avaliación porque o alumno non acadou unha cualificación suficiente para superar a materia, a recuperación realizarase no momento da proba extraordinaria prevista.

Cualificación da avaliación final do periodo ordinario.

Respecto aos criterios para determinar a cualificación final e conforme ás modificacións da Orde do 25 de xaneiro de 2022 polo que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de

Galicia:

-Avaliación final do periodo ordinario (no mes de xuño). A cualificación final será a nota media das tres avaliacións trimestrais. Só a efectos de superación da materia se practicará o redondeo dende os 4,5 puntos, pero este redondeo non será de aplicación a outras cualificacións distintas do 4,5. Considerarase superada a materia cando, logo de efectuado o redondeo establecido no apartado anterior, se obteña unha puntuación, igual ou superior a 5 puntos. O docente poderá, se o considera, calcular esta nota empregando os decimais que o alumno obtivera na media ponderada de cada trimestre.

Con carácter xeral, para superar a materia requirírase a superación das tres avaliacións. No obstante, pode superarse a materia cunha avaliación suspensa sempre que a cualificación desta sexa de 4 puntos e a nota media das tres avaliacións sexa igual ou superior a 5 puntos unha vez aplicado o redondeo previsto no apartado anterior.

- O alumno que non superara a materia porque a nota media das tres avaliacións non é igual ou superior a 5 puntos, disporá no periodo abranguido entre a realización da avaliación final ordinaria, e ata as datas de celebración das probas extraordinarias de actividades de apoio, reforzo e recuperación nas sesións de docencia, de cara á realización das probas extraordinarias.

Esta proba ou probas versarán sobre as avaliacións parciais (1ª, 2ª ou 3ª) non superadas polo alumno, e se poderán xuntar nunha proba única se é o caso, atendendo aos mínimos esixibles fixados polo docente.

- O alumnado que, finalizados os periodos de avaliación final do periodo ordinario, obteña unha cualificación suficiente para superar a materia, adicará o tempo entre avaliación final ordinaria e a avaliación final extraordinaria á preparación da avaliación de acceso á universidade.

6. Medidas de atención á diversidade

Débase ter en conta que o tratamento que se concede á atención a diversidade na etapa de Bacharelato presenta unhas características diferentes que o concedido na Educación Secundaria Obrigatoria. Desta forma, neste nivel educativo e nesta materia específica, a diversidade fai referencia á necesidade de ser atendidas adaptacións de acceso, medidas concretas de material, sen chegar en ningún caso a tomar medidas curriculares significativas.

Este nivel educativo, ten como obxectivo ofrecer unha capacidade dunha cultura común, pero resaltando as

peculiaridades do alumno, de acordo coas súas capacidades, motivacións e intereses; nese sentido, as profesoras de estes cursos adoptarán unha metodoloxía que favoreza a aprendizaxe de todo o alumnado na súa diversidade. Por iso propóranse actividades abertas, para que o alumno ou alumna realíceas segundo as súas posibilidades, cunha gradación de dificultade en cada unidade didáctica, e organizáranse as aprendizaxes mediante proxectos motivadores que, á súa vez, axuden a relacionar e aplicar coñecementos.

Os contidos dos libros de texto veñen complementados con actividades moi diversas. Deste modo, o profesor elixirá aquelas estratexias de ensino- aprendizaxe adaptadas ao nivel do grupo-clase.

Outras medidas de atención á diversidade na ESO xa non dependen directamente do noso departamento, senón do equipo directivo ou do Departamento de Orientación segundo as directrices enviadas na Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa mediante as cales se regulan as medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria.

Tomaremos en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe que desenvolva cada alumno de modo particular, a súa actividade intelectual, o seu nivel de coñecementos sobre a materia que abordaremos, así como o alumnado que polas súas características físicas, sensoriais ou doutro carácter (alumnado procedente doutros países con idioma diferente ou cun baixo nivel de coñecemento) non poida seguir da mesma forma o currículo.

Para facilitar a atención á diversidade tomaranse en conta as seguintes medidas:

1. Desdobrar o grupo segundo as actividades que se planifiquen e se as condicións permíteno.
2. Reforzar os contidos (pois, por distintas razóns, determinado alumnado atopa maiores dificultades das habituais na súa aprendizaxe).
3. Propiciar a indagación e a investigación (axustando o grao de complexidade das mesmas).
4. Realizar ampliacións dalgúns contidos ou temas para certos alumnos que así o requiran (propiciando así a análise).
5. Estimular a motivación do alumnado.
6. Adaptar a complexidade dos contidos fundamentais para traballar con esixencias distintas.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívico-social	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación ambiental	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a igualdade						X		
ET.4 - Emprendemento								
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sustentable					X		X	X
ET.7 - Educación para a paz						X		
ET.8 - Educación para o consumidor				X			X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Educación cívico-social	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.2 - Educacion ambiental	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a igualdade				X
ET.4 - Emprendemento	X			
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sustentable	X	X		X
ET.7 - Educación para a paz			X	X
ET.8 - Educación para o consumidor	X			

Observacións:

As materias do departamento de ciencias sociais son susceptible de vincularse con moitos temas transversais que leven á reflexión crítica e á educación en valores, sobre todo a través do traballo habitual na clase, a valoración do papel desempeñado polos gobernos nos diferentes períodos da historia da sociedade, o papel da muller no ámbito político ou cultural, ou en xeografía, con temas como o coidado do medio ambiente, a sustentabilidade, a acción antrópica na paisaxe natural. A variedade de contidos dos textos xornalísticos, por exemplo, permite a reflexión sobre case todos os temas transversais da actualidade podendo ver a permanencia o a evolución no tempo.

- Educación para a paz

Pode considerarse este contido transversal a partir da análise da propia historia universal e de España de todos os tempos, mesmo dos textos xornalísticos actuais e a partir dos cales farase fincapé na importancia de considerar os códigos ideolóxicos, relixiosos e políticos, territoriais dos feitos que son noticia para unha comprensión cabal da mensaxe, na que se inclúan as distintas visións do mundo que existiron e que aínda perduran na actualidade. Por exemplo, as terribles circunstancias da Guerra Civil e as súas dramáticas consecuencias que tan terriblemente afectaron á poboación.: a morte e o exilio de moitos españois, a pobreza, a violencia, a censura e o control dos cidadáns.

- Educación moral e cívica

A análise do discurso propicia a percepción de trazos culturais e ideolóxicos presentes nos textos, sobre todo, a partir dos elementos de subxetividade. O traballo con textos para adquirir coñecemento da orixe, formación e expansión de diferentes ideoloxías políticas e relixiosas existentes e fomentar a tolerancia e o respecto. Debemos ter en conta que nas aulas do noso instituto será cada vez máis frecuente a presenza de alumnos de outras realidades culturais, lingüísticas, relixiosas. A lectura e a interpretación de moitos textos históricos e de diferentes etapas históricas axudan a reflexionar sobre o valor fundamental da vida, a paz, a concordia e a xustiza, desde as diferentes visións do mundo.

Moitas veces obsérvanse problemas sociais e morais, non moi diferentes dos que se producen na sociedade actual (intolerancia, persecucións, corrupción, falseamento, ambición pola posesión de outros espazos territoriais, polo diñeiro e o poder, analfabetismo, violencia,), o cal permitiranos a reflexión crítica sobre a conduta dos personaxes e as situacións polas que atravesan e a súa relación co mundo real.

- Educación do consumidor

Aínda que este tema transversal podería ser analizado desde as diferentes áreas das ciencias sociais, é na disciplina da xeografía onde mellor poderá ser tratado e apreciar como a sociedade transformouse dende una sociedade autosuficiente a unha partírase dunha análise a persuasión, a sedución e os mecanismos da manipulación empregados pola publicidade, como instrumento básico para aumentar o nivel de vendas dos produtos das empresas que os publicitan.

Demostrar cómo a demanda eleva a oferta se eses produtos anúncianse, a que hora se anuncian e en que medios. Debe facerse fincapé en que o obxectivo final do discurso publicitario é fomentar o consumo do produto ou servizo ofertado, polo que non escatima en medios para conseguilo, desde a realización de estudos psicolóxicos (que indagan nas apatencias e desexos inconscientes dos consumidores) e sociolóxicos (valores sociais que conveñen exaltar), ata o recurso da publicidade encuberta ou subliminar, cada vez máis utilizada no cine e a televisión. O coñecemento destes feitos permitirá ao alumnado detectar a intencionalidade enganosa, adoptar unha actitude crítica e consumir dun xeito responsable.

Verase especialmente o poder dos medios de comunicación, tanto na información xeral coma no ámbito do consumo.

- Educación para a igualdade de oportunidades de ambos os sexos

Pódese abordar este contido transversal partindo directamente da lectura dos artigos 10 e 14 da Lei Orgánica 1/2004, dado que neles protéxense os dereitos da muller e salvagardan a igualdade entre home e muller no ámbito da publicidade e dos medios da comunicación. Tamén se pode utilizar o anuncio institucional do Ministerio de Igualdade sobre, os maltratadores. A análise dos contidos da prensa e dos medios de comunicación e, sobre todo, das páxinas de contacto dalgúns xornais, servirá para tratar simultaneamente o tema da explotación da muller como obxecto sexual e o tema da educación moral e cívica.

Por outra banda, a historia conta con una longa traxectoria onde poder analizar que o papel da muller estaba relegado ao ámbito doméstico, que a súa consideración social era reducida, que estivo suxeita as convencións políticas ou relixiosas,

- Educación ambiental

En Xeografía dedícanse sempre uns temas especiais, polo que case non debería considerárselle tema transversal. Forma parte dos nosos currículos, pero o que si podería incluílo nun tema transversal fora o análise dos comportamentos do día a día no aula (limpeza, reciclaxe dos materiais utilizados, ruído).

- Educación sexual

O noso alumnado non carecen de información relacionada con este tema, polo que non é información o que máis

necesitan, senón educación. Pódense aproveitar algúns dos textos xornalísticos utilizados para a análise da, igualdade de oportunidades para ambos os sexos, os textos literarios, debates e coloquios, televisivos ou preparados polos propio alumnado,, que poden servir como punto de partida para traballar este tema. En moitas deses textos móstranse as consecuencias da ignorancia sexual, comportamentos abusivos, de explotación e malos tratos, hábitos pouco saudables en relación co sexo,

- Educación para a saúde

Este tema pódese tratar, en moitas ocasións, de forma paralela ao anterior e a partir do, mesmo tipo de textos. Engadiríase o tema das drogas e o do alcoholismo.

- Educación para o coidado e protección do patrimonio artístico e cultural.

O coidado e preservación do noso patrimonio cultural e natural debe ser unha prioridade para calquera sociedade. As identidades locais e rexionais constitúense e reforzan a través dos símbolos, figuras representativas, tradicións que serven de elementos referenciais fundamentais para a conservación do noso patrimonio. A destrución do noso patrimonio vai xerar polo tanto unha falta de identidade.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a exposicións e museos	visita a calquera exposición de interese xeográfico planificada ou que poida xurdir.	X	X	X
Saídas didácticas referidas a temas xeográficos	Roteiros xeolóxicos ou percorridos por algún espazo urbano para aplicar os coñecementos adquiridos.	X	X	X

Observacións:

Durante o curso participárase nas actividades proposta polos departamentos de normalización lingüística e da Biblioteca. Ademais das diferentes propostas dentro do departamento que poidan xurdir.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Planifica leccións, ensina e avalía: 1 Insuficientemente; 2 Suficientemente; 3 Ben; 4 Notablemente; 5 Excelente
Metodoloxía empregada
Demostra coñecemento da materia: 1 Insuficientemente; 2 Suficientemente; 3 Ben; 4 Notablemente; 5 Excelente
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Aproveita os recursos: NUNCA - ÁS VECES - CASE SEMPRE - SEMPRE
Medidas de atención á diversidade
Crea ambiente de aprendizaxe e aplica as medidas de atención á diversidade: 1 Insuficiente; 2 Suficiente; 3 Ben; 4 Notablemente; 5 Excelente
Clima de traballo na aula
Emprega variedade de recursos: 1 Insuficiente; 2 Suficiente; 3 Ben; 4 Notablemente; 5 Excelente

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
NUNCA - ÁS VECES - CASE SEMPRE - SEMPRE
Outros
É ordenado nas explicacións: NUNCA - ÁS VECES - CASE SEMPRE - SEMPRE

Descrición:

O profesorado debe someterse á avaliación do seu proceso de ensino e práctica docente.

- En canto á práctica docente, esta realizarase por medio de enquisas e rúbricas que conteñen unha escala de valoración e que xiran entorno a "sabe", "sabe ser", "sabe facer que" e "sabe como facer", é dicir, sobre coñecementos, motivación, metodoloxía, avaliación, puntualidade e xestión da aula.

- Este cuestionario será proporcionado ao alumnado ao final de cada avaliación ou ao remate do curso. O balance dos resultados vai permitir reconsiderar determinadas actuacións e reformular a programación e a metodoloxía.

- Igual de importante é avaliar o proceso do ensino para o cal dispónse dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala de 1 a 10. O cuestionario versa sobre a programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación). Sobre o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..) e sobre a avaliación (se houbo avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación xustos...).

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

É un elemento central da práctica educativa, ao permitírnos coñecer o grao en que os estudantes van adquirindo as aprendizaxes, e permite mellorar, revisar e adaptar os contidos, metodoloxía e procedementos de aprendizaxe. Ademais, pon de manifesto a adecuación dos recursos e denota as insuficiencias.

Propoñemos os seguintes procedementos e instrumentos, co fin de levar a cabo un balance orientativo da acción docente, e o departamento establecerá uns indicadores de logro que se empregarán como referencia.:

- Realizar reunións periódicas para expor as dificultades, aportar materiais apropiados e intercambiar experiencias.
- Reflexionar sobre os resultados das avaliacións e sacar conclusións para rectificar e reaxustar a programación.
- Consultar aos alumnos/as, mediante un cuestionario ou dialogando, sobre as súas dificultades de aprendizaxe, para comprobar se a programación se adecúa ás súas necesidades.
- Elaborar un balance a final de curso a fin de analizar criticamente a intervención educativa e tomar decisións cara o futuro.

Debemos recordar que, como xa sinalamos, haberá tres sesións de avaliación ao longo do curso. Teranse en conta os diferentes aspectos reseñados anteriormente (probos escritos, caderno, asistencia,

Ao ser a avaliación continua e contemplar múltiples aspectos, a recuperación da parte/partes avaliadas negativamente farase no transcurso do curso escolar; se ben, poden establecerse tres momentos-clave para comprobar se os alumnos/as recuperaron aqueles aspectos avaliados negativamente, estes serán posteriores a cada avaliación.

9. Outros apartados